



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 52

**Sesión Plenaria**  
5 de decembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (Continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.3 17116 (10/PNP-001292)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

#### **4.4 19337 (10/PNP-001427)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

#### **4.5 19688 (10/PNP-001460)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca, das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

#### **4.7 20317 (10/PNP-001509)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

#### **4.8 20338 (10/PNP-001511)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

## **Punto 5. Interpelacións**

### **5.1 15066 (10/INT-000544)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación co dereito a unha vivenda digna

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

### **5.2 20052 (10/INT-000661)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre o funcionamento da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

### **5.3 20233 (10/INT-000669)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

## **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **6.1 20739 (10/POPX-000061)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a estratexia que vai impulsar o Goberno galego para enfrontar a incidencia das decisións do Goberno central para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

### **6.2 20763 (10/POPX-000062)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do esforzo do Goberno central en relación co impulso das infraestruturas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

### **6.3 20831 (10/POPX-000063)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns do resultado da política de infraestruturas de transporte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

### **7.1 18638 (10/POP-002246)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre o grao de desenvolvemento actual do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.2 20175 (10/POP-002399)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas declaracións do fiscal delegado de Medio Ambiente respecto dos lumes declarados en Galicia a mediados de outubro de 2017  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

**7.3 20750 (10/PUP-000122)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a proposta do Goberno galego para que Galicia non saia perdendo na negociación do novo modelo de financiamento autonómico  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.4 19895 (10/POP-002375)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**7.5 20781 (10/PUP-000123)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante da situación da falla de auga que está a vivir a área metropolitana de Vigo  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.6 20808 (10/PUP-000124)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación de seca na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, indicando as medidas adoptadas ao respecto en coordinación cos concellos  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.7 18713 (10/POP-002254)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co barrio da Tinería, de Lugo  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

**7.8 19836 (10/POP-002364)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal do Salnés desde a entrada en funcionamento do sistema de Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, EOXI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

**7.9 20829 (10/PUP-000125)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva e 2 deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito á saúde dos veciños afectados pola contaminación por lindano existente no concello do Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

**7.10 19088 (10/POP-002281)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha do programa Reconduce como instrumento de prevención e abordaxe das situacións das persoas e familias en risco grave de desafiuzamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 200, do 25.10.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia xustificada das tres deputadas que forman parte do Intergrupo Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí e tamén do Sr. Fernández Fernández (S). (Páx.13.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia que vai impulsar o Goberno galego para afrontar a incidencia das decisións do Goberno central para Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 15.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto do esforzo do Goberno central en relación co impulso das infraestruturas en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 19.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)*

*Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 22.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do resultado da política de infraestruturas de transporte da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 25.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 26.)*

*Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 27.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 29.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 31.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 34.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 36.)  
e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 38.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 40.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e á aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 42.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 45.)  
e *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 46.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 48.),

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 50.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca e das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 51.)  
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 54.), *Sr. Pérez Seco (S)* e *Sr. Gómez Salgado (P)*. (Páx. 55.)

*Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 59.)

*O señor presidente comunica unha suspensión da sesión para asistir ao acto en memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo.* (Páx. 60.)

*Suspéndese a sesión ás doce e trinta e tres minutos do mediodía e retómase á unha e nove minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei.* (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 67.) e *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 69.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 72.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 78.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* e *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 79.)

*Nova intervención do señor Villares Naveira (EM).* (Páx. 83.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

*A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para dar lectura ao resultado da transacción sobre a proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación dos puntos 3 e 6 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente: *rexeitados por 26 votos a favor, 39 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 86.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os puntos 3 e 6, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente: *rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e á aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía: *aprobada por 39 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca, das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia, así como a regulación da organización de actividades conmemorativas con carácter anual: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira: *rexeitado por 18 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 1, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do primeiro punto 4 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o primeiro punto 4, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 90.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)* (Páx. 98.)

*Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.*

**Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co dereito a unha vivenda digna.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 103.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 108.)

**Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento da AP-9.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 110.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 117.)

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego en relación coas declaracións do fiscal delegado de Medio Ambiente respecto dos lumes declarados en Galicia a mediados de outubro de 2017.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 120.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 122.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a proposta do Goberno galego para que Galicia non saia perdendo na negociación do novo modelo de financiamento autonómico.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro Facenda (Martínez García)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro Facenda (Martínez García)*. (Páx. 127.)

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 131.)

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante da situación da falla de auga que está a vivir a área metropolitana de Vigo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 136.)

**Pregunta de D. Gonzalo Trenor López, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación de seca na demarcación hidrográfica Galicia-Costa e coas medidas adoptadas ao respecto en coordinación cos concellos.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 138.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 140.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co barrio da Tinería, de Lugo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 145.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha do programa Re-conduce como instrumento de prevención e a abordaxe das situacións das persoas e familias en risco grave de desafiuzamento. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 149.)

*Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Antes de comezar, quería comentar que escusan a súa asistencia ao pleno tres deputadas que forman parte do Intergrupo Paz e Liberdade para o Pobo Saharauí; polo tanto, hoxe non estarán neste pleno. E tampouco estará don Raúl Fernández Fernández, aínda convalecente.

E comezamos coas preguntas ao presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia que vai impulsar o Goberno galego para enfrontar a incidencia das decisións do Goberno central para Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Permítame, señor Feijóo, que lle mostre un documento. (*A señora Pontón Mondelo amosa un documento.*) É unha factura da luz. Esta factura convértese nunha agonía para miles de persoas. Hai 145.000 persoas para as que pagar esta factura é como subir o Everest. Temos medio millón de galegas que non poden prender a calefacción nun país no que estamos exportando electricidade a esgalla, pero, claro, vostede pode permitirse o luxo de vetar unha tarifa eléctrica galega porque seguro que en Monte Pío non hai problemas para pagar as facturas. (*Aplausos.*)

Pero esta non é a única factura inxusta, pregúntelles aos máis de 20.000 galegos e galegas que a diario pagan 300.000 euros en peaxes, que van empezar o ano pagando 30.000 euros máis a unha concesionaria — 30.000 euros máis cada día — que xa ten unha das peaxes máis caras de todo o Estado. E teño que dicirllor: a súa obsesión, señor Feijóo, por caer simpático en Madrid estanos conducindo á irrelevancia política. E isto tradúcese en agravios e discriminacións e en facturas e máis facturas que acaban pagando os galegos e as galegas.

Pero desde Madrid o señor Montoro xa nos está preparando outra factura, esta máis gravosa, pois afecta o sistema de financiamento que xa nos ten custado unha millonada. E a pregunta é se no futuro modelo de financiamento o Estado vai pagar a débeda histórica que ten con Galiza ou se temos que seguir pagando. Porque, mire, este sistema é inxusto. Galiza arrastra só en cinco anos un déficit de máis de 10.000 millóns de euros no financiamento da sanidade, da educación e da protección social. E o problema non é que non haxa recursos, é como se reparten. De feito, durante os anos da crise, o financiamento a Galiza baixou como media un 9,3 %, mentres a recadación subiu un 30 %, e vostede é responsable desta situación porque asinou un sistema de financiamento sabendo que era prexudicial para o noso país.

En todo caso, o importante é o futuro e saber que vai defender a Xunta nunha materia tan importante. E eu teño que dicirllor tamén, señor Feijóo, que a estratexia de criticar a todo o mundo para exculpar a Rajoy só ten un beneficioso, que é Rajoy. E neste momento, en ma-

teria de financiamento, a única reunión que lle interesa a este país é a súa co presidente do Estado, un encontro bilateral Galiza-Estado, unha negociación *de tú a tú*, de igual a igual, para defender un sistema de financiamento xusto para o noso país.

A min paréceme ben que vostede vaia a Oviedo, que saque unhas fotos e que firme todos os protocolos que queira. Pero é que xa sabemos cal é o resultado deste tipo de cumios. Acabamos de velo coa exclusión do corredor atlántico, do financiamento, que vostede nos dixo que ía ser unha realidade canto antes.

En todo caso, señor Feijóo, a negociación de verdade é co Estado e non se vai facer en Oviedo.

Por iso, nós preguntámoslle, señor Feijóo, se vai permitir que Galiza siga sumando agravios, discriminacións, que os galegos e galegas paguemos máis facturas ou se vai empezar a defender o interese de Galiza en primeiro lugar no debate sobre o novo modelo de financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Non sei exactamente que escoller; vou intentar contestarlle co máximo respecto a todo o que vostede vén dicindo aquí.

Mire, nós sempre defendemos os consumidores, e en Galicia cada vez que hai un abuso, un presunto abuso, dunha compañía eléctrica estamos ao lado dos consumidores. Abrimos 2.400 expedientes ás empresas eléctricas e sancionámolas con 23,8 millóns de euros. Cando vostedes gobernaban, abriron nove expedientes e sancionáronas con 97.000 euros. Comprenderán, señorías, que os consumidores están moito mellor con nós que con vostedes.

Adicionalmente somos das poucas administracións públicas que está traballando no ticket eléctrico, e hai 12.000 fogares atendidos dende o ano 2014. Non coñezo ningunha proposta neste sentido dos concellos onde goberna o BNG, si coñezo que este goberno autonómico está axudando os consumidores galegos, primeiro, ante abusos posibles das eléctricas e, segundo, financiando a máis de 12.000 fogares para que poidan chegar a pagar o recibo da luz.

Entre o que custa o sistema eléctrico en Galicia, 1.350 millóns, e o que pagamos os consumidores galegos, 800 millóns, hai unha diferenza neta en favor de Galicia de 308 millóns de euros.

Imos seguir defendendo a Galicia, señora Pontón, evidentemente, nos temas que nos interesa. Se plantexamos as súas propostas, o que faremos é nin defender os consumidores nin mellorar o ticket eléctrico dos fogares galegos.



Fala tamén das concesións..., perdón, da concesionaria da autoestrada. É certo que vostedes non pedían a transferencia da autoestrada, está no *Diario de Sesións*, e, cada vez que lle digo isto, moléstase vostede. Pero no *Diario de Sesións* do ano 2007, cando vostedes gobernaban en Madrid cos socialistas, nin sequera se atrevían a pedir a transferencia da autoestrada. Pero non só iso, señora Pontón, dentro da súa biografía política, está o si ao convenio —ruinoso para os galegos, fantástico para a concesionaria— a través do cal pagabamos os galegos o 50 % do levantamento das peaxes da Barcala e de Rande. ¿Unha nacionalista a favor de pagar ao Goberno central o 50 % do levantamento dunha peaxe, dunha autoestrada, competencia do Goberno central? Señora Pontón, volve haber unha gran diferenza entre vostedes e nós: nós non pagamos ao Goberno central polas autoestradas do Goberno central, e, grazas a iso, levamos aforrados xa 7 millóns de euros cada ano; é dicir, 400 millóns de euros ata o ano 2048.

Nin defenden os consumidores eléctricos, nin defenden os consumidores, os que utilizan a autoestrada do Atlántico, nin pediron a transferencia da autoestrada do Atlántico.

No financiamento proponme vostede algo ruinoso para Galicia. Non hai un só profesor de economía nin de facenda pública que estea de acordo coa proposta do cupo que plantexa o BNG, ¡nin un! Como mínimo, din que perdemos 1.000 millóns de euros cada ano.

Señora Pontón, mentres para vostede o líder do ámbito do financiamento pode ser o señor Puigdemont; para nós, non. E por iso nós seguimos plantexando a defensa dos intereses galegos, tanto sexan consumidores eléctricos, sexan usuarios da autoestrada ou sexamos todo o conxunto do pobo galego.

Mire, señoría, eu non estou criticando a ninguén, estou defendendo os intereses de Galicia, e cando algún líder dalgunha comunidade autónoma lles di aos galegos que non só lles prestemos diñeiro, que non só lles condonemos os intereses da débeda, senón que, ademais, lles digamos que non teñen que pagar a débeda, ¿a quen estamos defendendo?, ¿os galegos ou os plantexamentos ideolóxicos nacionalistas?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, déixense vostede de ideoloxías que van contra o país e pónase vostede a favor de traballar polo país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Mire, señor Feijóo, vostede vén aquí cun argumentario que é algo así xa como unha especie de disco raiado, porque repite unha e outra vez as mesmas mentiras, supoño que coa esperanza de que nalgún momento se convertan en realidade; pero é que unha mentira repetida mil veces segue sendo unha mentira, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E o que é evidente é que o Partido Popular está defendendo os privilexios das eléctricas, e vostede vénnos aquí con parches para xustificar que acaba de vetar que este país defenda unha tarifa máis baixa para empresas e para familias, porque non é xusto que, sendo produtores de electricidade, non teñamos absolutamente ningún beneficio. Vostede defende as eléctricas; eu defendo os intereses dos galegos e das galegas e xustiza con este país. (Aplausos.)

E mire, a Proposición de lei de transferencia da AP-9 creo que non ten unha soa liña escrita por vostede, e esa foi unha proposta que puxo sobre a mesa o BNG; por certo, a única forza política que está dando debate en todos os ámbitos para levantar un vergoñento veto a unha iniciativa que aprobamos neste Parlamento. Vostede o único que fixo foi aplaudir, señor Feijóo, cando vetaron esta iniciativa o señor Rajoy e a señora Ana Pastor.

En todo caso, mire, ¿sabe o que ten vostede na súa biografía? Ser cómplice dunha suba continuada e continua das peaxes e ser agora mesmo cómplice de que o señor Rajoy nos vaia subir un 3 % máis as peaxes o ano que vén; peaxes máis altas nun dos países que ten os salarios máis baixos. Ese é o seu contributo, señor Feijóo: que os galegos e galegas paguen máis peaxes. Porque non pode dicirnos vostede que hai un aforro nas peaxes, cando o ano que vén, como mínimo, os galegos e galegas van pagar cinco millóns de euros máis a unha concesionaria que ten uns beneficios absolutamente escandalosos.

E mire, vostede segue sen dicirnos algo que é importante para o futuro deste país, e é cal é a súa proposta en materia de financiamento. Eu teño que dicirlllo: paréceme un escándalo político que a estas alturas o seu goberno non teña remitido a esta Cámara nin un papel nin un documento oficial en defensa dun modelo de financiamento xusto para Galiza; que non coñezamos nin un estudo. ¿Sabe o único que hai? O presidente da Xunta dicindo que Galiza non ten capacidade, que Galiza xa está moi ben con este sistema e que, ademais, somos dependentes porque realmente dependemos do financiamento do Estado e que é grazas a iso ao que sobrevivimos. Creo que ese é o peor retrato que pode facerse vostede a si mesmo e a emenda máis grande á súa xestión de goberno.

Mire, nós confiamos neste país, e claro que defendemos unha proposta que confía na plena capacidade de Galiza...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...para xestionar os nosos recursos e para ter unha fiscalidade adaptada.

Pero o que é grave, señor Feijóo, é que ninguén sabe o que defende vostede. Sabemos que critica a todo o mundo, seguramente porque o deixan en evidencia, porque, efectivamente, outros lideran, mentres vostede funciona cunha mentalidade absolutamente acomplexada co señor Rajoy, absolutamente acomplexada co señor Rajoy...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Pontón.



**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e, en vez de estar defendendo o interese de Galiza, pois, efectivamente, estará defendendo os intereses do señor Rajoy; pero, non se confunda, Rajoy non é Galiza e Galiza merece un presidente que defenda os nosos intereses...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e non que nos volva facer perder outra vez no sistema de financiamento. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Efectivamente, señora Pontón, unha mentira constantemente difundida nunca se vai converter en verdade. E por iso, cando vostedes non lles abrían expedientes ás eléctricas e non defendían os consumidores, agora están preocupados por que o Partido Popular abra expedientes ás eléctricas e defenda os consumidores. Cando vostedes non poñían un euro para chegar á fin de mes nos recibos eléctricos, agora 12.000 familias galegas, como mínimo, están tendo axudas para chegar á fin de mes no ticket eléctrico, efectivamente. Cando vostedes, no concurso eólico, non pediron un euro ás empresas e resulta que nós, co canon eólico, recadamos 160 millóns de euros que pagaron as eléctricas, é cando, efectivamente, as mentiras non se traducen en verdades. (*Aplausos.*) Señoría, os galegos estamos percibindo do canon eólico 160 millóns de euros, que vostedes condonaban ás empresas eléctricas.

Señoría, vostedes, cando gobernaban en Madrid, dicían que ao máximo que podía aspirar Galicia era a un 8 % dos investimentos de infraestruturas do Estado. Agora, que temos o 11 %, parécelles un agravio. O 8 % nacionalista é marabilloso, o 11 % do Partido Popular é un agravio. ¿Dáse conta, señora Pontón de como non a cre ninguén?

Señoría, sobre o tema das peaxes, ¿sabe vostede canto subían as peaxes cando vostedes gobernaban en coalición co Partido Socialista? Revise a tarifa. Cunha diferenza, señoría, agora as peaxes soben porque hai que pagar 300 millóns de euros en ampliacións de obras da autoestrada. Por certo, un acordo no que unha vez máis estivo o Partido Socialista subscribindo coa concesionaria.

Señora Pontón, vostede dixo si —e os galegos non o imos esquecer— a pagar ata o ano 2048 con diñeiro dos galegos a diminución da peaxe en Rande e A Barcala—. Nós dixemos non, e por iso agora os galegos aforramos 400 millóns de euros ata o ano 2048.

Señora Pontón, eses son os datos, e os datos significan que vostedes, cando menos, son unha forza moi sorprendente. Pagar por unha autopista que non é da Xunta non lles dá ningunha credibilidade en xestión de competencias, señora Pontón, ningunha. (*Murmurios.*) Pagar por unha autoestrada que é do Goberno do Estado non lles dá ningunha credibilidade na xestión dos intereses de Galicia. E por iso me sinto razoablemente satisfeito de que entre todos —seguro que vostede tamén axudou— dende este ano non volvamos pagar polo que non é noso.

O peor dos agravios para Galicia sería aplicar os criterios nacionalistas no financiamento. Escoite o que lle acabo de dicir: o peor dos agravios para Galicia sería aplicar os criterios nacionalistas no financiamento.

Señora Pontón, ¿de verdade que vostede cre nese conto das balanzas fiscais? Ademais de ser un conto, é que nin sequera dan as contas. (*Murmurios.*) ¿De verdade que vostede se alía coas propostas do señor Puigdemont en relación coas balanzas fiscais? ¿De verdade que vostede nos quere tomar o pelo simplemente por manter a súa ideoloxía, que, en materia de financiamento, é un disparate para os intereses de Galicia?

Señora Pontón, recórdame a aqueles catro anos de cooperación intelixente, cando vostedes gobernaban co BNG..., perdón, co Partido Socialista aquí e en Madrid. Acórdense da «cooperación intelixente». ¿E en que quedou a cooperación intelixente, señora Pontón?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, en nada; nada se conseguiu; en decepción. (*Murmurios.*) ¿Cantas expectativas plantexaban vostedes, se o AVE ía chegar no ano 2012? E ademais de en nada e en decepción, en sacrificio. Deixaron vostedes un burato de 2.200 millóns de euros que os galegos, en época de crise e de recesión, tivemos que pagar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señora Pontón, asegúrolle que os plantexamentos nacionalistas do BNG en relación con Galicia son coma se vostedes traballaran para outras comunidades, para Galicia non.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moita grazas, señor presidente.

Temos un erro no sistema, unha vez máis. Estamos esperando a ver se se dá solucionado. Así, non podo controlar o tempo dende aquí. A única solución é que controlemos a través... Caeu o sistema, pero non o tirei eu... (*Risos.*) Entón, imos controlar manualmente dende aquí ata que o dean arranxado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, tranquilos, que, nese sentido, non vai haber problema.

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto do esforzo do Goberno central en relación co impulso das infraestruturas en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Señor Fernández Leiceaga, cando queira.

¿Non vai? Debe ser parte do problema tamén. (*Pausa.*) (*Murmurios.*)

Estamos intentando que o solucionen, porque non creo que funcione ningún outro micrófono de aquí. *(Pausa.)*

A única solución é que fale dende a tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ao señor presidente tampouco lle vai funcionar o micrófono. Terían que preguntar e responder dende a tribuna. É a única alternativa ata que o arranxen. Se lles parece... ¿Están de acordo en responder dende aquí? *(Asentimento.)* ¡Que imos facer! Hai que ter solucións alternativas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Son os problemas do directo, non pasa nada.

Señor Núñez Feijóo, parece que as previsións políticas traen maos ventos desde a Meseta. Vostede, na nosa opinión —xa llo dixemos hai algún tempo—, está contando pouco nas decisións políticas do Goberno de Mariano Rajoy, e iso está sendo un problema para Galicia.

Falouse das peaxes da AP-9. Soben a partir do 1 de xaneiro bastante por riba do IPC nun proceso acumulativo de dúas décadas que vai dar lugar a un incremento significativo das peaxes pagadas polos cidadáns de Galicia, e nós xa advertimos disto hai uns meses, e incluso presentamos unha proposta para resolvelo que foi votada en contra polo Grupo Parlamentario Popular.

O vencello entre peaxes e obras foi un procedemento extraordinario do ano 2011, no peor momento da crise, que foi convalidado posteriormente no ano 2012 xa con Ana Pastor de ministra, que ademais subiu o IVE das autopistas do 18 % ao 21 %, e ademais eliminou unha bonificación do 7 % que viña de atrás. Podemos entendelo pola situación, pola conxuntura que había naquel momento.

E eu non quero ollar para o pasado, non se trata de colocar culpas, senón de: ¿como solucionamos isto? Miremos para o futuro, resolvamos o problema. Hoxe, que estamos saíndo da crise e que hai máis recursos públicos á disposición de todas as administracións, podemos facelo doutro xeito, e eu o que lle propono é que o fagamos doutro xeito e que sexa o Ministerio quen asuma o custo das obras que dan lugar a esa subida das peaxes de forma concentrada nun ou dous exercicios ou ben asumindo unha bonificación correspondente a ese incremento até o final da concesión.

Fíxese, no último ano, en 2016, o Grupo Fomento apenas gastou 63 millóns en Galicia, un 4 % do total de España; un 4 % —o Grupo Fomento—. E o conxunto da Administración xeral do Estado gastou apenas 500 millóns. Para poñer un exemplo, no último ano dese malísimo goberno de Zapatero, eran 1.555 millóns de euros. Polo tanto, debe haber marxe orzamentaria para poder afrontar este tema.

Pero parece incluso máis esperpéntico o que está sucedendo co corredor ferroviario de mercancías. Vostedes asinaron un protocolo con Castela-León e Asturias a favor da conexión

dos portos galegos e os portos cantábricos con este corredor que nos parece ben. Estamos de acordo con isto, coincidimos todos os grupos e xa o votamos aquí. ¿E que dixo Fomento nese momento —vou traducir ao galego, pero case textualmente ou textualmente—?: «O Ministerio traballa para incluír os itinerarios procedentes dende o noroeste español e os seus portos no corredor atlántico desde o momento en que a Comisión Europea inicia os traballos para a elaboración do novo regulamento —2018—».

Apenas un mes máis tarde, o mesmo ministerio saca outra nota, despois de entrevistarse o ministro cun responsable comunitario, dicindo que lembra que o actual regulamento da RTET determinou que a revisión debería facerse en 2023 e que a decisión sería en 2027. E isto lévanos ao período de programación 2028-2034 e a agardar vinte anos polo menos para resolver este problema.

O Ministerio non nos está contando a verdade. O financiamento para a infraestrutura de conexión dos portos galegos non ten impedimento europeo, non ten ningún impedimento europeo, só depende da vontade do Goberno de Mariano Rajoy e en parte da súa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...mentres o ministro está activando a conexión dos portos vascos coa rede central de ferrocarril e está conectando os portos de Cantabria por estrada co País Vasco. É absolutamente inaceptable, é un desprezo para Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** E a miña pregunta é clara: ¿que pensa facer para resolver esta situación?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Xa temos arranxado o sistema.

Entón, responde o presidente dende o escano.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, quixera transmitirlle, en nome do Goberno e do Grupo Parlamentario Popular, o pésame pola morte de Manuel Marín, socialista, presidente do Congreso e un dos políticos máis distinguidos na integración de España na Unión Europea. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, como lle dixen nalgunha ocasión, non é conveniente que o único posicionamento político de vostede sexa estar en contra de todo o que diga a Xunta de Galicia. Non, non creo que sexa intelixente. Non sei se o fai vostede pensando nos intereses dos galegos, pero, escoitándoo hoxe falar da peaxe e falar do corredor do Atlántico, dáme a sensación de

que o fai para defender determinados compañeiros do seu partido. Pero non creo que mereza moita defensa, porque aquí estamos para defender a Galicia, non para defender os compañeiros do seu partido.

Mire, o Partido Socialista asinou dous acordos coa concesionaria, no 2006 e no ano 2011. No ano 2006, que vostedes gobernaban en Madrid e aquí, asinaron un acordo —comentáballo á portavoz do BNG— para que Galicia pagase o 50 % das peaxes de Rande e A Barcala ata o ano 2048. Pero non só iso, senón que, ademais, non estableceron límites a ese pago, e incluso máis, plantexaban que podían baixar as peaxes, e resulta que nada máis e nada menos que o que tivemos que pagar —porque as peaxes se incrementaron— foi un 125 % máis do que pagabamos antes.

Señor Leiceaga, primeiro convenio ruinoso para os intereses de Galicia e interesantísimo para a concesionaria.

O segundo acordo que vostedes fixeron coa concesionaria é nada máis e nada menos —está no *Boletín Oficial do Estado*, señor Leiceaga— no ano 2011, no que todos os galegos temos que pagar un 1 % máis acumulativo das peaxes da autoestrada nos próximos vinte anos. Non sei se me escoitou: un 1 % acumulativo de todas as peaxes nos próximos vinte anos. ¿Sabe cando asinaron este acordo coa concesionaria? Ás 48 horas de votar nas eleccións xerais, ou exactamente o 18 de novembro, e votabamos o 20. ¿Por que tanta présa, señor Leiceaga?

Di vostede que non, que iso se pode solucionar, pero mire, se xa o 23 de novembro, cando votedes... Mire, déixeme ler o *Faro de Vigo*: «*El acuerdo para ampliar la AP-9 financia las obras con un 1 % de subida de peaje más el IPC durante veinte años*». *La Voz de Galicia*: «*Fomento subirá el peaje de toda la AP-9 para ampliar Rande y Santiago durante veinte años.*»

¿A que obedecen estes dous convenios, señor Leiceaga?, ¿a que obedecen? ¿Vostede cre que é normal facer este tipo de convenios a 48 horas de votar nunhas eleccións xerais? E agora resulta que os responsables son os que veñen detrás.

Señor Leiceaga, sobre o corredor, ¿de verdade que vostede me vén aquí falar do corredor do Atlántico, cando o corredor do Atlántico —é dicir, que Galicia non estea no corredor— o pactaron vostedes no ano 2010 en Europa? E agora vén responsabilizar os gobernos que viñeron detrás porque vostedes non incluiron o corredor dentro da Rede transeuropea de transportes. E o que é máis grave é que nin sequera incluían o sur de Galicia dentro da Rede básica de transportes, e Vigo quedaba fóra da Rede básica de transportes.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, ¿pero por que non defende vostede os intereses de Galicia e deixa de defender os plantexamentos ruinosos para Galicia que asinou o seu partido a través dun ministerio?

Señor Leiceaga, estou convencido de que vostede non sabe toda esta información porque, se a soubera, seguro que matizaría a súa pregunta. Agora que a sabe, señor Leiceaga...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...¿a que o que estamos a facer é o que faría vostede se estivera aquí?

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, a min o que me queda claro, señor Feijóo, é que cando vostede non ten ningunha solución fala do pasado, pero a min non me interesa falar do pasado, interésame falar de resolver os problemas dos galegos.

Fíxese, o asunto da AP-9. Efectivamente, como di vostede, foi asumido por un ministro socialista ese protocolo, pero resulta que debía ser difícil facelo doutra maneira cando no ano 2012 a señora Ana Pastor non só fai iso, senón que sobe máis as peaxes para facer outras cousas. (*Aplausos.*) E non o fago responsable diso, eu o que digo é: solucionémolo, miremos para adiante. O Ministerio de Fomento ten recursos para conectar os portos vascos co corredor ferroviario de mercancías. A Administración xeral do Estado ten recursos para mellorar o cupo vasco. ¡Oia!, poñamos algúns destes recursos para financiar as obras de ampliación de Rande e eliminemos a subida da peaxe para os galegos.

Eu estoulle facendo unha oferta mirando para o futuro, sabendo que aí deberíamos coincidir. Non o estou criticando a vostede, nin sequera lle estou pedindo que poña eses centos de millóns desde a Xunta de Galicia. Poñámonos de acordo e reclamémosllo ao Ministerio.

E, en relación co corredor noroeste de mercancías, fíxese vostede, este é o mapa do ano 2011 e aquí ve (*O señor Fernández Leiceaga amosa uns documentos.*) que aparece conectada Galicia coa Rede básica de mercancías; ano 2012, volve aparecer conectada Galicia; ano 2013, fíxese o que pasa (*O señor Fernández Leiceaga amosa outro documento.*), non está, —ano 2013—. No ano 2013 o presidente do Goberno de España era Mariano Rajoy, a ministra de Fomento era Ana Pastor e o presidente da Xunta era vostede. Isto é o que pasa cos documentos oficiais da Unión Europea ao longo dese tempo.

Pero tampouco eu quero falar do pasado, quero resolver os problemas, e estoulle pedindo que nos poñamos de acordo para resolver os problemas. ¿Sabe vostede o que nos está dicindo o señor De Grandis, portavoz da Dirección Xeral de Mobilidade e Transportes da Unión Europea? Que a Comisión Europea daba prioridade á conexión Monforte-Palencia. E agora vou ler textualmente: «...se ben a petición oficial para que o proceso se poña en marcha debe partir do Goberno español en primeira instancia, incluso da Xunta de Galicia» —textual—. A Comisión Europea di: o problema está no Goberno español e na Xunta de Galicia, e vostede vénme aquí falar do que sucedeu hai non sei cantos anos. Poñámonos de acordo, resolvamos o problema e, se vostede non ten a fortaleza suficiente...,



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...conte cos grupos do Parlamento que queiran apoialo para reforzar a posición de Galicia. ¡Se lle estou tendendo a man!, e incluso cando lle tendo a man vostede o que quere é colocarme nunha posición imposible que desfigura por completo o que é a miña posición.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ¿Está disposto a dar a batalla por este tema?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ¿Está disposto a dar a batalla polas infraestruturas de Galicia?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Esa é a pregunta, señor Núñez Feijóo, contésteme a iso. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, ¿como que non estou disposto a dar a batalla? Non fago outra cousa todos os días, pódollo asegurar, pero o cal non significa que eu non estea disposto a explicarlles aos galegos en que situación nos atopamos neste momento.

Dixen que vostedes subscribiron dous convenios coa concesionaria; o primeiro, facéndolle pagar a Galicia o que non tiña que pagar. Solución: 400 millóns de euros aforrados, grazas a que estamos dando a batalla polas infraestruturas galegas, e xa non o pagamos.

E o segundo convenio —que denunciéi—, 48 horas antes de votar nunhas eleccións xerais. É que se vostede puidera ler o convenio, señor Leiceaga, sonrojaríase. Mire, vostedes pactaron coa concesionaria 250 millóns de euros a pagar en peaxes pola obra que fixeron, 3 millóns de euros anuais polo mantemento e aplicar unha afección negativa ao tráfico derivado da suba das peaxes, que tamén lla compensaron. E ¡ollo ao dato!, vostedes asinaron un 8 % de intereses fixos. Os intereses están agora en menos de 1,5 %, e vostedes páganlle un 8 % de intereses fixos á concesionaria nos próximos vinte anos. E vén vostede aquí dicir que me quere botar unha man. Señor Leiceaga, agradézollo moito, pero, para botar unha man, hai que explicarlles aos galegos os que meteron a Galicia neste problema e nesta falta de credibilidade, señor Leiceaga. *(Aplausos.)*

¿Por que lle garantiron á concesionaria uns intereses absolutamente desorbitados?, ¿por que nun momento de tensión alcista dos intereses pactan unha cota fixa de intereses do 8 %?, ¿por que, señor Leiceaga, fixeron isto 48 horas antes de votar?

Señor Leiceaga, non é xusto falar do incremento das peaxes dicindo que: mire, nós asumimos un déficit público do 9 %. Vostedes deixaron un déficit público que supoñía a intervención de España. E tivemos que subir o IVE, si, para a autoestrada, para todas as autoestradas e para todos os españois en calquera material de consumo. Pero no ano 2009 a autoestrada subiu un 4,49 % a peaxe, e no ano 2007, un 3,73; é dicir, máis que agora.

Pero, señor Leiceaga, ¿por que non queremos falar en serio? Vostede ensíname un mapa no ano 2011 onde temos conexión co corredor, cando o que se negociou do corredor foi no ano 2010 e entrou en vigor no ano 2013, (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, amosa un mapa.*), e no ano 2010 vostedes aceptaron que Europa non considerara o corredor atlántico dentro da rede transeuropea. E agora resulta que me ensina un mapa antes de que entre en vigor. Pero, señor Leiceaga, eu atópome Galicia, e Galicia non está no corredor como rede transeuropea; é que é máis —e volvo reiteralo—, non estaba tampouco Vigo dentro da súa área, dentro da Rede básica de transportes. E conseguimos no ano 2013 que se incluíse na Rede básica de transportes o ferrocarril A Coruña-Vigo-Ourense, e dende aí ao resto de Europa. Si, señor Leiceaga, si, si. ¿Que podemos facer agora? O que podemos facer agora é o que fixemos. O ministro de Fomento, en canto xurdiu o debate, automaticamente chama e di: tes o meu compromiso de que neste ano 2018 consigamos ou intentemos conseguir financiamento para mellorar a rede básica e así gañar tempo ata incluíla na Rede transeuropea de transportes.

Iso é o que debemos facer, señor Leiceaga, e é o que estamos facendo.

Polo tanto, señor Leiceaga, eu agradézolle que vostede acepte que nós estamos xestionando mellor as peaxes de autoestradas ca vostedes, pero o que non pode ser, señor Leiceaga, é que me deixe vostede este morto e agora resulte que o responsable...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...do morto sexa o que recibe o cadáver. Non ten ningún sentido, señoría. Eu podo facer cousas; milagres, non. O que fixemos foi aforrar 400 millóns de euros aos galegos; en segundo lugar, dicir que na nosa opinión o acordo coa autoestrada é un acordo absolutamente beneficioso para a autoestrada e prexudicial para os galegos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E o que lle sigo reiterando, señor Leiceaga, é que eu sempre conto coa súa man tendida, pero, se facemos un diagnóstico axeitado da situación, porque, se non facemos un diagnóstico, prefiro contar, señoría, coa verdade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.



**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do resultado da política de infraestruturas de transporte da Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, creo que o outro día foi vostede á Gala dos premios da Cadena Ser, e alí preguntou por min. Parece que nos botaba de menos, que me botaba de menos. Pois aquí estou, xa me ten. Agradezo a súa preocupación e o seu interese. ¿Sabe por que non estaba na gala do outro día? Pois porque estaba en Bruxelas. ¿E que faciamos en Bruxelas os da Marea? Pois facendo o traballo que vostede non fai, traballar para o país, traballar para Galicia, explicando a necesidade do corredor atlántico de mercadorías para o noso país como elemento clave da nosa economía. Estivemos explicando no Parlamento Europeo, en primeiro lugar, que esa infraestrutura é estratéxica, porque faría, fai, os nosos portos máis atractivos para ser punto de recepción de mercadorías e punta de entrada en Europa, porque fai útiles, fai viables, os portos exteriores da Coruña e de Vigo, os portos exteriores da Coruña e de Ferrol e os portos da Coruña e Vigo, que teñen unha especialización espectacular —e faríaos moito máis competitivos, como faría máis competitivo o conxunto da nosa economía, reducindo custos de exportación e facendo, ademais, unha infraestrutura ferroviaria básica, que conseguiría atraer novas empresas, que crearía máis emprego—, e, finalmente, porque é o transporte do futuro máis rápido e menos contaminante.

E fomos escoitar os funcionarios da Unión Europea, os funcionarios da Comisión Europea, da Comisaría de Transportes, que nos confirmaron o que xa lle trasladaron ao Ministerio de Fomento e o que vostede sabe ou debería saber: que a liña Monforte-Palencia forma parte desa Rede básica de mercadorías, que está integrada na Rede europea de transportes e que, polo tanto, é financiable de forma inmediata desde o Programa europeo de transportes. E isto sería o que permitiría, no seu momento, incluíla no corredor atlántico.

Polo tanto, se o Ministerio quixera, se o Goberno quixera, se Fomento quixera, se De la Serna quixera, podería reclamar de forma inmediata a inclusión destas obras, o financiamento destas obras e, polo tanto, viabilizar esa inclusión no corredor atlántico ferroviario. Pero parece que o ministro non quere e o presidente manso non pode. Porque a vostede pasoulle isto: dixéronlle que non no Ministerio e conformouse, e, unha vez máis, volveuse comportar como presidente manso que é, obedecendo as ordes, sen discutilas e sen pelexalas e sen defender os intereses do noso país. É un disparate esperar ata o 2027 para esas obras, é un disparate esperar ata 2027 para esa inclusión no corredor atlántico ferroviario, en primeiro lugar, pola perda de oportunidade que supón para a nosa economía e para as nosas empresas, e, en segundo lugar, porque, se non se fan xa esas obras, non teremos capacidade de carga para despois poder optar e estar nese corredor atlántico ferroviario. Necesitamos poder cargar un tren de 740 metros de longo diario para poder entrar nese corredor atlántico ferroviario, e necesitamos facer xa as obras que permitan adaptarnos.

E terceiro, é fundamental —porque agora hai diñeiro para facelo, pero fai falta vontade política— pedilo, hai que pedilo e ten que pedilo o Goberno do Estado, ten que pedilo o Goberno do seu partido. Estamos ante un problema político; non é un problema xurídico nin un problema económico, o problema político de Galicia neste momento en materia ferroviaria, igual que no resto de infraestruturas, ten nome e apelidos: Alberto Núñez Feijóo; un señor que é incapaz de facer valer a súa maioría absoluta diante do seu propio partido. ¿Que pasa?, ¿non lle doen as empresas que queren instalarse no noso país e non teñen infraestruturas?, ¿non lle doe a viabilidade dos portos da Coruña e de Vigo?, ¿non lle doe o emprego que se deixa de crear?, ¿non lle doe Galicia? Non, a vostedes non lles do Galicia, non lles interesa nada. En materia ferroviaria, como en todas estas materias, a súa política ten nome e apelidos: Alberto Núñez Feijóo, con «f» de fracaso. ¿Que vai facer vostede para tapar o seu fracaso, señor Núñez? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Non, non; non crea que preguntei por vostede, ¡eh! Eu dixen que, dado que estaba o alcalde de Anova en Santiago, se representaba As Mareas ou non, e dixo que si. Polo tanto, vostede pode estar absolutamente tranquilo, estaba vostede perfectamente representado. Despois, atopamos a súa compañeira de Podemos e tamén atopamos algún deputado que está nas bancadas do fondo, e saudeinos, como é natural —¿ve?, acaba de levantar a man—, aínda que non sei se é do seu partido ou non. Porque, exactamente, ¿vostede de que partido é? Pero, en fin, prosigamos, señor... *(Aplausos.)*

Mire, a verdade é que vostede debería de viaxar moito máis a Bruxelas para darse conta, efectivamente, da importancia das infraestruturas, porque fala na pregunta de fracaso na política de infraestruturas de transporte da Xunta; esa é a súa pregunta. Mire, nos momentos de escaseza económica, abrimos 200 novos quilómetros de vías de altas prestacións, un 67 % máis do que había cando chegamos ao Goberno. Nos momentos de extrema dificultade estamos reducindo un 20 % os accidentes de tráfico. É a primeira vez que un goberno se plantexa acabar —é dicir, solucionar— todos os puntos de concentración de accidentes en Galicia: 90 quilómetros, 12 millóns de euros; en execución. Estamos executando 170 quilómetros de sendas peonís e ciclistas para mellorar a seguridade viaria. Despois de que as empresas quixeran gañar máis diñeiro co transporte público e de que vostedes apoiaran as empresas en contra dos intereses dos galegos, conseguimos, a pesar de renunciar a 600 liñas de transporte público, diminuír os custos do transporte público e que non houbera un só día sen transporte público. Estamos executando —tome nota— todas as estacións intermodais de forma simultánea en Galicia a pesar dos atrancos dalgunha alcaldía de Podemos. *(Murmurios.)*

Señoría, estamos cun plan de transporte metropolitano: 14 millóns de billetes con exencións e diminucións das familias numerosas e usuarios frecuentes, e nada máis e nada menos que en Galicia hai unha tarxeta gratis para os menores de 19 anos, para que non paguen transporte público; iso si, transporte urbano nos concellos das Mareas teñen que pagar. Polo

tanto, señoría, esa é a gran diferenza. E, sobre o corredor atlántico, en Ourense non pagan, efectivamente; goberna o PP, moitísimas grazas por aclaralo.

Miren, señorías..., (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) que llelo agradezo. ¿Verdade que ten vostede deputados no grupo que queren ser amantes da verdade?

Pero mire, respecto do corredor, vexo que vostede non escoita o señor Leiceaga. Viña con esa pregunta e non lle deu tempo a modificala, pero, bueno, esa é a súa opinión. Di vostede que foi a Bruxelas. O Partido Socialista e o PP estivemos na firma con Castela-León e Asturias para exixir o corredor atlántico ao Goberno de España. Vostede non estaba, nin ninguén das Mareas, porque, claro, defenden a Galicia, e como defenden a Galicia, nunca poden asumir propostas do Partido Socialista de Galicia nin do Partido Popular de Galicia. Pero como vostede se deu conta de que no ano 2018... Se non era necesario viaxar para dicirlle iso. ¿Por que non mo preguntou? ¿No ano 2018 podemos conseguir financiamento para mellorar a rede de ferrocarrís e entrar posteriormente na Rede transeuropea de transporte? A resposta é que si, e por iso imos conseguir financiamento para mellorar a Rede de transportes ferroviarios en Galicia. (*Aplausos.*)

Pero, señoría, é bo que vostedes vaian a Bruxelas, porque é moi importante ir gañando en experiencia, dígollo con absoluta cordialidade. Vostede, que de momento aínda non xestionou un euro público na súa vida, é bo que se dea conta de que hai decisións que dependen de Bruxelas; nin das asembleas abertas nin de «Ti decides» nin nos círculos; en Bruxelas, señoría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, a diferenza do Partido Popular, nós xestionamos, e tam pouco [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*) Iso como pequena diferenza. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdón, prégolle que retire esa expresión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Perdón. ¡Silencio!

¡Perdón!, ¡perdón! Eu son do Partido Popular e non acepto esta expresión, e estes señores de aquí tampouco. Ou se reitera esa expresión ou lla teño que retirar eu e supón unha chamada á orde. Vostede verá.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** No caso Campeón, membros do Partido Popular e con responsabilidades de goberno foron condenados por malversación de fondos públicos...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non; non dea explicacións. ¿Retira vostede a expresión que acaba de dicir ou non?

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Vale, si.

**O señor PRESIDENTE:** Prosiga.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Quería dicir malversación de fondos públicos.

Vostede, como comediante, ben, pero como gobernante, mal; (*Murmurios.*) mal, porque moito pico e pouca pala. Para o pico e para a comedia, ben, pero, para o Goberno, mal. Moito pico e pouca pala; máis ben ningunha pala; en materia de infraestruturas ferroviarias, ningunha pala, pala cero. Pode falar vostede moito, unhas fotos moi divertidas da súa conselleira co resto da xente..., unha comedia, porque xa se viu en que deu esa reunión de hai dous meses, en que o Ministerio de Fomento lles dixese que non; non, non e non. ¿Por que? Porque vostedes non contan nada.

E, claro, fala vostede de partidos. Eu quería saber, e En Marea quería saber, se Núñez Feijóo e Íñigo de la Serna pertencen ao mesmo partido ou a partidos diferentes, porque, claro, vostede lle fixo unha xogada a Íñigo de la Serna o ano pasado. Díxolle: mira, este trazado para a entrada de Ourense, por aquí. E despois, claro, botóuselle enriba a Íñigo de la Serna todo o PP de Ourense; enriba, claro, e vostede sabíao, e entón vostedes desairaron a Íñigo de la Serna. ¿Que fixo Íñigo de la Serna? Vingarse. ¿E como se vingou? En primeiro lugar, co atraso nos prazos do AVE, despois cos orzamentos en infraestruturas para 2018, despois coa AP-9 e agora co corredor ferroviario. Felicidades, esa pelexa de galos estanos custando a todos os galegos e á xente do común pagar unha peaxe moi alta en materia de autopistas, pero estanos custando tamén unha peaxe moi alta en materia de economía, en materia de competitividade de empresas e en materia de creación de emprego. Galicia ten un problema político e económico que se chama Alberto Núñez Feijóo. Ese é o problema de Galicia. (*Murmurios.*) Vostede non ten ningunha intención nin de que sexa incluída Galicia no corredor ferroviario atlántico nin can que lle ladre. E voulle dar tres evidencias: a primeira —e afirmoo—, vostede non lle pediu a Íñigo de la Serna a inclusión xa para o ano que vén do financiamento das obras entre o trazado Monforte-Palencia, non o pediu. Se foi así, rétoo a que presente nesta Cámara o documento datado anterior ao día de hoxe onde se fai esa reivindicación expresa e, entón, a que nos explique en que consistiu o seu fracaso unha vez que fixo esa solicitude.

Segundo, se vostede tivese intención de que iso fose así, estaría facendo as obras de adaptación do porto seco de Monforte, que a día de hoxe é unha gándara, é un polígono que non é un verdadeiro porto seco que poida cargar trens de mercadorías de 740 metros de longo.

E, en terceiro lugar, vostede non fixo nada, non pediu nada por unha razón, que tamén comprobamos nesta Cámara, porque vostede carece de estratexia de infraestruturas ferroviarias, de estratexia portuaria, de estratexia industrial, de estratexia de mobilidade...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...non ten política de nada. As políticas de infraestruturas en Galicia teñen un nome, o nome do fracaso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...de Alberto Núñez Feijóo; Feijóo con <<f>> de fracaso. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente, moitísimas grazas.

Señor Villares, con todo o respecto llo digo, non sei realmente de que está falando, e dígollo con absoluto respecto. Di que nós non pedimos ao Ministerio de Fomento que se inclúa a Galicia... Mire, vai vir o ministro de Fomento no mes de decembro, dentro dunhas semanas, e non se preocupe vostede que coñecerá exactamente non o que pide Galicia, senón o que consegue Galicia.

Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior investimento do Estado por habitante, a segunda, (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) 307 euros por habitante, e a medida de España está en 184 euros por habitante, un 67 % máis de investimento por habitante en Galicia que no resto de España. Xa sei que agora vostedes, que son un partido global, plantexan nada máis e nada menos: «*Es prioritario y urgente la reapertura de la línea de tren Madrid-Burgos para la revitalización económica del sur de Castilla y León*». Isto quen o di é a antiga portavoz que estaba sentada aí, onde vostede está, de En Marea, no Parlamento. Xa sei que vostedes están en contra do AVE pola mañá e a favor pola tarde, e agora resulta que o escoito falar de competitividade da economía, da importancia das infraestruturas, da importancia de estar nos foros como Bruxelas... Voume máis contento desta sesión de control, señor Villares. Xa non está vostede na independencia, nin está vostede en rachar coa Unión Europea, nin en dicir que a Unión Europea é un conxunto de mercaderes. Xa non está vostede por iso, está pola competitividade da economía, que consiste en pechar todas as grandes empresas de Galicia de acordo coas súas propostas económicas.

Pero como vostede non quere falar de transporte, señor Villares, ¿por que na cidade da Coruña e na cidade de Santiago acordaron os plenos non cobrar transporte público aos menores de 19 anos e vostedes seguen cobrando transporte público aos menores de 19 anos? Non soamente non aceptan que a xente discrepe con vostedes senón que nin sequera executan os acordos plenarios dos concellos. Mire, un señor de Oleiros, de Cambre ou de Arteixo pode chegar á Coruña, se é menor de 19 anos, a estudar sen pagar, pero para moverse dentro da Coruña ten que pagar. ¿Esa é a proposta de transporte público da que vostede me fala? Na Coruña, en Santiago e en Ferrol.

Mire, teño aquí o listado dos compromisos executados en materia de infraestruturas. Ocupa dous folios completos. Si, claro, é que como vostede non sabe que construímos 200 quilómetros de vías de alta capacidade..., igual vostede non o sabe. Pero é bo que, ademais de ir a Bruxelas, pegue unha volta por Monforte, efectivamente. En Monforte sabe que cando chegamos ao Goberno, despois de catro anos do Bipartito, aínda non acabaran o porto seco. Fi-

nalizamos o porto seco e conectamos... Aínda non foi por alí, pero é que é importante, (*Murmurios.*) despois de vir de Bruxelas, ir por Monforte, dígollo de verdade. (*O señor Villares Navreira pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero, señor Villares...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...se vostede quere discutir agora se está finalizado o porto seco de Monforte é coma se discute vostede dun partido concreto que aínda non sabemos cal é.

Señor Villares, o porto seco de Monforte está finalizado. Melloramos as infraestruturas de acceso e aínda quedan por mellorar máis. E agora fáleme da peaxe. É tan contraditorio nas súas críticas que é capaz de culpar a Xunta da subida da peaxe e simultaneamente de que esa autopista non sexa responsabilidade da Xunta. É, cando menos, unha peza política importante.

Somos responsables de que se incremente unha peaxe e ademais somos responsables de que esa autopista non dependa de nós. É, cando menos, interesante, señor Villares. ¿Iso aprendeuno en Bruxelas ou o aprendeu durante toda a súa tarefa de xestor público...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...de grandes presupostos do Estado ou das comunidades autónomas?

Señor Villares, con todo o respecto lle digo: mire, é bo que vostede viaxe a Bruxelas e é bo tamén que saiba que namentres sexa presidente de Galicia non teño máis obxectivo que Galicia. E se temos a segunda comunidade autónoma de maior investimento por habitante hai que dicilo; se temos que chegar ao AVE a finais do ano 2019, hai que dicilo, e crítico, porque tiña que estar no ano 2018.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, non conte vostede para compracencias con ningún goberno, ¿sabe por que? Porque aquí a min non me puxo ningún goberno, puxéronme os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente**



**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto do punto 3 polo seguinte:*

*«3. Derrogar as reformas laborais por lesivas para a clase traballadora, en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Ley 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. Así como de todas as demais normativas que as desenvolven.»*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto do punto 6 polo seguinte:*

*«6. Posta en marcha dun plan para evitar que con diñeiro público se financie a precariedade laboral da mocidade galega, de xeito que non se destinen recursos públicos a medidas de emprego xuvenil baseadas en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo etc. nin ás ETTS, e destinar eses fondos á inversión produtiva para a xeración de emprego, fomento de novos espazos de actividade e mellora das prestacións.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Blanco.

Silencio, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Antes de comezar a debater esta iniciativa, a expoñer a proposta que traemos hoxe a este hemiciclo, gustaríame facer unha aclaración, que parece mentira que a teñamos que facer, pero si que dende o Grupo Socialista queremos incidir neste tema.

Os traballadores e as traballadoras que se afilian a unha organización sindical non son autómatas, *(Aplausos.)* son persoas que elixen libremente afiliarse a unha organización sindical. Por certo, benvidos sexan hoxe os sindicatos de clase UGT e Comisións, que nos acompañan. E dígoo porque estas organizacións e outras organizacións sociais deste país levan moitas décadas loitando polos dereitos dos traballadores e as traballadoras deste país. Non soamente por iso, senón porque non me vou cansar de lembrar que tiveron un papel proactivo na loita

contra o franquismo e tamén posteriormente na consolidación da democracia. (*Aplausos.*) Aos que non coñezan o dereito á afiliación sindical, recoméndolles que releian o artigo 28 da Constitución española. Pero imos á iniciativa que hoxe expón o Grupo Socialista.

O 30 de novembro coñeciamos os últimos datos oficiais de evolución do PIB e dicíannos que o crecemento económico en xeral tiña máis ou menos o mesmo comportamento tanto en Galicia como en España. Mais, cando falamos de recuperación de emprego, de creación de emprego, non é igual: crecemos igual que España pero creamos moito menos emprego. E a min saben, señorías, que me gusta dar os datos, e os datos en base ao que di o INE.

Así, no último ano, aproximadamente, 19.500 empregos creados representan menos do 4 % do total do que se recuperou en España. De seguir o mesmo comportamento que no resto do país, estaríamos creando 10.000 empregos máis. É un obxectivo prioritario do Partido Socialista a loita contra a precarización, os baixos salarios e a aparición de traballadoras e traballadores pobres. Isto non se pode facer da noite para a mañá, si en base a un novo modelo de salarios decentes neste país, que ten que incidir en diferentes ámbitos que son os que se recollen en parte nesta iniciativa.

O actual modelo salarial de España está actuando de cortalumes, impedindo o progreso económico e social, non soamente por eses nefastos efectos sociais que coñecemos. Está tamén incidindo no ámbito económico e poñendo en risco esa tan esperada recuperación económica, na medida en que imposibilita a normalización do consumo nos fogares baixo o pano dos baixos salarios e que incide na diminución de taxa de aforro das familias.

Nós cremos que é importante, respectando sempre a autonomía da negociación colectiva entre os sindicatos e a patronal, salientar a importancia deses acordos anuais que recuperen o peso salarial. E vou poñer algúns exemplos. En Galicia no ano 2009 as retribucións eran o 48,6 % do PIB desta comunidade autónoma, en oito anos descendeu un 12 %. En España a porcentaxe era do 42 % das contías das rendas salariais, hoxe é un 11 % superior no resto de España que nesta comunidade autónoma. Temos —témolo lembrado en moitas ocasións— o terceiro salario medio máis baixo de toda España. Estamos no podio das comunidades con salario inferior, soamente superados por Canarias e por Estremadura. Os salarios son entre un 11 % e un 12 % inferiores á media do Estado.

É importante tamén —e o Grupo Socialista así o vén defendendo nestes derradeiros anos— o incremento gradual do salario mínimo interprofesional ata chegar aos 1.000 euros —non o dicimos soamente nós, é tamén unhas das recomendacións da Carta social europea—, un incremento que se ten que facer a razón, por exemplo, que é a nosa proposta, de 98 euros en cada un dos tres próximos exercicios.

Pero, señorías, tanto para incrementar os salarios dos traballadores e as traballadoras ata niveis dignos como para aumentar o salario mínimo interprofesional é —necesario non— imprescindible que os sindicatos aumenten en España o seu poder de negociación. O aumento da desigualdade salarial e a precarización do emprego é tamén o resultado do debilitamento do poder de negociación dos traballadores no marco da negociación colectiva, en base e por culpa desa inxusta reforma laboral posta en marcha polo Partido Popular.



Podemos imaxinar as mellores medidas en materia de emprego para mellorar o mercado laboral pero non as poderemos poñer en marcha e non mellorará o contexto laboral se non freamos os abusos da contratación temporal, que deixe de ser unha vía de escape para a contratación que realizan moitos empresarios e empresarias. É por iso que consideramos —necesario non, repito— imprescindible que se reforce o principio de causalidade como única xustificación para a aplicación destes contratos, que se aumente a eficacia tamén da Inspección de Traballo, para que o contrato temporal sexa unha ferramenta transitoria e excepcional, pero non un instrumento para precarizar aínda máis o emprego neste país.

Se vemos a porcentaxe que entre as persoas asalariadas teñen unha xornada parcial, esta aumentou considerablemente na nosa comunidade autónoma. Eran algo menos de 12 de cada 100 no ano 2010 e hoxe son máis de 15 de cada 100. E por tipo de contrato pois as persoas asalariadas con contratos indefinidos son en Galicia cerca de 100.000 menos nos últimos oito anos.

Respecto dos empregados públicos, anunciada a suba do 1 %, nin sequera chega ao que reclamaba para o sector privado a propia CEOE. É por iso que somos partidarios tamén de como mínimo que a suba salarial para o vindeiro ano se equipare co incremento da inflación real e que se recupere de maneira paulatina o poder adquisitivo que se perdeu ou que se roubou durante estes anos de crise económica.

No sector público é tamén importante non soamente falar de salarios, tamén de condicións de traballo. Así, nós seguimos reivindicando dende o Grupo Socialista a implantación das 35 horas semanais sen que supoña unha diminución das retribucións salariais. É importante non soamente para os empregados e empregadas públicas, senón tamén para abrir o camiño para toda a sociedade española, para as empresas privadas tamén, e mellorar na repartición no tempo de traballo, na diminución das horas que se traballan neste país e no incremento, en fin, da calidade de vida dos traballadores e das traballadoras.

Para os socialistas e as socialistas a desigualdade salarial entre homes e mulleres é quizais o punto de peche dunha cadea de situacións de discriminación que sufrimos as mulleres no ámbito laboral, unha cadea que se inicia dende as dificultades de acceso ao propio mundo laboral á modalidade de contratación, ao modelo curricular, á falta de medidas para unha real e efectiva conciliación no ámbito familiar e no persoal.

Nós, os socialistas, seguimos e seguiremos incidindo na loita pola igualdade de xénero e a non discriminación, unha bandeira que levantamos sempre que podemos con moito orgullo, e nesta materia, ademais doutras medidas, necesitamos, queremos poñer en marcha unha Lei de igualdade laboral que teña en conta dende a incorporación ás condicións laborais e de remuneración das mulleres no mundo laboral.

Así mesmo, tamén pedimos máis transparencia, porque consideramos que é importante tamén esa obrigatoriedade de que os salarios dos traballadores e das traballadoras, esa diferenza, esa fenda salarial que existe, que en Galicia é superior ao 22 %, sexa pública e notoria e se saiba que tipo, que modalidade de contratos teñen os traballadores e as traballadoras nunha empresa.

Señorías, se falamos de mocidade, temos que referirnos aos máis damnificados pola crise económica, aos que máis sufriron os retallos e as políticas antisociais tamén do Partido Popular. Nós nesta iniciativa recollemos tamén a posta en marcha de medidas como a revisión e a promoción do contrato de substitución, do contrato en prácticas, do estatuto do bolseiro, a eliminación desas prácticas extracurriculares que moitas veces substitúen postos de traballo.

En Galicia a poboación que está entre os 26 e os 35 anos de idade suma máis de 220.000 galegos e galegas. O salario medio é de 13.912 euros brutos anuais. Se facemos o cálculo, señorías...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...nin tan sequera chegan ao concepto de mileurista na repartición de catorce mensualidades, unha situación dramática e que, dende logo, debemos de seguir combatendo.

Esta iniciativa recolle tamén medidas para rematar co problema dos falsos autónomos.

Señorías, eu non teño tempo para máis. É certo que é unha iniciativa moi completa coa que intentamos polo menos hoxe chegar a un acordo en algo que consideramos que é importante: dar un paso máis na mellora das condicións de vida e das condicións de traballo de miles de persoas neste país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Por parte do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Continuando por onde remataba a señora Blanco, é unha iniciativa que trae propostas variadas e que toca diferentes ámbitos. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego concorda con moitas delas, con outras temos algunha cuestión de matiz —pero entendemos que son un bo punto de partida— e con algunha outra pois temos algunha diferenza máis importante, derivada da lectura que facemos do momento e a ruta que hai que seguir. En todo caso, independentemente de que o Partido Socialista acepte ou non as nosas emendas, non nos oporemos a que esta iniciativa avance se así o decide —aínda que teño pouca expectativa, non sei a señora Blanco— o Grupo maioritario. En todo caso, hai un par de puntos que nos gustaría, se non acepta as emendas, que botáramos por separado, pero xa falaremos despois.

Ben, como marco global, para as nacionalistas, analizamos que neste momento nos atopamos nun contexto socioeconómico e político onde o Partido Popular, tanto na Xunta como no Estado, intenta aproveitar o crecemento do cadro macroeconómico para pintarnos a imaxe dun mundo ideal e, dunha banda, primeiro, expandir esa idea da recuperación, cando todos os datos demostran que esa recuperación non acaba de trasladarse aos galegos e galegas, non

acaba de trasladarse á clase traballadora galega, e temos como, por exemplo, se incrementou durante a época do Goberno Feijóo ata tres veces máis rápido que no conxunto do Estado a taxa de pobreza; e, por outra banda, en segundo lugar, pois intentar tamén aproveitar desde o poder de forma global a superación teórica da crise para consolidar o modelo de precariedade e de pobreza, o que nos levou a consolidar esa estafa e o modelo do traballador e traballadora pobre. Así, imos só ás macroestatísticas, obviando cuestións como que, por exemplo, no noso país haxa máis de 109.000 persoas que cobran menos de 350 euros ao mes.

Esa é a estratexia e, polo tanto, entendemos que neste contexto temos que actuar con contundencia, desde o Parlamento e tamén desde o sindicalismo de clase, para que non se empregue esta coartada para furtar máis dereitos.

Entendemos que a consolidación do traballador e traballadora pobre non é a saída, máis aínda cando tamén ese período de crise agudizada pois deixounos que precisamente eran os salarios máis altos os que aumentaban nesa época. Polo tanto, é momento de sermos exixentes e non avalaremos ningún pseudocontrato social que manteña ese *statu quo*.

Emendamos de forma concreta o punto 3, porque, como ben saben e non sorprenderá a ningún, defendemos e defenderemos que é preciso derrogar as reformas laborais, en plural, de forma especial o Real decreto lei 10/2010, a Lei 35/2010 e tamén o Decreto lei 20/2012 e Real decreto lei 3/2012, así como todas as normativas que derivan.

Entendemos que sen un marco legal máis garantista será imposible avanzar en cuestións tan elementais, aínda que non o emendamos de forma específica, como a vulneración constante ao marco laboral galego. Centralizando cada vez máis as decisións fóra do noso país, entendemos que perdemos.

Para mostra, pois un botón. Recentemente asistimos ás consecuencias da centralización da negociación colectiva, por poñer un exemplo, que tampouco recibiu resposta da Xunta de Galiza, como o convenio provincial de construción de Pontevedra, que foi denunciado no xulgado pola patronal de Madrid, pasando por riba da provincial, precisamente porque era mellor que o convenio xeral.

En segundo lugar —vou avanzando rápido tamén, porque son moitas cuestións—, emendamos o punto 6, porque quizais sexa unha cuestión de redacción, pero nós entendemos que debemos ir á redución o mínimo posible deste tipo de contratos e acompañar en melloras dos contratos de práctica. Apostamos, polo tanto, por poñer en marcha unha batería de medidas destinadas a que nin un só euro das administracións públicas sirva para avalar ese tipo de contratación e esconder cifras de precariedade, de desemprego, baixo bolsas de contratación e baixo outro tipo de subterfuxios mentres despois non hai unha política laboral real por detrás. Entendemos que eses fondos deben ir destinados a outras cuestións.

E quería aproveitar os últimos segundos que me quedan para facer unha reflexión sobre a cuestión da fenda salarial. Fálase moito da fenda salarial neste país e invéstigase, fiscalízase e apóstase pouco pola inspección. Nese punto concordo coa señora Blanco. Eu recomenda-

ríalle ao Partido Popular que faga menos campañas e menos observatorios e máis medidas concretas para que isto se corrixa.

E unha reflexión. Falamos moito tamén da demografía e da perda demográfica deste país, pero, se vemos precisamente o que nos di o panorama laboral, podemos ver como no último ano hai máis de 10.000 activas menos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...entre as menores de 35 anos. E, se vemos a evolución das activas e cos datos de poboación —e remato xa, señor presidente— desde 2009, perdemos máis de 50.000, que, aínda que se compensaron por vía doutros tramos de idade, demostra un panorama desolador, onde as mulleres menores de 35 anos —as que estamos en idade, se o queremos, de reproducirnos— somos as que máis faltamos deste país, as que máis emigramos e as que menos traballamos en condicións dignas. E, polo tanto, sen unha política laboral diferente, todo o que fagan por esa crise demográfica que tantos titulares lle regalan será papel mollado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Señorías, dende En Marea cremos que ninguén pode negar hoxe o panorama de desigualdade social, que motiva, entre outras cuestións, esta iniciativa. E nós pensamos que este panorama non é máis que un dos efectos directos de buscar a mellora da competitividade precisamente seguindo a estratexia de competencia por baixos prezos a custa de sacrificar o poder adquisitivo das vendas de traballo, como se vén expoñer na exposición da proposición non de lei.

É que ata as propias institucións europeas suspenden o Estado español en desigualdade. Non o di En Marea, non o din os partidos da oposición, dío a Unión Europea, que refire que o 20 % que máis gaña consegue cinco veces máis que o 20 % que menos na Unión Europea, pero no Estado español esa proporción está lixeiramente por riba de seis veces e media. O Executivo comunitario chama a atención sobre o feito de que en España non se estableceron os niveis de igualdade por renda anteriores á crise.

Así pois, coincidimos, como se di desde a oposición, nun elemento de análise que motiva a presentación desta iniciativa, e é que a recuperación macroeconómica dende 2014 non se traduce na realidade social.

Os propios orzamentos da Xunta, como temos denunciado dende En Marea, inhíbense de medrar o que medra o PIB; inhíbese, polo tanto, de utilizar esa ferramenta pública para actuar o máximo posible na economía. E, namentres, no que seguimos é na anomalía laboral galega, coa peor evolución laboral de todo o Estado, perdendo máis emprego —eses 104.000

empregos menos que no 2009—, medrando máis o desemprego, a taxa de paro elevándose máis e sendo unha das comunidades autónomas que máis poboación activa perdemos, algo dramático nese sector da mocidade, como xa se vén de expoñer.

Estamos no marco —lembrámolo, non o deixaremos de lembrar— dunha reforma laboral —de 2012— que desprotexeu a clase traballadora, para trasladar o poder de negociación ao empresariado. E aquí coincidimos co que expresou a señora Blanco: é imprescindible que os sindicatos —algúns deles aquí representados hoxe— recuperen o poder negociador, que a clase traballadora recupere o poder de negociación colectiva, porque, se non, seguiremos nunha situación perfecta para a hiperexplotación laboral, a contratación precaria, os salarios de miseria, a pobreza laboral en definitiva.

E un apuntamento: os datos de Eurostat din que a evolución dos salarios por hora no Estado español foi exactamente do 0 %, e se, ademais, atendemos a inflación, pois seríamos o Estado da Unión Europea con maior perda de poder adquisitivo da clase traballadora. E se, ademais, miramos para o noso país, veremos que somos un dos lugares onde máis se encarecen os prezos, especialmente a calefacción, a luz e a auga. Tamén o dicíamos onte: o que se chama a pobreza enerxética aínda é maior que considerando no conxunto global a pobreza.

Así pois, non se recuperou o consumo. Pero é que isto hai que comparalo coa Unión Europea, porque, se mentres no Estado español o salario agora permanece conxelado, na eurozona si aumentou o 1,6 % e no conxunto da Unión Europea un 2,1 %. Aquí está a demostración de que aquí a recuperación só chega ao capital financeiro e ás empresas.

Así, a baixa calidade do emprego que se está a crear, fundamentalmente para a mocidade —logo falaremos especificamente desta cuestión—. Aínda que ese salario permanece estancado, nin sequera os novos empregos reducen a media, porque se pactan nos convenios colectivos moi poucas subas. Vexamos algún exemplo, algún exemplo moi concreto de salarios dalgúns convenios galegos. Hostalería; Lugo, 2012, auxiliar de recepción e conserxe-ría, 772,50 euros. Comercio téxtil de Ourense, 2010, dependenta, 960,44 euros. Non son salarios, son miserentos, todos eles por debaixo de 1.000 euros ao mes. Hai que lembrar aquí que o 45 % das asalariadas e asalariados galegos en 2015 cobraban menos de 972 euros brutos ao mes; menos do 45 % non chegan nin a milleuristas. Pero isto significa que, a pesar da tan alardeada recuperación económica, moitos convenios colectivos, tanto sectoriais como de empresa, están sen negociar e por riba con este tipo de salarios.

Isto é especialmente grave para as traballadoras. Algúns destes convenios que citei son sectores moi feminizados. Vexamos por que hai que incidir especialmente, como fai esta iniciativa, nun plan específico para o traballo feminino. ¿Por que? Esa desigualdade laboral de xénero, ao redor do 22 % en 2015, con causas estruturais moi profundas, que teñen que ver coa división machista do traballo e a presenza destas, das mulleres, nos traballos peor remunerados e nos sectores máis precarizados, provoca, nun gráfico moi visual, que no decil salarial dos peores salarios, o 10 % dos salarios máis baixos, as mulleres no Estado español ocupen o 75 % deses postos de traballo, dese decil, e que en Galicia aínda é peor: o 80 % deses peores empregos están ocupados por mulleres.

Por iso, si, concordamos na necesidade dun plan específico para a mocidade —está aí a baixa taxa de emancipación,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...os traballos precarios da xente moza— e dun plan específico para o emprego feminino. ¿Por que? Non poderemos recuperar un país con pulo demográfico con este nivel de salario; e, para poder decidir termos os fillos que queremos ter, precisamos salarios e emprego.

Estas medidas son un punto de inicio. Ímolas apoiar, aínda que sexan simplemente medidas moi xerais, pero dicimos tamén: non só valen os discursos, hai que tamén levalos á práctica.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Se Calvo-Esteiro pecha, deixando mulleres fóra dos seus postos de traballo, os discursos estarán moi ben pero a práctica é que as mulleres perderán o seu traballo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Confésolle, señora Blanco, que ante a súa iniciativa estiven un tempo dubidando se se trataba verdadeiramente dunha PNL ou era un programa electoral. Eu creo que non é un programa electoral para presentarse á Secretaría Xeral provincial do Partido Socialista; posiblemente non é tampouco programa electoral para a Secretaría Xeral autonómica; incluso podería ser para presentarse á Secretaría Xeral do Partido Socialista de España. Eu diríalles ao señor Gonzalo Caballero e ao señor Pedro Sánchez que vaian vixiando as súas espaldas, porque creo que esta iniciativa que vostede trae hoxe a este pleno ten moito que ver con ese proceso no que vostede está participando e moi pouco que ver coa realidade do noso país. *(Aplausos.)*

É curioso que deputados que acusan o grupo maioritario de traer iniciativas de autobombo, iniciativas propagandísticas, utilicen algo tan delicado como o emprego —e precisamente dende o Partido Socialista— para vir aquí facer unha campaña electoral interna.

Mire, a recuperación económica continúa trasladándose ao mercado laboral. É algo que vos pode empeñarse en negar permanentemente, pero é unha realidade que está aí, e que os datos confirman mes a mes, todos os meses dende hai tres anos e medio.



Mire, o paro baixou no último ano en 16.700 persoas, un 8 %. O paro baixa en Galicia, o paro baixa en España. Situámonos a niveis de desemprego por debaixo de datos de hai oito anos; cinco anos consecutivos de caídas nun mes de novembro; 1 de cada 3 persoas abandonaron as listas do paro neste período; estamos falando de 90.000 parados menos que en novembro de 2012. Polo tanto, eu creo que eses datos, publicados no día de onte, contradín claramente o seu discurso catastrofista.

Nas afiliacións á Seguridade Social, hoxe temos 20.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai doce meses. Esa é unha realidade que vostede non contempla.

Pero é que mellora tamén a calidade do emprego. A contratación indefinida crece no último ano ao redor dun 10 %. Vostede non dixo nada de todo iso. Superamos o ritmo de subida da media do Estado. Tampouco falou diso. Medramos tamén na contratación a tempo completo nun 5 %, 5,8 % exactamente, con respecto ao último ano.

Esos son datos que confirman, señorías, que a economía galega segue consolidando a súa recuperación. Imos no bo camiño. É verdade que viñamos dunha situación moi mala. ¿Sabe cando? Cando gobernaban vostedes. Cando gobernaban vostedes, no último ano de goberno socialista cos nacionalistas —que hoxe están no Bloque, algúns nas Mareas, outros na casa—, daquela, o paro subía a razón de 50.000 persoas no último ano. E por iso aqueles do Partido Socialista, os do Bloque Nacionalista Galego, os que agora están nas Mareas de Podemos e os que están na casa, efectivamente, están todos moito mellor na casa, todos moito mellor na casa, que é o que decidiron efectivamente os galegos cando houbo eleccións.

Mire, hoxe falamos de calidade do emprego, de emprego xuvenil, de fenda salarial por cuestións de xénero. Esas son as nosas preocupacións tamén. ¿Sabe que pasa? Que, cando gobernaban vostedes, o que non había era emprego, e daquela non había emprego, nin bo nin malo, non había emprego nin para mulleres nin para homes, daquela non había emprego nin para mozos nin para maiores. Hoxe, efectivamente, falamos da calidade do emprego, porque esa é a preocupación. E ¿sabe por que? Porque temos creado emprego ao longo dos últimos anos, en Galicia e en España, sen axuda de vostedes.

Eu fálolles dunha iniciativa que é certamente propagandística. Fala vostede de plan de choque, de implementar medidas. ¿Cales?, porque non propón ningunha. Está instalada na ambigüidade máis absoluta.

Mire, a emenda do BNG é moi curiosa, moi simpática. Eu quero saber o que fai vostede con ela, porque no seu primeiro punto o que propón é derrogar, efectivamente, a reforma laboral, igual que vostede. Pero eles o que din é: derroguemos tamén a súa, aquela que por certo non serviu absolutamente para nada, señora Blanco. E, polo tanto, o BNG propón derrogar a nosa reforma laboral, a que creou emprego, e a súa, a do Partido Socialista, a de 2010, que non serviu para nada. Gustaríame saber que vai votar ao respecto; supoño que votará a favor, porque lles dá exactamente igual. Derrogar a reforma laboral de 2010 de Rodríguez Zapatero, o seu líder.

Mire, escoitándoa, non parece que fose un goberno socialista o que xerou tres millóns de parados no noso país. Escoitándoa, non parece que fose un goberno socialista quen con-

xelou as pensións en España, por primeira vez na nosa historia. escoitándoa, non parece que fose un goberno socialista quen rebaixou o salario dos funcionarios un 5 % todos os meses, para toda a vida. Foi o seu Goberno. Polo tanto, non nos dea leccións absolutamente de nada.

Emprego indefinido. Mire, 7 de cada 10 asalariados teñen un contrato indefinido en Galicia —non o digo eu, dío a EPA do terceiro trimestre—. Ocupación a xornada completa, mire, ¿sabe que di a EPA do terceiro trimestre?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** O 87 % dos ocupados de Galicia teñen unha xornada a tempo completo.

Emprego feminino. Galicia ten 10.090 desempregadas menos que ao inicio da nosa primeira lexislatura. Polo tanto, traballamos nesa dirección.

Mire, señoría —remato xa—, xa que vostede aproveitou para vir aquí facer campaña, por se non volvemos ter un debate neste Parlamento ata o día das primarias, eu tamén aproveito para desexarlle toda a sorte do mundo a vostede nestas eleccións. Pero tamén quero aproveitar esta tribuna para mandarlle un saúdo ao señor Pachi Vázquez, porque, despois de todo o que fixo por vostede...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e pola súa carreira, debeu levar unha boa decepción entendendo que realmente vostede non era unha... *(Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da iniciativa, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

O primeiro, por respecto a quen polo menos se preocupa por presentar unha emenda, voume dirixir á señora Presas. Non imos aceptar a emenda; si que estamos dispostos a unha votación por puntos. Evidentemente, derrogar a última reforma laboral, podemos seguir derrogando ata o principio da democracia; o que hai que facer é sentarse a falar para reformar o mercado laboral, témolo que facer entre todos e todas.

Señor Tellado, cada vez que vostede sae aquí —voullo confesar—, en baixo, no Grupo Socialista dicimos: «preparados para impacto», porque vostede a verdade é que pois vén aquí, si, si, facer o seu teatrillo. E eu entendo que vostede é secretario xeral e eu respéctoo moito.



Mire, eu non teño moito tempo e eu en catro minutos non lle podo explicar ao Partido Popular o que non logro comprender en corenta anos. Eu síntome moi orgullosa do proceso de primarias do Partido Socialista, en todos os ámbitos, que estamos realizando, porque, claro, falarlles a vostedes de participación e de democratización das organizacións políticas pois é que lles soa a chino, señor Tellado, (*Aplausos.*) pero é que non teño tempo para explicalo. O que si que lle digo é que en Ourense o secretario provincial o poñen os 1.600 militantes, non o pon Baltar con Feijóo axeonllado ao seu lado; iso si que llo digo. (*Aplausos.*)

Voume máis preocupada do que cheguei, que xa non era pouco. Miren, seguen co discurso de que todo vai de marabilla, de que en Galicia os datos de emprego son boísimos. Mire, señor Tellado, afiliación anual, 1,5 puntos menos en Galicia que en España; número de indefinidos, 11 % menos en Galicia que en España; evolución respecto do ano 2010, mentres que os contratos temporais por circunstancias da produción eran o 2,80 % no ano 2010, agora son o 3,5 %; por obra e servizo eran o 12 %, agora son o 15 %; é dicir, seguen negando a evidencia da temporalidade e da precariedade no mercado laboral.

Mire, e tamén o seu discurso sempre xira ao redor de Zapatero. Eu síntome moi orgullosa do presidente Zapatero; eu téñollo dito moitas veces. Dende logo a nosa política non era a da señora Andrea Fabra. Iso si que dende logo llo podo dicir, non era dirixirnos aos desempregados e ás desempregadas deste país con esa falta de respecto. (*Aplausos.*)

Está claro que non imos chegar a un acordo. Todas as iniciativas que leva presentado ata o de agora o Grupo Socialista en materia de emprego, todas, señor Tellado, foron rexeitadas. E vostedes son os que presumen de diálogo e vostedes son os que presumen de consenso. Tamén lle digo que, aínda que foran todas rexeitadas, imos seguir insistindo, imos seguir insistindo de maneira constante, si, en que é necesario mellorar a condición de vida —volvo repetir—, as condicións do mercado de traballo de miles de persoas neste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e á aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001427, documento número 19337).*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que para garantir o cumprimento dos obxectivos referidos, a Xunta de Galicia compromete un incremento orzamentario progresivo en persoal, equipamentos e infraestruturas sanitarias para finalizar a lexislatura nun 10 % superior aos orzamentos 2017.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 19337 [10/PNP-001427].*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e destinar todos os esforzos a defender unha sanidade pública galega, universal e gratuíta, e nese obxectivo, realizar de xeito prioritario as seguintes actuacións:*

*-Un plan de choque para a eliminación das listas de espera dentro da sanidade pública galega coa dotación de persoal e recursos precisos.*

*-Presentar un plano de recuperación de emprego que permita repoñer todas as prazas perdidas desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010.*

*-Proceder á substitución de tod@s @s profesionais nas súas ausencias durante a totalidade das mesmas.*

*-Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo Díaz.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Hoxe dende o Grupo Popular do Parlamento de Galicia traemos a este pleno unha proposición non de lei sobre a transformación e continuación na mellora dos servizos sanitarios promovendo a humanización no referente á capacitación científico-técnica dos profesionais e aproximación ao paciente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía.

Na sanidade pública todo é importante e todo é mellorable, e nese sentido, desde que o Partido Popular chegou ao Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, a sanidade foi primordial, e o maior orzamento da Autonomía, ano tras ano, recae na sanidade. Son importantes as infraestruturas, si, e por iso ampliáronse e melloráronse e por iso hoxe máis do 70 % dos galegos viven nunha área na que teñen un hospital reformado ou un centro de saúde novo ou reformado. Dende o 2009 investíronse máis de 700 millóns de euros na modernización de infraestruturas hospitalarias e actuouse en 49 centros de saúde.

É importante a tecnoloxía tamén. Por iso se realizou a maior inversión do Sergas en tecnoloxía: preto de 100 millóns de euros.

Consolidouse a historia clínica electrónica e a receita electrónica e o IANUS permítenos que para os galegos, esteamos onde esteamos e enfermemos onde esteamos e acudamos a un centro de saúde, calquera profesional ten ao seu servizo todos os nosos datos, e isto, falando de saúde, é vital.

Seguimos mellorando co impulso da e-consulta, que permite un diálogo permanente entre a atención primaria e entre a atención hospitalaria e nos diferentes servizos hospitalarios, e cerca do cen por cento da imaxe médica xerada do Sergas está xeneralizada, e tamén o cen por cento dos centros de saúde galegos poden facer uso da telemedicina.

E tamén é importante o capital humano, o persoal. Por iso, agora que os orzamentos o permiten, fíxose un plan de estabilidade para reducir a interinidade. No mes de abril deste ano asinouse o Plan de estabilidade de emprego e provisión de persoal estatutario do Sergas, que vai permitir reducir o 5 % a porcentaxe que representa o persoal eventual.

E unha vez que se ten actuado en todos estes eidos, pensamos que agora é o momento de actuar noutro, non menos importante, que para nós é fundamental: a humanización. A tecnificación dos servizos de saúde, a prioridade pola eficiencia e o control dos custos poden provocar que nalgúns ocasións o persoal de saúde antepoña aspectos administrativos, financeiros e procedementais á prestación dun servizo de saúde orientado ao ser humano.

A humanización da saúde ten como obxectivo central orientar a actuación no mundo da saúde cara ao servizo da persoa doente, considerándoa na súa globalidade persoal e tratando de ofrecerlle unha asistencia integral, con cordialidade, que responda ás dimensións psicolóxica, biolóxica e social. Humanizar unha realidade significa facela digna da persoa humana, é dicir, coherente cos valores peculiares e inalterables do ser humano. É fundamental que todos os profesionais orienten o seu coñecemento ao servizo dos demais, situando, en primeiro lugar, a sensibilidade e a ética no acto do coidado, resaltando a dignidade humana e ofrecendo unha óptima atención, comunicación e información aos usuarios, pacientes, familias e outros profesionais involucrados no sistema.

Calquera acto de atención sanitaria implica, ademais do intento de curar unha enfermidade en base ao coñecemento científico, o esforzo por coidar o paciente e que, ademais, este se sinta coidado. Nese sentido, sabemos que o Goberno do Partido Popular de Galicia segue

avanzando na implantación do plan estratéxico de humanización da asistencia sanitaria coa finalidade de seguir avanzando na mellora da asistencia sanitaria pública galega.

Os profesionais sanitarios son os axentes da humanización. A humanización é unha característica inherente ao coidado e son numerosas as iniciativas que están en marcha, tanto na atención primaria como na hospitalaria, que se relacionan coa mellora da humanización da asistencia.

O coidado dos profesionais que poidan desempeñar o seu traballo lonxe do estrés diario inherente ao desempeño do seu labor, en moitas ocasións, parécenos fundamental, así como engadir valor aos cidadáns, responder de forma completa, constante e eficaz ás necesidades e expectativas cambiantes dos pacientes, transformándoas en propostas de valor atractivas e sostibles mediante o respecto e a consideración á súa dignidade humana, á súa singularidade e á súa liberdade e á súa autonomía; prestar asistencia centrada nas persoas, coas señas de identidade dun trato cortés, usando como ferramentas fundamentais a comunicación efectiva e clara e a relación de axuda; crear contornas favorecedoras da humanización para os profesionais, traballadores do sistema sanitario, pacientes e coidadores, así como para a organización.

Os profesionais son o principal valor do sistema sanitario, o principal axente da humanización. Desenvolver e formar as súas capacidades e habilidades para a comunicación, a bioética, as relacións de axuda, xunto coas habilidades emocionais e sociais, é tarefa fundamental, así como previr o síndrome de desgaste profesional.

As persoas que traballamos en saúde sabemos a importancia que ten, cando estamos enfronte dun paciente, a escoita eficaz, o poñerse no seu sitio, darlle importancia ao problema que trae a consulta. Que teña maior ou menor importancia para ese paciente é o seu problema. E poñerse ao seu carón, escoitalo e saber transmitirille da mellor maneira posible e de xeito que o entenda e que se vaia da consulta sentíndose escoitado e co seu problema de saúde resolto ou en vías de resolución é fundamental.

Por iso, xestionar eficazmente os cambios, incrementando as capacidades e competencias dos profesionais e da organización, en alianza coas asociacións de pacientes, as sociedades científicas, as universidades e outros axentes de saúde e da sociedade civil, é moi importante; en definitiva, producir un impacto positivo na contorna e na sociedade no seu conxunto polas melloras na humanización da asistencia e a xeración de valor e coñecemento colectivo respecto disto.

E por todo o exposto anteriormente, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa transformación dos servizos sanitarios para responder mellor aos requirimentos e ás expectativas da cidadanía, promovendo a humanización dos servizos sanitarios nas súas dúas vertentes: a capacitación científico-técnica dos profesionais e a aproximación humana ao paciente, digno de respecto e de consideración.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Amigo.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** É unha mágoa que a señora Blanco marchara, pero díganlle, cando volva, que poden facer como esta iniciativa do Partido Popular e quitar xa o programa electoral, a ver se así ten máis sorte que o señor Tellado a próxima vez.

Ben, brincadeiras á parte, despois de ler esta iniciativa —despois cóntolle, que, se non, acabábase o tempo—, a verdade é que o primeiro que se me viña a cabeza é dicir unha obviedade que me dá case ata un certo pudor, pero créanme que o digo totalmente en serio; é dicir, o primeiro que é necesario para a humanización da sanidade é dotala de seres humanos, de seres humanos profesionais da sanidade pública que poidan ter unha maior atención ás persoas usuarias desta sanidade. O que digo parece unha obviedade, pero é que a verdade, lendo esta iniciativa, en moitas cousas que na teoría concordamos, que como espírito nos poden parecer ben, pero que realmente se comparamos esa teoría coa praxe que despois hai do Partido Popular na sanidade pública, pois vemos que é totalmente diferente.

Por iso emendamos a proposta de resolución, que é bastante desiderativa e pouco concreta, para incluír un punto específico pois precisamente de política de persoal e reclamar unha vez máis que presenten un plan de recuperación de emprego que permita repoñer todas as prazas perdidas desde a aplicación da taxa de reposición xa no ano 2010, así como proceder a toda substitución dos profesionais durante as súas ausencias, durante a totalidade das mesmas, e parar de trampear, como están a facer.

Xa sen entrar —porque non me dá tempo— na situación laboral que xera a falta de persoal nos propios traballadores e traballadoras, pois nin que dicir ten que a temporalidade tan avultada que hai neste momento na sanidade pública deriva en que sexa complicado, por exemplo, algo tan elemental para a humanización do trato da sanidade como que as persoas usuarias e os propios médicos poidan afondar na confianza mutua e nos tempos de atención, no coñecemento do paciente e das súas circunstancias e demais.

Outra cuestión que está diametralmente oposta á humanización da sanidade entendemos que son as listas de espera. Por iso tamén propoñemos un plan de choque para a eliminación destas e para que deixen de derivar para a privada. Non se pode vir aquí, como se nada, falar de humanización mentres temos un problema grave en pleno debate orzamentario, pois vostedes tampouco introducen ningunha novidade para atallalo. Facendo o mesmo, repetindo sempre o mesmo, desde o BNG entendemos que imos ter o mesmo resultado, e que, polo tanto, doentes agardando, listas trampeadas e o abuso do recurso ás derivacións á privada, que o din organismos como o Consello de Contas —non é que o invente tampouco o BNG *ex novo*—.

Tamén me referirei, de forma breve, porque o tempo é pouco, á importancia que nós entendemos que debe ter a atención primaria. A atención primaria é a porta de entrada para todas nós, salvo emerxencia, para a sanidade pública, e, polo tanto, é prioritario reforzala. Por iso apostamos por poñer en marcha un plan de mellora que sexa elemento chave para o sistema sanitario público galego. Reforzar a atención primaria, non ter dentro de tres días, se temos

unha gripe, que ter unha agarda innecesaria porque non hai médicos con cupos axeitados e demais e ver casos como os que xa temos sinalado, volver ver esas urxencias cando o andazo da gripe teña o seu pico máis forte e demais.

Cuestións como que todo o mundo na atención primaria teña espazos, tempo, atención, capacidade, para que eses magníficos profesionais, que nós tanto respectamos, poidan traballar de vagar, poidan afondar na prevención, na educación sanitaria e non só cubrir as emerxencias.

E corrixir o que levan facendo vostedes nos últimos nove anos, que basicamente vén ser recortar os orzamentos, ata nun 21 %. Todos os pasos que vostedes levan dados foron sempre na dirección de secundarizar a atención primaria e de precarizar pouco a pouco a sanidade pública. Iso súmase a máis factores e é un suma e segue que vai en detrimento de algo que deberíamos blindar.

Por non falar tamén do infrafinanciamento que ten esta área de goberno, por ese sistema de financiamento que é absolutamente lesivo nestes momentos.

Como conclusión —e remato xa—, vostedes falan de continuar na transformación da sanidade que vostedes patrocinan e nós entendemos que, como proposta xeral, o que cómpre facer é rectificar a súa política sanitaria e destinar todos os esforzos a defender unha sanidade pública que realmente sexa pública, galega, universal e gratuíta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Resulta difícil tratar unha iniciativa como esta nun debate parlamentario e por iso, dende o noso punto de vista, sería preciso apuntar algunhas cousas. Cremos importante destacar que temos visións distintas do Parlamento; nós respectámolo, iso é un primeiro punto. Pero é que, ademais, por unha cruel coincidencia do destino, nesta sesión vimos de debater unha proposta do Grupo Socialista que foi atacada aparentemente por ser un programa electoral, por ter un montón de medidas, con datos, con posicións ideolóxicas, e resulta que afrontamos agora unha iniciativa, xusto despois, que vén dicir basicamente que é cumprir o programa electoral, neste caso do Partido Popular.

O que antes era atacable por ser supostamente un programa electoral —con bastante pouca graza, por certo— agora resulta que se transforma, minutos despois, en cumprir un programa electoral, e a diferenza é que agora temos unha iniciativa que é un absoluto brinde ao sol, debe ser por aquela vontade fantástica de que non existe política e teñen que facela os xestores e, polo tanto, aquí alguén debe considerar que temos que vir debater palabras ba-



leiras, e, fronte a aquela situación, o que temos agora é unha iniciativa que non di absolutamente nada.

No caso anterior, por exemplo, debatemos cuestións, houbo un debate interesante entre varios portavoces moi educados, tamén falou outro despois, e ademais tivemos unha iniciativa para debater sobre cuestións de paro, de emprego. Ante esa situación houbo unha crítica sobre cantas medidas —debe ser que hai que traballar moito para ver todas as medidas— e sobre cal é a posición dos grupos. E nós plantexamos despois, vendo esta iniciativa, que é o que se pretende, e o que se pretende facer é un brindado ao sol, porque non hai nin unha soa medida concreta que se propoña, ningunha; son declaracións de intencións.

Pero, claro, isto non debería ser tan difícil de percibir cando un fai un pequeno histórico, por exemplo, na sanidade, que é o tema —dígoo porque é tan difuso que ás veces é difícil de percibir que intentaba facer da sanidade—. Na sanidade, que probablemente sexa un dos temas tan importantes, como ben se di nalgunha iniciativa, incluso nesta, nós preguntámonos se realmente hai algunha vontade de facer utilidade deste Parlamento cando se xestiona a sanidade. E, entón, preguntámonos se esta é a iniciativa que hai que traer para debater a sanidade, ¿que é o que propón? Pero, claro, facendo ese histórico, nós podemos ir atrás e ver que as comisións de sanidade levan normalmente cero iniciativas do Partido Popular, (*Aplausos.*) cero. Cando vostedes falan de debater e de traballar pola sanidade, teñan en conta que levan cero, e ás veces ata é mellor que leven cero, porque cando levan unha propoñen cambiar carteis dun hospital.

Hai que ter un pouco de respecto polas institucións. Xa sabemos que hai posicións que teñen menos respecto ás institucións e que veñen aquí criticar que se fagan programas electorais. A verdade teño que dicir que a intervención anterior que escoitei é unha coincidencia moi cruel, porque unicamente habería que ler as dúas e ver os dous debates para avergoñarse un pouco, se se ten capacidade.

En todo caso, nós o que nos plantexamos é: realmente ¿que se propón? Proponse un vacío de declaración de intencións que non di nada e que non propón nada. Mire, nós viñemos de propoñer na Comisión de Sanidade e neste pleno plans de emprego, e o Partido Popular vota en contra; a mellora da atención pediátrica, e o Partido Popular vota en contra. Vimos de propoñer reformar o sistema sanitario para que teñamos un sistema non igualitario, que tamén, senón equitativo, que é moito máis que igualitario, porque o igualitario dá o mesmo para todo o mundo, que pode ser unha boa idea de partida, pero o equitativo dá a cada un o que se merece ou o que necesita para partir dunha igualdade de oportunidades, e hai persoas que necesitan máis.

Por exemplo, por iso propoñemos moitísimas veces que non se pode gobernar a sanidade de Galicia cunha folla de Excel, que hai lugares onde é preciso atender e saltar esa mentira que se utiliza das ratios para atender e ter persoal, por exemplo en atención primaria no rural, onde é máis necesario, porque non é o mesmo analizar 700 persoas maiores que 1.300 persoas mozas nun barrio urbano. (*Aplausos.*)

Por iso é necesario analizar e non pechase nos despachos e facer iniciativas baleiras e absurdas. Porque o que necesitamos para a sanidade é ter un concepto claro do que queremos.

Se queremos unha sanidade humanizada, para humanizar o que é preciso son humanos, e os humanos son persoal, e non perder 7.000 postos de traballo como perdemos nos últimos oito anos, e ter unha capacidade de que ese persoal sanitario que atende a cidadanía de Galicia non estea en condicións precarias. Iso é humanizar a sanidade e o demais é facer debates vacíos.

Por iso, eu creo que é necesario respectar este Parlamento, defender as posicións que cada un teña, pero respectar e traer debates que sexan sentidos, que sexan normais e que teñan unha proposta concreta, e non vir aquí pretender facer a todos palmeros dunha consellería que está rompendo os criterios de igualdade, que ten proposta unha reforma de saúde para diferenciar sanidade de primeira e de segunda e que vén aquí unicamente utilizar este Parlamento como caixa de resonancia de cuestións que algún debería de reformular, porque, se se fai un histórico do que vén apostando pola súa comarca, polo seu hospital ou polo seu sistema sanitario, debería de ser consciente de que é mellor ás veces estar calado en vez de dicir algunhas cousas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Bo día de novo.

A risco de que se considere demagogia, voulle facer unha pregunta, señora Amigo, pero asegúrolle que para as persoas que a padecen pois non o é, e é que se o concepto de humanización —eu pensaba cando lía esta iniciativa— é, por exemplo, o do Hospital de Monforte, no que se mudan, si, as sillas das salas de agarda pero, non obstante, o mobiliario das plantas de especialidades e de medicina interna continua enferruxado, continua antediluviano, e se continúan tendo unhas ratios de pacientes moi elevadas a respecto das patoloxías que teñen eses pacientes para o persoal, entón, nese concepto de humanización dende logo non estamos.

E é que nos parecía esta iniciativa unha iniciativa de propaganda, enmarcada no contexto xeral da sanidade, porque é evidente que, como dixo vostede, os profesionais son o principal axente de humanización, pero é que precisamente a nosa sanidade ten un problema de falta de persoal. Por iso non emendamos, porque nos parecía que esta iniciativa non era máis que un brindado ao sol.

Vaiamos aos datos. Dende a aplicación das taxas de reposición nos últimos anos perdemos preto de 1.800 traballadores e traballadoras na sanidade pública. Humanización —repetimos, e como xa o fixeron os compañeiros que me precederon— é ter persoal para humanizar precisamente esa sanidade, é ter recursos humanos.

Outro dato, a temporalidade. Hoxe, a temporalidade é, segundo o Consello de Contas, dun 23,8 % en atención primaria e dun 34,5 % en especializada. A precariedade, así, está á orde

do día; os contratos de días e horas, que tamén están á orde do día dende hai anos, que a propia Inspección de Traballo reconece que a Xunta dá de baixa o persoal contratado en fins de semana para non pagarlle días libres. Se está é a humanización da sanidade, aí non estamos.

Os recortes, por certo, tradúcense tamén en algo que temos tratado numerosas veces na Comisión 5ª, que é a non cobertura de permisos e vacacións en atención primaria, tamén no persoal médico, que orixina mesmo lista de agarda para a consulta na atención primaria. Convídoa, nun exemplo concreto, a ir pola Mariña, a algún centro de saúde, cando non hai persoal suficiente, cunha ratio de pacientes por cada médico ou médica de atención primaria que é inasumible.

Esta situación xeneralizada de falta de persoal, evidentemente, traducíuse nas listas de agarda. Un exemplo: a espera para un TAC con resultado é unha lista de agarda en moitos casos intolerable. Tamén a convído a ver a lista de espera no Servizo de Dixestivo en Monforte. Pensemos se isto é humanización da sanidade.

Outro exemplo, humanización da sanidade. Eu estou absolutamente de acordo co dereito que teñen as persoas en situacións de doenza de ter os servizos relixiosos que soliciten, pero é que iso non implica que teña que ter o Sergas os curas en nómina. Iso non é humanización da sanidade.

E, finalmente, pois outro exemplo. Houbo no 2017, nos primeiros seis meses, 174 agresións a persoal sanitario. Sabemos que é un problema grave e que unha das alternativas que dá o PP tamén é ese interlocutor en materia xudicial para esta cuestión. A nós non nos parece mal. Os profesionais sanitarios veno tamén como unha opción, pero é que a principal actuación que hai que facer para evitar as agresións crecentes a persoal sanitario é precisamente dotar de máis medios a sanidade pública. Isto dino os propios expertos, que falan desta figura do interlocutor xudicial en materia sanitaria. Dino porque os pacientes, cando teñen lista de agarda tremenda, ven nos profesionais sanitarios e sanitarias o primeiro eslabón contra o que amosar a súa desesperación. E isto non é xustificar en ningún caso as agresións. É poñerlle remedio a unha das causas de que se orixinen estas situacións de tensión. Iso tamén é humanizar.

Humanizar tamén é, por exemplo, contarmos en Galiza cun centro público de referencia para atención ao dano cerebral adquirido. Agardo que ese acordo ao que chegamos na Comisión 5ª se poida materializar efectivamente; aí terannos. Iso si que o consideramos humanización.

Remato. Consideramos, como di a iniciativa, que os pacientes son dignos de respecto e consideración, pero, por iso precisamente, máis persoal, medios materiais dignos, máis investigación, ratios adecuadas ao traballo, á carga de traballo, e sistema público digno. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señores da oposición, a saúde non é unha cuestión coa que se poida faltar á verdade, e vostedes constantemente parece que non a toman en serio; constantemente alarman, constantemente faltan á verdade, constantemente embrollan e tratan de confundir a poboación. Menos mal que os galegos son un pobo intelixente e saben o que teñen enfronte e á hora de elixir e de emitir o seu voto iso nótase. Deberían de estar orgullosos do sistema sanitario que temos en Galicia; en vez de embrollar, deberían de aportar.

Falando de prazas, recórdolles que na OPE deste ano saen o dobre de prazas.

E eu vin aquí falar de humanización, que a nós interézanos a humanización, xa vemos o que lles interesa a vostedes. Non existe humanización sen calidade e tampouco é posible a calidade sen humanización. E miren, si, dentro do programa electoral do Partido Popular de Galicia, que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega, figuraba unha epígrafe específica sobre a adaptación dos servizos sanitarios confortables e amables para os pacientes, e o Partido Popular cumpre coas súas promesas electorais.

Nese sentido, nós temos que destacar como primordial a cultura e a humanización dos profesionais sanitarios, a realización de programas para fomentar o liderado e mellorar o clima laboral, mellorar as competencias humanísticas e favorecer actitudes humanizadas.

No referente á atención en urxencias, na hospitalización, centrándose na mellora, a sensibilidade, a humanización na atención tanto a familiares como a acompañantes, o acompañamento de espazo de pacientes ingresados aos que se lles van realizar probas, a calidade do descanso dos pacientes hospitalizados, a humanización de espazos sanitarios, a información ao paciente e familiar durante o seu ingreso de maneira clara, con palabras que sexan de fácil entendemento, en linguaxe accesible, e que todo isto sexa máis fácil para o doente, que, en definitiva, un paciente, cando entra nun hospital, hai que recordar que é un señor que se sente vulnerable, e por iso temos que mellorar neste tipo de atención.

Sabemos que queda moito por facer, si, e requírese disto, de creación de protocolos e guías. E miren, algunha destas actividades non requiren investimento extra, e evidentemente a formación dos profesionais ou o mantemento das instalacións si que requiren de orzamentos específicos.

Señores, máis seriedade e máis humanización.

En canto ás emendas, por suposto, aquí vimos falar de humanización. Como vemos o que lles interesa a vostedes, nós non podemos aceptar as súas emendas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca e das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señora Amigo, antes de que marche, eu o ano pasado no mes de agosto tiven que ir poñerlle unha vacina a unha nena saharauí; fun á Pobra de Trives, onde está o noso centro médico, e non había pediatra; mandáronme a Maceda, fun a Maceda, que está a 40 quilómetros, e cheguei alí e non había, e mandáronme ao día seguinte a Ourense. Isto resúmese nuns douscentos e pico quilómetros e dous días. Eu non quero crear alarmismos, pero un pouco cabreado si que estaba, e esas son as políticas que vostedes teñen hoxe no medio rural en sanidade. (*Aplausos.*)

Vou ao tema antes de que me mande o presidente.

O día 20 de outubro do ano 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a ampliación das zonas afectadas pola praga da pataca ou couza guatemalteca. Nesa resolución do 17 de outubro da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias ampliaron as zonas demarcadas de corentena pola presenza da praga na pataca.

O resumo dos antecedentes, isto todo está no DOG publicado, non é mención nosa. A praga denominada couza guatemalteca na pataca foi detectada na Comunidade Autónoma de Galiza en agosto do ano 2015.

A través da resolución do 16 de outubro do ano 2015 da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias declárase a presenza da praga e establécense as zonas demarcadas para esta praga e adóptanse as medidas urxentes para a súa erradicación e control na comunidade autónoma.

Posteriormente, pola resolución do 11 de febreiro do ano 2016, a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias amplía as zonas demarcadas pola presenza da praga. Con data 4 de marzo do ano 2017 publícase ese esperado real decreto, do 3 de marzo, polo que se establecen mediante o programa nacional de control e erradicación da *Tecia*, da praga da couza.

En aplicación deste real decreto, en Galiza publícase a resolución do 8 de marzo do 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para

a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena da couza da pataca na nosa comunidade autónoma.

En datas posteriores á da publicación desa resolución do 8 de marzo producíronse novas deteccións deste organismo no concello de Cariño, incluído ata ese momento na zona tampón. Polo tanto, debe pasar a declararse todo o concello como zona infestada, e aplícase nel o establecido nos puntos 2, 4 e 5 da mencionada resolución: ampliar as zonas infectadas pola existencia da praga, manter todas as medidas fitosanitarias establecidas na resolución do 8 de marzo e, en concreto, a expresa prohibición do cultivo de pataca nesas zonas infectadas. Os agricultores e as agricultoras das zonas tampón definidas no punto 1.b) da resolución deberán seguir comunicando inmediatamente despois da sementeira todas as parcelas cultivadas con pataca e os operadores de pataca de semente na comunidade autónoma de Galicia deberán cumprir distintos requisitos que recolle o decreto.

En resumo, en agosto do ano 2015 detéctase, o 16 de outubro do ano 2015 establécense as zonas demarcadas para esta praga, o 11 de febreiro do 2016 amplíase a zona demarcada por esta praga e o 8 de marzo deste mesmo ano prodúcense novas deteccións.

Señores e señoras do Partido Popular, eu creo que as medidas que se teñen adoptado ata este momento son insuficientes. Iso creo que vostedes que tamén o saben. Se non, non terían sacado ese decreto.

As medidas que se están a aplicar non chegan. Aínda por riba de todo isto, o 2 de marzo do ano 2017 o Parlamento de Galicia aprobou unha serie de medidas, propostas por En Marea na Comisión 7ª, para investigar e erradicar a praga da couza, que afecta parte das explotacións de pataca en Galiza. A proposta permitiría a creación dunha comisión técnica de seguimento da couza da pataca. Nesta comisión están representadas a Xunta, a Fegamp, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e a Indicación Xeográfica Protexida «Pataca de Galicia». Os cometidos desta comisión serían as medidas de control da praga, as accións informativas para afectados e as que se tomen para evitar a súa ampliación, así como a evolución do decreto que prepara o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. A comisión debería informar por escrito da súa actividade ao Parlamento de Galicia a través da Comisión de Agricultura sobre as medidas de control aprobadas, os medios humanos e materiais dos que se dispoñan e a evolución que rexistra a praga en Galiza. Non se fixo. Nove meses despois de aprobar nunha comisión este acordo, non se fixo.

Ademais desta comisión e dos informes ao Parlamento, tamén aprobou a acción de elaborar un informe escrito que debería remitirse aos grupos parlamentarios sobre a avaliación das medidas de prevención adoptadas dende o ano 2015 para evitar a extensión da praga da couza. Non se fixo.

Ademais, nesta comisión acordamos instar o Ministerio de Agricultura para que axilice a aprobación do decreto, que saíu máis tarde, que recollera estas medidas eficaces e rápidas para evitar a extensión da praga.



As medidas fitosanitarias e de control impostas dende aquela, así como a prohibición de plantar pataca nos ditos concellos, a obriga de arrancala e as escasas axudas, facían temer o peor: o avance coa expansión a todo o país, afectando un sector económico vinculado á pataca e moi importante na nosa comunidade, e tamén que afecta a propia persoa consumidora final, posto que unha gran parte da poboación planta pataca para consumo propio, para o autoconsumo, algo que tamén dende En Marea denunciámos, porque se viu totalmente excluído das ordes de axudas.

Dende a primeira detección de positivos, o avance da praga foi intenso, como era previsible. Debido a esta circunstancia, a Consellería encargou unha encomenda a Tragsa, que, por certo gastaron 2 millóns de euros en seis meses para afrontar o control da praga, e vemos unha vez máis que non resultou eficaz. Esta encomenda consistiu en monitoreo, emprazamento de trampas, traslado de mostras ao laboratorio, recollida de pataca afectada e traslado a vertedoiros controlados, aínda que todos vimos nas redes sociais fotos colgadas de patacas tiradas nos cauces dos regatos e de patacas infestadas tiradas nos contedores do lixo, etc.

E fago referencia a Tragsa para que todos vexamos que os cartos que o Partido Popular orza aos recursos humanos de sanidade vexetal no público son claramente insuficientes, dada a relevancia que está collendo a seguridade hoxe en día na sanidade vexetal. Hai pragas como a *Trioza* dos cítricos, a *Xylella* na oliveira e nas viñas, a couza da pataca, a avespiña do castiñeiro, etc., que poden arrasar cultivos que pensamos que son hoxe de grande interese económico para o noso país.

Ao longo do ano 2016 e 2017 realizáronse algúns traballos, aínda que pensamos que son insuficientes: colocación desas redes de trampas de que falabamos na zona de vixilancia, nas zonas demarcadas para o propio control da praga, un mapeo, informatización de datos, inspeccións visuais das parcelas e das propias colleitas, remisión de mostras de tubérculos ao laboratorio, retirada de patacas das explotacións afectadas a vertedoiros controlados —ás veces non—, charlas informativas en distintos concellos —pocas—, informouse moi por riba a comerciantes, almacenistas e distribuidores, algo de material divulgativo ás agricultoras —pouco—, á xente de autoconsumo que ten patacas na casa, esas en veiguiñas pequenas para o autoconsumo —non lles chegou—, distribuíronse algunhas trampas nas explotacións afectadas, etc.

As decisións da Xunta, da Consellería do Medio Rural, foi ampliar esas zonas demarcadas, pasalo de 18 a 31 ou 32 —creo que son hoxe xa—, crear esas zonas tampóns de 5 quilómetros de ancho, intensificar a divulgación e información ao sector.

Ante todo isto, ante os acordos que ata o de agora se levan incumprido por parte da Xunta de Galicia, despois deses acordos tomados na Comisión 7ª, vémonos na obriga de volver presentar esta iniciativa. Estamos presentando unha iniciativa que non vai supor custo económico para a Administración. Estamos presentando unha iniciativa para informar os grupos parlamentarios, para informar a sociedade de Galiza do problema da couza hoxe no labradío de pataca, informar sobre o avance da couza guatemalteca e as medidas que se van tomar —medidas que esperamos que sexan eficaces— a fin de erradicala, informar sobre as medidas establecidas ata o de agora e os seus efectos, recollidos na resolución do 8 de marzo

do ano 2017, que recolle as zonas infestadas e as zonas tampón, e implementar as medidas para a súa erradicación e control do organismo de corentena, e informar sobre as axudas concedidas a particulares e produtoras.

Somos coñecedores de moitos casos de xente que arrancou esa veiguiña para autoconsumo, e cando tiña que solicitar unha axuda de 60 euros e viron os impostos que lle ían calcar despois por recibir esas subvención, desistiron, polo que pensamos que esas axudas non son válidas hoxe para o noso agro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día.

Comezamos por unha nefasta xestión dunha praga que se comezou a manifestar en só tres concellos. Nun ano de nefasta xestión e de inacción, pasa a estar presente en 32, salta á prensa e teñen que facer que andan, sen andar.

En marzo deste ano, de 2017, na Comisión 7ª chegamos a un acordo unánime de creación dunha comisión de seguimento da couza da pataca. Foi —e xa me repito— un teimoso empeño en conseguir este acordo, teimoso por parte do Partido Popular, entre outras cousas para non ter que quedar en evidencia votando en contra das razoables PNL que sobre este tema presentaba a oposición.

A continuación, o máis rigoroso hermetismo encapsulou o tema da couza. E así, unha vez máis, temos que denunciar desde esta tribuna o desprezo que a Consellería do Medio Rural ten polos acordos deste Parlamento, en concreto por este. Entre outras cousas, porque alí comprometéase a Xunta de Galiza a que se nos informara por parte desa comisión de seguimento en todo momento das medidas que se estaban tomando, das novidades, etc., etc. Nada diso aconteceu, nada diso aconteceu, nada.

As preguntas temos que facelas ao aire: ¿xestionaron ben a retirada da pataca contaminada? Non. A resposta é «non». Apareceron, como dicía antes o compañeiro de En Marea, bolsas con patacas contaminadas en contedores, en regatos, en calquera sitio. Non se xestionou ben a retirada.

¿Quen e como retirou a pataca afectada e baixo que condicións? Porque en comisión a nós afirmámonos que en vehículos hermeticamente cerrados, desinfectados antes, despois e durante. Levábanse a outro lugar onde se desinfectaban antes, despois e durante. Nós non entendemos, non entendemos como aparecen estes tubérculos ou como por parte dalgunhas empresas se ofrecen tubérculos contaminados para facer compost.

¿Que control se levou sobre o movemento do produto procedente de zonas en corentena? ¿Foi efectivo? É dicir, ¿houbo algún tipo de vixilancia, á parte da vixilancia normal que poden exercer as forzas da orde do Estado? ¿Houbo algún tipo de vixilancia sobre o movemento do tubérculo neste país? ¿Houbo incidencias? ¿Constan algunhas incidencias?

Reúnese esa fantasma comisión de seguimento o 11 de outubro e falan de cifras, actuacións efectuadas, logros, fracasos, patacas decomisadas. E o 24 de novembro —é dicir, antonte practicamente— prometen que lle van mandar ao PSOE —autor da pregunta— esa información como unha deferencia —a información que alí se dá falada—. É o señor Pérez Seco quen lle suxire á señora Do Campo que nola mande aos demais, e a señora Do Campo accede, solícita, a este desexo.

¿Que agochan?, é dicir, ¿que esconden?, ¿que temen? ¡Caramba! ¿A quen lle van botar a culpa? ¿Van facer o mesmo que cos lumes? É dicir, ¿van buscar un chibo expiatorio á súa ineficacia? Porque é unha ineficacia manifesta: de 3 concellos salta a 32 —e agora son máis—. E dinnos polo medio do verán —así, entre outras declaracións— que o problema da couza está remitindo, está indo para atrás. Claro que si, é certo, nos lugares en corentena hai incidencia nas trampas, baixou moitísimo, non me estraña, ¡non se plantou, caramba! ¿Como non vai baixar? ¡Pobres de nós se non baixase!

Miren, só desde a asunción, desde a transparencia do problema, desde a información puntual á sociedade do que está acontecendo con este problema —porque é un problema de todos e cada un dos cidadáns, sobre todo dos que vivimos no rural, que plantamos ou plantabamos patacas para o noso consumo—, só desde esa transparencia, a sociedade pode asumir o problema en toda a súa magnitude e podemos entre todos poñerlle couto. Da outra maneira non facemos nada. Con hermetismo, o único que poderemos facer é ocultar o problema e, como a avestruz, meter a cabeza debaixo da ala e esperar a que lle dean unha patada no cu —con perdón—.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señorías, bo día.

Falamos hoxe dunha iniciativa que, despois de varios debates e medidas tomadas pola Xunta, debería estar resolto, pero ao día de hoxe non o está. Unha previsión falida dos seus efectos. A medio prazo non xustifica a tardanza en reaccionar á xestión da praga, xa que no 2015 a Xunta era coñecedora da existencia da praga e non fixo nada. Houbo que esperar ata marzo de 2017 para sacar un decreto polo que se prohibía plantar patacas en 13 concellos da provincia da Coruña e en 18 concellos da provincia de Lugo, un total de 31 concellos, cando xa a xente tiña comprada ou apalabrada a semente e nalgúns casos patacas plantadas. Unha praga que comezou con 3 concellos afectados e dende o 20 de outubro temos 32 infestados.

Polo tanto, as conclusións son: primeiro, que a praga non está sendo controlada; segundo, que non se está a conseguir parala; e, terceiro, que aumenta a preocupación nas zonas limítrofes ás afectadas.

Ademais, trátase dun problema con gran repercusión mediática, que parece que xurdiu da nada. Semana si e semana tamén estivo compartindo titulares con outras novas na prensa e noutros medios de comunicación. A proliferación da polilla desembarcou na aprobación dun decreto por parte da Xunta prohibindo a plantación durante polo menos dous anos na área infestada. Agora, transcorridos dous anos dende a primeira notificación da presenza da praga, no ano 2015, seguimos cunha incerteza considerable en tanto a como se atopa. Esa incerteza trasládase aos produtores e particulares, xa que é o momento de comezar a compra da semente para plantala nos primeiros meses do ano que vén. E tanto almacéns como particulares seguen sen saber se será posible a súa plantación ou non.

A crise desatada por este insecto devora as patacas e deixa moitos damnificados, como todos xa sabemos a estas alturas. Ademais, a gran maioría son produtores que cultivan para autoconsumo, o que xera situacións de maior descoñecemento, e outra minoría, produtores profesionais.

Esta praga puxo baixo o foco unha produción vexetal que, sen ser autóctona, acadou certa natureza e posición central na cultura e na gastronomía deste país, un cultivo que algúns galegos consideraban pouco relevante, ligado ao autoconsumo, agás as zonas da Limia, Coristanco e Bergantiños, claramente enfocadas á venda. Pero este novo traspé para o campo tamén sacou á luz un pequeno produtor que destina un excedente ao comercio comarcal e que lle supón unha renda complementaria, tan importante neste momento de crise. Estamos a falar de millóns de quilos de patacas e de milleiros de afectados, non só dos 32 concellos afectados, os que non están especialmente tranquilos polo discorrer dos acontecementos. E iso é unha realidade non interpretable senón fácil de visualizar.

E como xa comentaban os meus antecesores no turno da palabra, a falta de información nas reunións da comisión de seguimento, cando na Comisión 7ª hai un acordo por unanimidade de informar os membros da dita comisión, non fai máis que poñer de relevo a pouca atención que se lle está dando ao problema e a vulneración do acordo desta Cámara, polo que parece increíble que case un ano despois da prohibición de plantar patacas non teñamos novas sobre a situación da praga nin das conclusións das reunións da comisión de seguimento.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar esta iniciativa do Grupo En Marea.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Salgado.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** Grazas, presidente.

Señorías, señor Rodríguez, señores deputados.

Non lle caiba dúbida de que somos os primeiros interesados na transparencia e claridade no avance da loita contra a praga da couza guatemalteca e no resultado das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para o seu control e erradicación. E por iso teño que dicirlles e insistir en que das súas intervencións se podía deducir que non escoitan as intervencións que teñen feito nas comisións e mesmo no plenario os distintos membros do Goberno nin len as respostas ou están atentos ás respostas escritas que preguntan e plantexan os seus respectivos grupos. Porque miren, señorías, o Goberno ten feito quince respostas en comparecencias en comisión, por escrito e mesmo coa comparecencia da conselleira relativas a esta praga.

Respostas, todas estas que teño aquí. Respostas da conselleira do Medio Rural ás preguntas orais 4974, 5017 e 5073 en relación coas medidas tomadas ao respecto da couza; resposta ás preguntas parlamentarias 4832, 6603, 7674, 7675, 8401, 8402, 8405, 12822, 12823, 16737, 16869 e 19430; todas elas respostas neste Parlamento.

Ademais destas respostas —como se lles informou repetidamente—, celebráronse dúas reunións —que vostedes recoñecen e coñecen— da comisión técnica de seguimento, o 30 de xuño e o 11 de outubro de 2017, reunións nas que está representada, ademais da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias —a Fegamp—, é dicir, a representación dos alcaldes de Galicia e xa que logo dos concellos afectados.

Señorías, non é certo que os concellos non estean informados, teñen os seus representantes nesa comisión. Tamén están na comisión o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia —como aquí se lembrou— e a Indicación Xeográfica Protexida «Pataca de Galicia», que abrangue as zonas produtoras de pataca de calidade de todo o país. Esta comisión técnica naceu tras o acordo, efectivamente, de marzo, da Comisión 7ª, co obxectivo de compartir a información e dar transparencia ao respecto das medidas de control que se están levando a cabo así como da evolución da praga no noso país.

Así que, señorías, respecto do que xa coñecen —aínda que non parece que se dan por enterados—, no mes de xuño de 2017 a conselleira do Medio Rural creou a comisión de seguimento da praga da couza guatemalteca como órgano no que se tratarán os temas relativos a esta praga e como canle de información e asesoramento aos concellos e ao resto dos axentes implicados.

Na sesión inicial do 30 de xuño fíxose un repaso da situación da praga naquel momento e das disposicións e normativas publicadas ata aquela data e do seu grao de cumprimento. Informouse xa daquela da existencia da orde de indemnización e dos baremos aplicados. Nesa reunión de xuño púxose en destaque a importante colaboración dos alcaldes tanto pola difusión realizada das medidas de erradicación contra a couza como da cooperación prestada na loxística da campaña e nos labores de Seaga dentro das zonas de recollida.

Esta comisión de seguimento, señorías, volveu reunirse —como vostedes coñecen e recoñecen— o día 11 de outubro de 2017 co fin de informar, xa con datos concretos, das actuacións que se tiñan realizado durante os meses anteriores.

No tocante ás cantidades recollidas por concello dende o 1 de maio ao 31 de agosto precisouse que eran arredor de 350 toneladas as patacas recollidas por este dispositivo, sendo destruídas nas instalacións autorizadas de Cerceda, na Coruña, señorías.

En relación coas capturas da *Tecia solanivora* en campo, os cadros entregados resumen as capturas segundo provincias e concellos nos anos 2016 e 2017. Destaca —eu creo que é un dato importante e que deberían de quedar con el, porque parece que non atenden este dato— a diminución importante no número de exemplares capturados, obviamente polas medidas tomadas. Se se prohíbe a plantación, obviamente ten que dar resultados, e eses resultados dan como resultado que diminúan os exemplares capturados en concello como O Valadouro, Xove, Foz, Cervo e Alfoz, na provincia de Lugo; e Mañón, Narón ou Neda, na provincia da Coruña. Contrariamente, señores do PSOE, señor Seco, destaca tamén o aumento producido nas capturas das trampas instaladas no concello de Ortigueira. E ¡ollo!, porque aquí a Xunta sinala os importantes problemas de colaboración institucional no que atinxe aos labores de redución da praga neste concello. É importante que traballemos todos xuntos, todos os concellos e todos os alcaldes, e que colaboremos coas medidas adoptadas.

Polo que toca ao estado das solicitudes e pagamentos de indemnizacións, á data 26 de setembro había 206 solicitudes de beneficiados da provincia da Coruña e 1.026 da provincia de Lugo. E xa no mes de xullo a Consellería do Medio Rural comezara a aboar as cantidades pola retirada de patacas nas zonas afectadas.

Polo tanto, señorías, entendemos que a Consellería do Medio Rural mantivo informados os concellos e todos os sectores afectados das actuacións levadas a cabo neste primeiro ano de aplicación das medidas establecidas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** ...para a loita contra esta praga.

Coa prudencia e cautela que o tema aconsella, mantendo a aplicación das medidas e a garda e vixilancia das mesmas, sen ser en absoluto triunfalistas, todo apunta a que estas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia se están manifestando eficaces e efectivas na loita contra esta praga. Proba diso é a rápida detección...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GÓMEZ SALGADO:** ...—remato, presidente— de polillas na zona tampón do concello de Cariño e a inmediata declaración de todo o concello como zona infestada para aplicárselle o establecido nos puntos 2, 4 e 5 da resolución de marzo. Lonxe de ser unha debilidade do sistema, é unha fortaleza a rápida detección e a aplicación das medidas.

Pero remato, señorías, presidente...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa.



**O señor GÓMEZ SALGADO:** ...como comecei. Estamos a ofrecer transparencia. Como quedou claro na miña intervención, existiu e existe por parte da Consellería vontade de información. E deuse información máis que suficiente para avaliar efectivamente os resultados das medidas adoptadas contra a couza guatemalteca.

Anuncio que votaremos a favor, en demostración de transparencia e de claridade, a súa iniciativa.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Gómez Salgado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas de novo, presidente.

Dende En Marea advertimos, dende ese primeiro aviso, cando se detectou a praga, de que o tema se ía descontrolar, e así foi. De feito, nós denunciámos e preguntamos por que non sacaron vostedes un decreto galego no mes de outubro ou novembro prohibindo esta plantación. Sabemos que non o fixeron porque había eleccións. E vostedes dicían que iso non se podía facer dende a Administración autonómica. É falso: temos competencias suficientes en sanidade vexetal. As accións de defensa vexetal non teñen apoio hoxe, están desmanteladas, e pensamos que son unha ferramenta fundamental para conter unha praga. O ano pasado, o ano 2016, só houbo unha subvención para a provincia de Lugo.

A liña de axudas de 250.000 euros, dando 0,30 por quilo para as que están acopiadas nos pataqueiros e 0,70 por quilo para a pataca de semente, eses 4.000 euros por hectárea recollida, dende En Marea parécennos moi insuficientes. Seguimos preguntándonos onde están as axudas polo lucro cesante ou onde están as axudas para autoconsumo. Non existe para as economías domésticas, porque a xente non accede a elas porque despois vénlle a declaración da renda, ten que xustificalas e non lle sae a conta.

E —insistimos— deben de reforzar vostedes o Servizo de Sanidade Vexetal. Estamos nunha crise parecida a moitas outras das que están pasando e aquí non se fai absolutamente nada.

Botei de menos algunha referencia do señor Gómez Salgado sobre o incumprimento dese acordo, do acordo que tomamos por unanimidade, como ben dixo o señor Seco, na Comisión 7ª. Vostede dixo aquí, afirmou que xa levan dúas ou tres reunións e non se nos informou de nada a ningún dos grupos parlamentarios.

E hoxe as respostas, diante da crise, do Partido Popular nun sector minguante como é o agrogandeiro no noso país, onde xa apenas ou xa creo que non chegamos ao 5 %, deixan moito que desexar. Estamos nun ano moi malo, de acordo. Pero neste ano houbo importantes perdas no sector hortícola; respostas, cero. No sector do viño, perdas máis pequenas —tamén é verdade—, polas xeadas e pola pedra. ¿Saíu unha axuda? Si. ¿Insuficiente? Si. ¿Imposible de conseguir? Tamén. Perdas no cereal polo pedrazo. Perdas no sector do mel polas xeadas, polo

que non deu chegado a tempo a floración, e pola seca e mais a velutina, que se segue expandindo por todo o país. Perdas no sector da castaña pola xeada, a seca e a pedra; estamos falando de máis dun 60 % de perdas. Perda na gandería pola seca.

Aplaudimos dende En Marea que aproben esta iniciativa. Agora ben, esperamos que non fagan como fixeron no acordo tomado na comisión do 2 de marzo. Pasaron nove meses e ninguén desta Cámara tivo noticia ningunha das medidas que están a adoptar, tal e como acordamos nesa comisión, por escrito. Despois, as respostas xa son outras vías. E aquí pensamos que nesta crise xa non nos vale máis tarde que nunca, porque o tarde se cadra pode ser devastador nunha crise como pode ser a da couza guatemalteca.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Tal como se anunciou, suspendemos agora a sesión para asistir ao acto en memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo, que se celebra na praza da Constitución, aquí ao lado, e á que se pode acceder pola rúa Ramón Piñeiro, para o cal está aberta a valla pola que podemos pasar todos.

Reanudaremos o pleno mediante sinal acústica, pero será ao redor da unha-unha e cinco.

*Suspéndese a sesión ás doce e trinta e tres minutos do mediodía e retómase á unha e nove minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Bos días.

Continuamos coa sesión plenaria e seguimos no punto de proposicións non de lei, a 4.7.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre san Rafael, S. L., no concello de Touro:

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.

10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. *Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.*
12. *Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.*
13. *Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.*
14. *Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.*
15. *Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.*
16. *Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.*
17. *Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.*
18. *Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.*
19. *Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.*
20. *Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.*
21. *Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.*
22. *Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc.).*
23. *Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.*
24. *Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión pro-*

*fesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días de novo a todos e a todas.

Na primeira pregunta feita ao señor conselleiro de Industria neste hemiciclo sobre o proxecto de reapertura da mina de Touro fun acusado de estar na ilegalidade, de emitir xuízos prematuros e de tentar forzar a consellería a saltar os prazos establecidos pola lei. A presión política é un recurso lexítimo en democracia cando expresa alarma social, e neste caso haina, ¡vaia que a hai! Os cidadáns non se fían da legalidade, e nós desconfiamos abertamente.

Desconfianza primeira: un proxecto destas características debe deixar claras e diáfanas as responsabilidades empresariais sobre o proxecto, sobre as garantías ambientais e sobre as responsabilidades que puidesen derivar de accidentes ou desastres antes ou despois dunha eventual operación. Na documentación do proxecto cítase un entramado de empresas: unhas como titulares dos dereitos mineiros, supostamente en contradición co propio Censo catastral mineiro; outras promoverían a actualización do proxecto de explotación; e outras empresas máis, aínda sen papel específico, levantan dúbidas sobre a asunción de responsabilidades, especialmente tendo en conta os antecedentes e vencellos dalgunhas das empresas. Vaia como exemplo esta sinxela pregunta: ¿que relación gardan Minas Metálicas del Noroeste, S. L., e Explotaciones Gallegas del Cobre, S. L., co proxecto? Se estas dúas empresas non son titulares de ningunha concesión da explotación, ¿cal é o seu papel?

Desconfianza dúas: non pode en razón ser asumible, nin polo Goberno de Galicia nin pola súa cidadanía, un megaproxecto mineiro que deixa un impacto ambiental gravísimo e que supón unha ameaza que permanecerá no futuro sobre un amplo territorio bañado pola vía fluvial do Ulla, que abastece de auga potable unha zona densamente poboada e que é unha arteria de riqueza en si mesma, que remata no universo xerador de vida e de recursos económicos chamado «ría de Arousa».

Falamos pois dun megaproxecto que deixaría atrás de si un impacto ambiental real alto. Ese impacto real é un vello coñecido na comarca pola contaminación xerada pola pasada actividade mineira do 1973 ao 1986. Por certo, non sabemos que fixo o Goberno do señor Fernández Albor co depósito de 300 millóns de pesetas que aí quedarán —polo que se viu só teoricamente— para a restauración do dano feito. Quedou feito un desastre, abandonado o espazo e a poboación, e sen controis ambientais de ningún tipo. Esta tráxica realidade é un dos fundamentos da nosa desconfianza.

Pois a ese dano real, digamos que inevitable, teríamos que sumar unha ameaza gravísima de risco extremo de desastre, e non estou exaxerando, que se estendería desde a propia mina ata a desembocadura do Ulla, é dicir, a ese anaco de paraíso que chamamos «ría de Arousa».

Porque as balsas mineiras e piscinas de lixiviados e escorrentías non son de broma. Falamos da entulleira auxiliar de Vieiro, cunha altura máxima desde o coroamento ata o pé de 100 metros e unha superficie de 48,4 hectáreas, onde se pretenden acumular máis de oitenta millóns de metros cúbicos dos residuos potencialmente máis contaminantes.

O seu emprazamento garante a contaminación dos mananciais presentes na zona. Falamos da megabalsa mineira de Arinteiro, cun muro de formigón de 80 metros e unha superficie na base de 126 hectáreas, que confinará millóns e millóns e millóns de toneladas como depósito de estériles de planta altamente contaminantes.

Igualmente arriscada é a previsión de acumular grandes cantidades de entullos, potencialmente xeradores de drenaxes ácidas nas cortas de Arinteiro e Vieiro, e neste caso o encapsulamento pretende conseguirse inundándose os entullos con auga, denominando eufemisticamente «*laguna de Arinteiro e Vieiro*». O gran depósito de lodos e augas ácidas de mina que se formará mediante a unión e recheo destas dúas cortas con recheos xeradores de augas ácidas é tremendo.

O realmente inquietante é a clasificación de riscos dos muros de contención destas balsas. Segundo as guías para a clasificación de muros da Comisión Internacional de Grandes Presas, contidas no proxecto, o factor de risco do muro de presa é alto pola súa capacidade, extremo pola súa altura, moderado polos requirimentos da súa evacuación —que están falseados, porque falan de cero a cen mortos posibles, e é cerca de douscentos— e extremo polo dano potencial augas abaixo.

Acabadas as desconfianzas, comezamos polas certezas.

Certeza unha: a contrapartida a este futuro de contaminación extrema e alleamento de valiosos recursos mineiros é a creación de menos de trescentos postos de traballo temporais. Polo medio queda a segura destrución dos postos de traballo asentados no territorio que xeran as explotacións gandeiras, punteiras produtoras de leite e carne, e mais as industrias de transformación de nomeado prestixio, e as hectáreas de labradío e monte afectadas directa e indirectamente, nas que se fixeron custosos investimentos nos procesos de concentración e subvención europeas.

En román paladino, esa maraña de empresas vai arrincar do noso solo millóns de toneladas de material bruto, que xerarán en principio unhas 350.000 toneladas de material, cunha riqueza dun 27 %, que serán subastadas no mercado internacional, que desaparecerán temporalmente e regresarán como produto elaborado, cun altísimo valor engadido que deu actividade laboral e beneficio económico lonxe de nós. Nós quedamos co lixo, co risco e coa contaminación; outros espabilados levan o beneficio. ¿E logo nós somos parvos?

Certeza dúas: a mina na actualidade é un territorio ermo, semellante a un deserto ou á superficie dun planeta sen vida. Neste territorio almacénanse na actualidade verteduras de todas clases; un pode atopar desde lodos industriais ata cuncha de mexillóns, pasando por cinzas procedentes de Sogama. É dicir, un macrodepósito de refugallos de toda índole, sen tratamento e sen control, sen observar en aparencia ningunha precaución illante de alma-



cenamento. ¿Terá algún tipo de permiso? ¿Saberá a Consellería de Medio Ambiente que existe e o que alí se almacena? ¿Foi algunha vez alguén da Consellería por alí dar un paseo e *perfumarse* cos arrecendos que alí se poden ulir?

¿Estamos ben da cabeza ignorando vertedoiros descontrolados deste tipo, moitos deles nas partes altas das cuncas dos ríos, imprescindibles para o abastecemento actual e futuro de auga potable a poboacións humanas de consideración demográfica alta?, ¿estamos ben da cabeza? Pois a mina na actualidade é un macrodepósito de refugallos contaminantes, froito do estado lamentable en que quedou ao cesar no 1986 a actividade mineira anterior, e ao irse vertendo nela durante todo este tempo todo tipo de refugallos perigosos. Non houbo restauración; houbo un Goberno, por certo do PP, insensible e impasible, que non obrigou nin promoveu ningún tipo de restauración e que permitiu e permite a contaminación actual de augas que rematan no Ulla. Este almacenamento de refugallos perigosos que denunciámos está aí aguardando por unha restauración que alguén terá que facer.

Certeza tres: unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlles a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola e é un freo a moitos proxectos de investimento que se están a levar a cabo no sector agrogandeiro, e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector.

A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais, e de baixa cualificación, que en absoluto compensan nin de lonxe todo o dano, que ese si será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX, consistente en extraer un recurso para favorecer exclusivamente empresas foráneas e deixar aquí a contaminación.

E a certeza última: o acordo unánime das corporacións de tres concellos, junánime!, posicionados en contra do proxecto: Touro, Teo e Vila de Cruces. E a firme crenza de estarmos defendendo os intereses da economía e benestar dunha zona xa castigada polos *desmanes* dunha minería de espoliación, que deixou a súa pegada, ¡e de que maneira!, na comarca. A firme convicción de estarmos a favor do sentido común e dos intereses presentes e futuros do pobo de Touro e das xentes que habitan toda a Ulla, ata onde as augas do río se saturan co sal do Atlántico, formando esa singular fonte de recursos chamada «ría de Arousa».

Estamos pois fronte á predación de catro a favor do pobo chan, e nesta lexitimidade exiximos a denegación do permiso de apertura da actividade mineira, exiximos o cumprimento estrito da lei no concernente ao almacenamento de refugallos contaminantes no espazo da mina e a restauración inmediata por parte do propietario dos terreos. ¿É razoable ou non? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, volvemos debater neste parlamento a cuestión da mina do Pino-Touro, o proxecto da explotación cuprífera. Esta enmárcase nesa dinámica de crecemento-desenvolvemento, e iso sempre exige unha aproximación macroeconómica e unha aproximación microeconómica.

Como ocorre case sempre que falas á última hora da mañá ou da tarde, eu sempre teño algo que aprender do Partido Popular. E a nivel macroeconómico teño unha frase sen ningunha dúbida, que trouxo parcialmente o señor presidente esta mañá sobre a situación de España no ano 2011, cando o Goberno socialista perdeu as eleccións e o señor Rajoy chegou ao goberno, que é a frase do señor Montoro: «*Dejémosla caer que ya la levantaremos nosotros*». (*Murmurios.*) Si, xa sei que lles molesta; sei que lles molesta, e eu láméntoo moito. Pero, en todo caso, ese é o marco macroeconómico da análise de quen nos goberna en Galicia e en España.

E logo, despois do señor presidente da Xunta de Galicia, houbo un voceiro do Grupo Popular aínda máis agudo, falando a nivel microeconómico de mercado laboral. E tamén aí teño unha frase, é a frase dunha deputada no Congreso dos Deputados pola provincia de Castellón, que era falando dos parados: «*¡Que se jodan!*». (*Aplausos.*)

Polo tanto, este é o marco no que nos movemos. Dígoo para situar o nivel dos debates económicos que nos proporcionan os voceiros, e neste caso o presidente da Xunta de Galicia.

Bueno, efectivamente, a situación medioambiental da antiga explotación de Peñarroya-Rio-tinto ata o ano —como dicía o señor Rivas Cruz— de 1986 é en termos medioambientais absolutamente lamentable. E é verdade que as obrigas de restauración das minas, cunhas leis do franquismo ou do posfranquismo, concretamente do ano 1973 e do ano 1977, pois blindaban —por dicilo dalgunha maneira— a posición económica das empresas de: explotamos os recursos mineiros e marchamos.

Isto, nesta comunidade autónoma, intentouse cambiar. É verdade que ás veces as leis inician o cambio da realidade, pero non o conseguen de maneira automática; tampouco temos que enganarnos a nós mesmos. Pero é certo que a Lei do ano 2008 de minería de Galicia, a primeira lei dunha comunidade autónoma en toda España, dun goberno presidido por Emilio Pérez Touriño —un goberno de coalición cos nacionalistas, co Bloque Nacionalista Galego—, favorece precisamente esa garantía de recuperación medioambiental das explotacións mineiras. A min gústame pór isto en valor porque, recoñecendo os problemas que indubidablemente existen neste momento en Touro e no Pino, pois creo que é de xustiza reivindicar —por dicilo dalgunha maneira— ese esforzo por mudar o marco de desenvolvemento mineiro.

E, evidentemente, hai moitas cuestións afectadas neste proxecto. Cando o debatemos na vez anterior non estaba aínda ou polo menos este deputado non tiña o informe da Sociedade Galega de Historia Natural, que incide, efectivamente, nas cuestións das que xa falamos naquel debate, en temas relacionados coa auga e en temas relacionados coa seguridade física, co impacto medioambiental da propia explotación e, por suposto, con todos os cronogramas da restauración previa a esa posible explotación e da restauración posterior. E, da mesma

maneira, a exigencia de garantías de seguro e de garantías financeiras que obriguen a que as empresas asuman os custos de restauración medioambiental das explotacións. E non que iso se traslade ao ámbito público e que sexamos os cidadáns os que acabemos pagando con diñeiro público ese concepto ou ese criterio que nós, desde logo, defendemos de que «quen contamina, paga». Este é o marco xeral no que nos movemos.

Ao Grupo Socialista non nos gusta o proxecto presentado pola empresa. Parécenos que é un proxecto falido e que é un proxecto desconectado da realidade territorial, socioeconómica e sociodemográfica do lugar no que se sitúa. A emenda que presentamos —é unha emenda longa— eu creo que reflicte —ou polo menos este deputado intentou reflectir— que non nos gusta este proxecto. É dicir, que as modificacións que aquí aparecen suporían en realidade darlle a volta totalmente ao proxecto presentado pola empresa Minas de Cobre San Rafael.

Pero, da mesma maneira, entendemos que no caso da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, o primeiro dos puntos a nós tal como aparece, sen adxectivos: «Denegar a reapertura da actividade mineira» —que temos que entender ademais que é nesa mina, porque podería ser en calquera outra—, quero dicir que é un punto que nós como tal non o aceptamos. Insisto en que este proxecto non nos gusta.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** —Remato, señor presidente—.

Por suposto, no punto 2 e no punto 3 estamos absolutamente de acordo. Nós pediriámoslle ao Bloque Nacionalista Galego que nos permitira votar por separado o punto 1 en caso de non aceptar a nosa emenda.

Pero o que quero deixar claro —e paréceme que é desde a nosa posición política o máis relevante— é que o proxecto da explotación mineira San Rafael, en Touro, non é un proxecto non só que non satisfaga o Grupo Socialista senón que en absoluto responde ao concepto de desenvolvemento económico que os socialistas defendemos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día a todos.

Ben, por suposto, imos votar a favor da proposición non de lei presentada polo BNG, dado que é moi similar á defendida por este grupo no pleno xa hai un mes. Aínda que nós iamos un pouco máis alá, solicitando a paralización do proceso de concesión mentres non se cumpran os compromisos de restauración exixidos na anterior concesión.

Seguro que de novo o Grupo Popular vai responder o mesmo que hai un mes: cumprirse a lei. Pero, señoras e señores deputados do Partido Popular, xa lles adianto que a lei non se vai cumprir, simplemente porque cumprir a lei e levar a cabo todas as actuacións para que

o impacto medioambiental fora mitigado farían que o xacemento non sexa rendible. E nunha empresa pon en marcha unha explotación sabendo que non vai ser rendible.

Como xa comentamos na presentación da nosa proposición non de lei, os antecedentes da empresa promotora na explotación de Riotinto, en Huelva, demostran o que entenden eles con cumprir a lei. Esperemos que o criterio do Grupo Popular sobre o que é cumprir a lei non coincida co de Atalaya Mining, porque entón as consecuencias para os habitantes desa comarca, para o río Ulla e, finalmente, para todo o ecosistema da ría de Arousa poderían ser catastróficas.

Voules citar —para poñer á xente que non estea totalmente ao día de como vai ser este proxecto— algúns aspectos do informe da Sociedade Galega de Historia Natural sobre o proxecto de impacto medioambiental presentado pola propia compañía que opta á explotación, para que sexamos conscientes do que temos por diante. Di o informe: «Os denominados *depósitos de estériles* son realmente balsas de lodos permanentes contidas por diques de 2.806 e 3.187 m de lonxitude e alturas de ata 74 e 81 m, que se encapsularían ao final da súa vida útil. No caso de fallar os ditos diques enormes, que rodearían por dous dos tres lados a aldea de Arinteiro a menos de 250 m de distancia das casas. O estudo presentado pola promotora reconece que terían consecuencias...» —dío textualmente o estudo— «...*moi altas en canto á perda de vidas humanas, danos ao medio ambiente e perdas económicas*. E iso sen ter avaliado os seus efectos sobre as zonas especiais de protección do sistema fluvial Ulla-Deza, as especies ameazadas, a riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e o humidal intermareal do Umia-O Grove-Carreirón».

Tamén di o informe da Sociedade Galega de Historia Natural: «Nos denominados *depósitos de estériles...*» —como reconece a propia empresa solicitante— «...quedarían indefinidamente almacenados diversos compostos químicos empregados para separar o cobre, e que teñen distinto grao de perigosidade para as persoas e o medio ambiente», como, por exemplo, o monobutil éter etilenglicol (2.850 toneladas): é un factor irritante; o xantato amílico potásico (9.500 toneladas métricas): tóxico e irritante, e pode ser nocivo para a fauna acuática; e, sobre todo —como xa coñecen en moitos sitios do mundo—, o isopropil etil tionocarbamato (nada menos que 2.475 toneladas métricas que quedarán alí para sempre): irritante, alerxénico, nocivo para as persoas, sospeitoso de causar cancro, nocivo para os organismos acuáticos, con efectos a longo prazo e non facilmente biodegradable.

Ben, a verdade é que escoitando isto no propio informe da compañía os pelos se poñen de punta. Por iso exiximos que se paralice o proceso de autorización, que antes de comezar a tramitación da autorización de explotación da nova mina se restauren todos os danos producidos pola antiga mina de Riotinto. Pero como condición suspensiva, non como primeira condición da nova autorización; se non é así dentro de vinte anos estaremos outra vez na mesma situación que estamos agora, pero con miles de veces máis de residuos tóxicos.

E seguro tamén que o Grupo Parlamentario Popular nos vai chamar «catastrofistas». Pero se queren comprobar unha catástrofe vaian a Huelva e contemplan as consecuencias da explotación da mesma empresa na antiga mina que Riotinto tamén tiña alí, e vexan as consecuencias en toda a zona, desde Río Tinto ata a desembocadura en Huelva.

Tamén se nos falará de postos de traballo. A realidade é que despois de trinta e un anos o único que quedou en Touro e O Pino da anterior explotación é despoboamento, impacto ambiental, impacto económico... Soamente teñen que falar coa xente de toda esa zona para comprobar de verdade que o impacto socioeconómico ou medioambiental evidentemente vai ser desastroso. Pero a ver se o impacto económico é positivo e non se destrúen centos de postos de traballo na industria turística, nas posibilidades de desenvolvemento dunha zona que a 15 quilómetros dun aeroporto internacional —como xa está empezando a suceder— puidera ser un polígono de desenvolvemento de industrias tecnolóxicas, sobre todo da industria biotecnolóxica. Iso si que é futuro e a nova mina só sería morte para a comarca.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Por todo o dito, señoras e señores do Grupo Popular, insten o Goberno a suspender o proceso de concesión ata que a situación ambiental sexa restaurada, como comprometía a anterior concesión. Cousa que xa naquel momento non foi cumprida.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, estamos ante un novo capítulo da serie *Non á mina*. Primeiro tocoulle a Corcoesto, despois a Edinsa e agora novamente ao proxecto de Touro-O Pino.

Señor Rivas, vostede, tan amigo dos contos e das lendas, vaime permitir que lle conte tamén eu unha historia. Unha historia que ten como protagonista un conselleiro de Industria nacionalista, Fernando Blanco, dun Goberno bipartito entre o PSOE e BNG, que promoveron e aprobaron o 13 de maio de 2008 a Lei de ordenación da minería de Galicia. O propio conselleiro falaba de que «era unha lei que respondía á necesaria posta ao día do sector da minería galega, que fixa un marco estable, seguranza xurídica e unhas regras para as administracións, os empresarios e os traballadores. O cal implicará que o desenvolvemento mineiro no noso país se faga baixo parámetros de normalidade, responsabilidade e respecto medioambiental». ¿Que quedou disto, señor Rivas?

Naquel debate o voceiro do BNG dicía que «o Grupo Parlamentario do BNG quere salientar a importancia da actividade mineira de Galicia, tanto na creación de emprego como en PIB». ¿Que quedou disto, señor Rivas?

Atenda, tamén afirmou: «A actividade mineira galega, como calquera actividade mineira, localízase alí onde están os recursos. Non se pode xogar coa súa ubicación, hai que sacar o recurso alí onde está». ¿Que quedou disto, señor Rivas?

Tanto aquel grupo como o socialista e o conselleiro amosábanse moi felices, moi satisfeitos por ter aprobado esta lei e presumían de que era unha lei pioneira no estado. Unha lei que no seu título IV —quero recordar— establece un procedemento integrado de outorgamento que simplifica a intervención administrativa —¿que dirían vostedes?— e que para as persoas solicitantes dos dereitos mineiros se mellora e axiliza a xestión administrativa.

Señor Rivas e señor Losada, vostedes saben que o Bipartito se levaba ben pola mañá, pero pola tarde non se fiaban os uns dos outros. Por iso, miren que chamativo: no artigo 4 adxudicábase ao Consello da Xunta a «dirección e coordinación da política mineira da Comunidade»; pero no apartado c) dicía: acordar con carácter excepcional, previa xustificación do interese público, o outorgamento de dereitos mineiros en caso de existencia de informes preceptivos desfavorables, se fose o caso. Vostedes estaban sendo capaces de outorgar licenzas se había informes preceptivos desfavorables. Pero, por outra banda, o artigo 16 establece no punto 1: «Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Consello da Xunta no artigo 4, o órgano mineiro competente é...» —¡atentos!— «...a persoa titular da consellería competente en materia de minas da Comunidade, a quen lle corresponde outorgar os dereitos mineiros, autorizar as súas modificacións, transmisións, renovacións, prórrogas», etc. Ou sexa, todos os poderes para o conselleiro nacionalista, pero vixiado polo Consello da Xunta como órgano corrector.

Señor Rivas, señoría da esquerda deste parlamento, ¿están vostedes de acordo co expresado polo conselleiro de Industria do Bipartito?, ¿seguen estando de acordo coa Lei de minería que vostedes aprobaron no ano 2008 e que este Goberno actual está aplicando con lealdade? Porque, se é así, ¿a que vén este posicionamento en contra do sector da minería e de calquera proxecto que se presente en Galicia? Vóullelo dicir eu, señor Losada e señor Rivas: un auténtico exercicio de cinismo político.

Señor Rivas, dígollo con todo o respecto: ben podería ser esta unha proposta con evidentes tintes autoritarios e ditatoriais, porque piden que se incumpra a lei que vostedes mesmos aprobaron e que se rexeite un proxecto sen nin sequera tramitalo e avalialo. É dicir, piden que se faga o que o BNG quere, o que o BNG manda e ordena, punto. *(Aplausos.)*

Eu teño claro que traen esta iniciativa non para querer defender os veciños nin porque estean preocupados polo medio ambiente nin axuden, non, tráeno para confrontar co Partido Popular, para tratar de facernos pasar polos malos e insensibles, e enfrontarnos cos veciños, coa plataforma e, de paso, dividir a sociedade e tratar de sacar algún rédito político; esa é a única razón. Pois xa lle digo que non o van conseguir, pois o noso grupo segue a mesma posición que hai un mes: respecto á lei, respecto aos procedementos administrativos, respecto á democracia, respecto aos traballadores e funcionarios públicos, que libremente fan o seu traballo con lealdade a todos os galegos; lealdade non ao BNG nin ao PP, nin a ningún grupo político, lealdade ao pobo de Galicia. *(Aplausos.)*

Por iso, novamente nos diriximos aos veciños de Touro e O Pino para trasladarlles unha mensaxe de absoluta normalidade procedemental e tranquilidade. Porque, como dixen no anterior debate e mesmo na reunión que mantivemos coa plataforma, non nos posicionamos nin a favor nin en contra do proxecto, que continúe a súa tramitación, deixando claro que é



un proxecto mineiro, e só se autorizará cando quede garantido o cumprimento das normas urbanísticas, medioambientais e técnicas. Aquí non hai nin deixadez nin hai mirar para outro lado. A propia dirección xeral —e vostedes sábeno— solicitou catorce informes, que nestes días se seguen tramitando, e séguese respondendo ás alegacións a diferentes administracións e asociacións, e entre os que estaban os propios concellos.

Señorías, nós temos un criterio claro: cumprimento da lei, sempre; vostedes, ¿só cando gobernan?

Remato, señor Rivas. A historia conclúe cunha reflexión dun galego calquera. Decía vostede: ¿é razoable? Voulle contar: o galego pregúntase: ¿cal é o BNG ao que lle temos que facer caso?, ¿a aquel que, por exemplo, cando está na oposición crítica con virulencia a apertura de grandes superficies comerciais, por exemplo?, ¿ou ao BNG que cando goberna outorga en catro anos o dobre de permisos que o PP en oito anos? ¿Ou temos que facer caso ao BNG que crítica que se pechen as escolas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...unitarias cando teñen menos de seis alumnos?, ¿ou ao BNG que cando gobernan pecharon unha media de vinte escolas ao ano con sete ou máis de sete alumnos? ¿Ou ao BNG que cando nos acusa de favorecer a sanidade privada e cando gobernou o Bipartito asinou máis convenios coa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...sanidade privada que nunca? —Remato xa, presidente—. Por iso, ¿a que BNG cremos?, ¿ao que mantén unha feroz persecución ao sector da minaría e se manifesta totalmente contrario a calquera proxecto?, ¿ou ao BNG que cando goberna aproba unha Lei da minaría de Galicia, outorga...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...máis de cen permisos de investigación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...e corenta e tres concesións de explotación?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** Imos rexeitar a súa iniciativa porque piden ao Goberno de Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco, grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...que claudique e non o imos permitir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu vou empezar polo final: ¿a que PP lle facemos caso?, ¿ao da Gürtel ou ao de Boimorto? *(Murmurios.)*, ¿ou ao de Boimorto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, ¿ou ao de Boimorto?, que utiliza o 10 % dos votos dunha elección democrática libre para... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como ¿que claro? É certo. *(Murmurios.)* E despois teñen que lavar a cara porque o candidato ten que saír pitando suela. *(Murmurios.)* ¡Claro! ¿A que PP lle facemos caso? *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vamos ver, lexítima e democraticamente, ¡democraticamente!... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

¡Señor Pazos, silencio! ¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** ...seis concelleiros contra cinco. ¡Esa é a democracia que vostedes non queren! *(Balbordo.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio.

**O señor RIVAS CRUZ:** Señor presidente, ten que me descontar o tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, ten razón. Vaia ao tema e silencio. Se non xa saben, suspendemos momentaneamente, que é o que mellor nos vai. *(Murmurios.)*

¡Silencio!, por favor.

Prosiga, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Mire vostede, hai unha plataforma a quen somos fieis. Hai unha plataforma que logra reunir nun magosto contra a mina máis de duascenas persoas, nun medio rural despoboado e esnaquizado grazas ás políticas do Partido Popular.

É necesario que esta comunidade autónoma —como vostedes lle chaman— deixe claro que non estamos dispostos a pasar por unha minaría espoliadora e unha minaría que rompe e rebenta recursos. Porque aí se vostedes o teñen a ben —e desde aquí propoño publicamente unha visita institucional á mina— poden ver a cantidade de recursos dilapidados ultimamente nunha concentración de montes, que está preciosa e que vai ir ao garete como isto siga para adiante.

Por suposto que imos aceptar a votación por puntos, porque non soamente é o parón deste proxecto, é o parón de toda a actividade mineira nestas condicións, que son condicións de Katanga e Burundi, que eu recordo con don Leopoldo, o rei de Bélxica, alá nos tempos prehistóricos. É o mesmo, con perdón para Katanga e Burundi.

E, ademais, estamos a falar dunha mina que nestes momentos é un depósito de merda —con perdón, señor presidente—; é un depósito da merda máis peor que pode haber, que é a que está ameazando todo o curso fluvial do Ulla e que pode dar nun desastre ecolóxico como o de Aznalcollar. ¿Ou non recordan que Aznalcollar tamén estaba aí e era... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...—si, si— inocua? *(Murmurios.)* ¡Era inocua!

Non é botando balóns fóra e botándolle a culpa a unha lei que vostedes non votaron. Tampouco votaron a Constitución parte de vostedes, e mais agora deféndena a capa e espada, e atrinchéiranse nela para levar políticas represivas no político. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home, claro! A liberdade é o que a vostedes lles molesta, molestoulles toda a vida. Eu recordo, eu teño recordo, teño memoria. Teño memoria e recordo a moita xente de Lugo que logo formou parte do seu partido esgrimindo a pistola no pavillón de deportes, ¡caramba! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É así, é así, ¡caramba! *(Aplausos.)* ¿Que intereses defende cadaquén? *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Señor Pazos, silencio. ¡Silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** Nestes momentos, señores, nestes momentos...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Señor Pazos, ¡silencio!

**O señor RIVAS CRUZ:** Lamento nestes momentos parecerme a vostede, señor Tellado. Nestes momentos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Tranquilidade.

**O señor RIVAS CRUZ:** Nestes momentos o que hai que esgrimir é o que...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Tranquilos todos! Un pouco de tranquilidade, por favor.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...defenden vostedes e o que defendemos nós. Vostedes defenden...

**O señor PRESIDENTE:** Temos invitados, ¡eh! Temos invitados, tranquilidade. Un pouco de tranquilidade.

**O señor RIVAS CRUZ:** ¡Se estamos tranquilos!

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, todos tranquilidade, ¡eh!

E remate, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Vostedes defenden os intereses de certas empresas espoliadoras; nós defendemos os intereses do pobo chan, que é o que defendemos con maior ou menor acerto toda a puñeteira vida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza**

**O señor PRESIDENTE:** Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luis Villares Naveira.

Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, non son as reivindicacións dos representantes dos traballadores e das traballadoras, son as reivindicacións do conxunto das traballadoras e dos traballadores da Administración de xustiza, hoxe aquí representados polos representantes sindicais... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, por favor, non, non. Por favor, na tribuna non está permitido ningún tipo de manifestación, nin a favor nin en contra.

Prégolles, por favor, que se axusten ao que está contemplado no Regulamento. Grazas.

Son os nosos invitados. Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...aos que aproveitamos para saudar, que acordaron iniciar unha reivindicación dos seus dereitos cunha folga que o pasado día 1 tivo un amplo seguimento cunha media superior ao 80 %, expresión tamén da unidade de todos os traballadores e as traballadoras nesta reivindicación. En Marea consideramos xustas as súas reivindicacións e por iso as asumimos e as traemos a esta cámara. Xa é hora de facer xustiza cos traballadores e coas traballadoras da Xustiza.

Durante os últimos sete anos, canto máis foi arreciando o drama social derivado dos recortes impostos por Europa e polo pacto antisocial do artigo 135 da Constitución española, a xustiza converteuse no último baluarte do Estado do benestar, o espazo ao que se recorría en demanda de amparo; de amparo, en primeiro lugar, dos dereitos sociais básicos para vivir con dignidade, como era o caso da vivenda, contra os desafiuzamentos, contra os cortes de luz, os abusos das estafas bancarias, as cláusulas chan, das denegacións abusivas e fraudulentas

de prestacións de dependencia, en contra dos abusos contra os traballadores e as traballadoras nas relacións contractuais por despidos indebidos, traballos escravos, discriminacións salariais, etc. Logo, ampliouse esa reivindicación aos xulgados na defensa das liberdades públicas fronte a multas abusivas da policía por exercer o dereito de manifestación e a liberdade de expresión, ameazados gravemente pola aprobación da Lei mordaza. E, finalmente, na protección das institucións públicas e do diñeiro de todas e de todos fronte ao saqueo xeneralizado e institucionalizado por parte daqueles que gobernaban, que levou á dubidosa honra de merecer incluso en relación co Partido Popular a condición de partido investigado por desviación de fondos públicos, malversación e outras prácticas corruptas. En definitiva, foi a Administración de xustiza a que tratou de preservar dereitos fundamentais, liberdades públicas, dereitos sociais básicos e a rectitude na xestión do diñeiro público fronte aos abusos do poder. E nada disto se preservaría sen o labor abnegado das traballadoras e dos traballadores da Xustiza.

Trouxemos a esta cámara noutras ocasións reivindicacións doutros colectivos, que tamén fixeron grandes sacrificios durante estes anos de recesión económica —crise social da que aínda non saímos—, e que supoñían pola súa afectación, polo seu traballo —persoal de sanidade, persoal de educación,...—, un recoñecemento tamén a todos eses anos de traballo sacrificado. Xa é hora tamén de recoñecer nesta cámara a entrega aos traballadores da Administración de xustiza.

Moitas veces caemos na tentación de pensar que a xustiza soamente a fan xuíces e xuízas ou fiscais, pero a función xurisdiccional sería imposible sen o voso traballo, así que dende aquí o recoñecemento de En Marea e o meu propio como representante público e como traballador de Xustiza.

E falemos das reivindicacións concretas, porque son moitas e son xustas. En primeiro lugar, pola aplicación do principio de igualdade, algo básico na idea de xustiza. Dende a Orde do 19 de xaneiro de 2010, na que se determinou o importe do complemento autonómico transitorio do persoal da Administración de xustiza, establecéronse diferenzas salariais entre este persoal nas diferentes comunidades autónomas, percepción salarial que substituíu un complemento de destino anterior.

Os traballadores e as traballadoras aturaron esta situación pacientemente durante todo este tempo. Se non había, non había para ninguén. Ben, sempre houbo para alguén. Porque durante o tempo dos recortes producíase o desvío do diñeiro para a banca privada; un diñeiro que nunca devolveron, como mínimo 38.000 millóns de euros, como recoñeceu o propio gobernador do Banco de España, e que non o farán nunca como recoñeceu o propio ministro De Guindos.

En 2018, o Goberno galego veu aquí presentar uns orzamentos e dixo que teremos en 2018 o nivel de riqueza, o PIB máis alto da historia, a maior riqueza. Pois ben, xa é hora de que esa riqueza sirva para acabar coas discriminacións, neste caso salariais, como esta. Por iso o noso primeiro punto cremos que debe ser o seguinte: «Instar a Xunta a convocar a mesa sectorial e negociar coas organizacións sindicais con representación entre o persoal de Xustiza para acadar unha equiparación dos salarios e complementos do persoal da Administración xudicial en Galicia cos seus homólogos doutras comunidades autónomas».

Pero non é a única situación inxusta que está a padecer este colectivo de traballadores e traballadoras. Cando unha persoa está enferma ten que pagar igualmente a súa hipoteca, ten que pagar as facturas, ten que comer igualmente, con independencia do traballo que desenvolva. Pois ben, dentro das oficinas xudiciais galegas, se nos colle a gripe, o xuíz, a xuíza ou o letrado da Administración de xustiza non teñen descontos por poñerse de baixa, pero o resto da oficina xudicial si. Debe ser que hai virus de primeira e hai virus de segunda, ou debe pensarse que algunha xente colle a baixa por vicio.

Ademais, existe unha desigualdade no tratamento do funcionariado galego respecto doutras comunidades sobre estes complementos nas prestacións económicas e na situación de incapacidade temporal e noutras situacións protexidas polo Decreto 169/2013. Unha dobre discriminación polo tanto, dentro da oficina en relación cos xuíces e cos letrados da Administración de xustiza, e con relación tamén a outras comunidades autónomas. Por iso cremos que cómpre, dende xa, negociar e acadar un acordo para que non exista unha discriminación salarial no ámbito da Xustiza na percepción do complemento das prestacións por incapacidade temporal e similares.

Pero a situación de inxustiza na que se encontra este colectivo aínda vai máis aló. Temos unha situación na que con máis carga de traballo temos menos traballadores e menos traballadoras facendo esas funcións. É a inxustiza de facer entre menos máis traballo. E dicimos máis traballo porque as propias estatísticas oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial revelaron que durante os anos de crise económica, mesmo coa imposición de taxas xudiciais que impedían o acceso efectivo á xurisdición, se produciu un colapso da Administración de xustiza aínda maior porque, por exemplo, na xurisdición social os abusos que se producían na interpretación das reformas laborais levaban unha desprotección absoluta da clase traballadora. Iso motivou aínda un requentamento superior na xa colapsada Administración de xustiza, que o sofre de maneira estrutural.

Pois ben, con esta maior carga de traballo tivemos pola contra que padecer unha serie de recortes en materia de persoal. Segundo as organizacións e os representantes dos traballadores e das traballadoras, amortizáronse cento seis prazas de persoal ao servizo da Administración de xustiza, só en Galicia, dende o ano 2012, co que a súa función quedou menoscabada. E dicimos menoscabada porque non soamente eran menos a repartir igual traballo, senón que eran menos a repartir máis traballo, recoñecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Así, prodúcense situacións de exceso de traballo, de colapso e de problemas na hora da consecución dunha xustiza real e efectiva que garanta o restablecemento dos dereitos das persoas afectadas.

Non estamos falando aquí soamente dos dereitos dun colectivo, estamos falando dos dereitos de toda a sociedade. Todas e todos cando nos diriximos á Administración de xustiza temos dereito a obter unha xustiza e temos dereito a obter unha resolución xudicial nun tempo razoable sen dilacións indebidas. E obter iso non depende única e exclusivamente do número de xuíces e xuízas ou de fiscais, senón que depende tamén de que haxa unhas oficinas xudiciais que poidan tramitar adecuadamente e en tempo estes expedientes para que poidan chegar a boa fin tamén á hora de poñer resolucións xudiciais definitivas.



Por iso é necesario, en relación con este apartado tamén, repoñer as prazas amortizadas dende o ano 2012, especialmente en ámbitos de especial afectación. Vimos durante este verán o colapso xudicial como acadaba cotas realmente dramáticas e que impedían de forma absolutamente irrazoable a dispensa da administración de xustiza nos termos que se establecen legal e constitucionalmente.

E, finalmente, tamén sucede que en condicións de igual traballo se percibe menos salario, cunha discriminación absolutamente inxustificada entre traballadores e traballadoras da Administración de xustiza; estamos falando do caso de substitucións verticais, onde non se cobra o cen por cento das retribucións pertencentes ao posto ocupado. Claro, e a situación que cabería preguntarse é a seguinte: ¿a forma de cobertura dese posto xustifica unha discriminación salarial? Nós entendemos que non. E non, ¿por que? Porque se está facendo o mesmo traballo por substitución que o que se fai en réxime de titularidade. Polo tanto, a forma de cobertura non debe condicionar esa remuneración.

E, en segundo lugar, tampouco existe unha consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos, tal e como, por outra parte, se comprometera a propia Dirección Xeral de Xustiza.

Polo tanto, estamos neste caso ante un suposto de precarización laboral e de temporalidade, que xera unha inseguridade nos traballadores e nas traballadoras, que é inxustificada e que, ademais, supón o incumprimento dos compromisos acadados ou dos compromisos feitos por parte da propia Xunta de Galicia.

Por iso, consideramos que é de xustiza equiparar salarialmente as substitucións verticais e, ademais, consolidar aquelas prazas de reforzo que levan máis de tres anos.

En definitiva, entendemos que estas son unhas reivindicacións xustas para unhas condicións de traballo dignas, que permitan unha xustiza áxil e eficaz. E insisto nesta idea: non se trata única e exclusivamente de melloras para os traballadores e as traballadoras, trátase dunha serie de melloras necesarias para a prestación dun servizo público, que é esencial para a garantía da democracia, da tutela dos dereitos fundamentais e da tutela das liberdades públicas. Por iso cremos que toda a Cámara hoxe debe apoiar estas iniciativas que traen os representantes e as representantes dos traballadores e das traballadoras de Xustiza.

Moitas grazas. *(Aplausos desde os escanos e desde a tribuna do público.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Bueno, vale, ímolo deixar aí, pero non é así, ¡eh! Creo que lles dixen respectuosamente como é. Eu entendo iso que están facendo vostedes, porque coñezo a linguaxe dos símbolos, pero non era o correcto, e por iso lles pido que se comporten de acordo ao que temos establecido no Regulamento. E creo que non lles custará tanto facelo.

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Dende aquí queremos tamén enviar un saúdo á representación das organizacións sindicais que están presentes, trasladarlles o noso apoio ás súas xustas reivindicacións, como xa o fixemos na reunión que mantivemos, e tamén a esta iniciativa presentada na Cámara.

Estamos plenamente convencidos de que o persoal da Administración de xustiza sofre unha situación de inxustiza, que é consecuencia das políticas de espolio de rendas e de dereitos, tanto laborais como democráticos, aplicadas co pretexto da crise, e no que foi unha ofensiva, tanto contra a clase traballadora como especialmente contra o funcionariado, que nestes anos chegou a perder o 23 % da súa capacidade adquisitiva. Unhas políticas que foron aplicadas durante estes anos, desde o 2009, con entusiasmo polo Partido Popular, e non só polo Partido Popular, e que tiveron como consecuencia, entre outras, a deterioración e o desmantelamento dos servizos públicos, e neste caso facemos referencia á deterioración da Administración de xustiza, que é un exemplo de libro.

E fronte á propaganda do Partido Popular e do señor Rueda, que alardean de todos os investimentos e todas as melloras, a realidade é que a Administración de xustiza sufriu nestes anos reducións de persoal, sufriu e sofre problemas graves nos edificios e nos espazos de traballo, o empeoramento da xestión, co mal funcionamento das plataformas informáticas, que ían ser unha panacea, ou esa escandalosa redución e discriminación salarial en comparación, por exemplo, con outros territorios do Estado. Unhas medidas absolutamente regresivas e discriminatorias, que o Partido Popular defende con entusiasmo, e nas que é alumno avantaxado.

Pois esta situación límite levou a que se organizara unha serie de mobilizacións por parte dos sete sindicatos nunha plataforma sindical unitaria, con demandas absolutamente xustas, como acabar con ese agravio do complemento autonómico, que é o segundo máis baixo de todas as comunidades con competencias transferidas, e que chega nalgúns casos ata 10.000 euros anuais en comparación con outras comunidades. Ben, pois aquí, segundo a Dirección Xeral, existe un impedimento legal na normativa laboral para aprobar a mellora e rematar con este agravio, mentres que noutras comunidades, coa mesma normativa, por exemplo en Asturias ou Madrid, aprobaron medidas favorables.

En segundo lugar, tamén nos parece que hai que acabar con ese castigo absolutamente inxusto á enfermidade imposto polo Partido Popular no ano 2013, que pretende facer negocio coa saúde das persoas. Hai que dicir aquí que non se dá só a discriminación dentro da mesma oficina xudicial —como xa se dixo—, senón tamén con respecto a outros territorios. No territorio do Ministerio non se aplica esta medida regresiva, e tampouco en comunidades como Navarra ou Aragón.

Tamén nos parece unha demanda xusta consolidar os reforzos de máis de tres anos. E o que piden aquí as organizacións sindicais parécenos absolutamente razoable, que é que se elabore unha relación deses reforzos e que tamén se aprrobe un calendario progresivo para a consolidación.

En cuarto lugar, tamén a existencia de retribucións igualitarias nas substitucións, aplicando un principio que é un principio absolutamente de xustiza social, como é igual salario para igual traballo.

E, por último, tamén a demanda do incremento de persoal, recuperando eses máis de cen postos de traballo, ao redor do 5 % do total que se perdeu dende o ano 2013, e que afecta sobre todo xulgados como os de paz, como os do contencioso, como os de familia, que acumulan atascos, colapsos e cargas de traballo en xulgados que son fundamentais.

Polo tanto, para facerlle fronte a esta situación, as organizacións sindicais organizaron un calendario de negociación con resposta totalmente negativa por parte da Administración de xustiza galega. En segundo lugar, un calendario de mobilizacións, que tivo como punto culminante unha folga, que foi unha auténtica xornada histórica, o pasado 1 de decembro, que ese si que foi tamén un día da dignidade para o persoal da Administración de xustiza, cun seguimento absolutamente masivo de máis do 85 %, e onde puxeron en evidencia a falta de capacidade negociadora e a falta de flexibilidade por parte da Dirección Xeral de Xustiza do señor Rueda. Hai convocada unha nova folga para o 17 de decembro, e o Partido Popular e a Xunta de Galicia teñen hoxe aquí unha magnífica oportunidade e teñen tamén a responsabilidade de acabar con estes agravios, de acabar con esta discriminación para realmente mellorar a situación laboral, os dereitos e, en xeral, a situación da Administración de xustiza.

Por iso queremos dicirlle aquí, como din as organizacións sindicais: «¡Xunta, escoita: a Xustiza está en loita!». (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día, boa tarde xa.

Eu tamén quero aproveitar esta proposición non de lei para saudar as organizacións sindicais en representación dos traballadores e das traballadoras de Xustiza que están na tribuna: USO, CUT, UGT, CSIF, STAJ, CIG e Comisións Obreiras. Son sete organizacións sindicais que dan proba —e nunca mellor dito nun tema coma este— de que, efectivamente, a xustiza non está nunha boa situación. Sete organizacións sindicais que están unidas para reivindicar os dereitos dos traballadores e das traballadoras de Xustiza, que non son dereitos económicos, son dereitos da dignidade do seu posto de traballo, de dignidade do seu traballo, que, ao final, é a dignidade dun servizo público que nalgún momento por desgraza ao mellor nos toca a todos.

A Xustiza dende hai moitos anos é a curmá pobre de todos os ministerios, a curmá pobre de todas as consellerías. E vou poñer uns exemplos: hai escasamente un par de anos, algúns dos funcionarios de Xustiza dicíanme que xa non podían pedir bolígrafos Pilot, senón que tiñan que pedir bolígrafos Bic, porque eran moito máis baratos, e a Consellería non lles servía

outros. As plataformas dixitais son unha absoluta vergonza, caen diariamente. O papel cero non é certo que non existe, séguese utilizando papel; as impresoras están a romper porque non se fai nada máis que fotocopiar o que chega dixitalmente aos xulgados. Falta persoal. E en Tui están metidas varias funcionarias —vou utilizar a expresión se o presidente me deixa— nunha *cuchiguera* de 25 metros cadrados, na que morren asfixiadas no verán e pasan frío no inverno.

Esa é a situación da Xustiza. E non estamos dramatizando, se estivésemos dramatizando os representantes sindicais non estarían aí arriba.

Evidentemente, imos votar a favor. Lástima que o vicepresidente da Xunta, que agora vai vir contestar unha interpelación do noso grupo parlamentario xustamente sobre este tema, non viñese escasamente uns minutos antes, e así podería ver tamén as intervencións nesta proposición non de lei.

A petición tanto de proposición non de lei coma de todo tipo de iniciativas foi colectiva por parte dos sindicatos, e por iso os grupos parlamentarios traemos este tema hoxe a esta cámara.

O persoal de Xustiza é un corpo nacional, foi transferido á nosa comunidade nos anos noventa. E o que dá mostra tamén de que esta é unha situación absolutamente excepcional é que é a primeira vez que en Xustiza hai unha folga dos traballadores e das traballadoras en tanto tempo. A primeira vez na historia dende que a Xustiza está transferida á nosa comunidade autónoma. Houbo folgas xerais, seguidas de maneira diferente, pero con escaso seguimento en todo caso, e houbo un intento de folga no ano 2003, que, ao final, non acabou cristalizando. Pero a xornada do día 1 foi a primeira vez na que en Galicia houbo unha folga en Xustiza.

A situación é excepcional. Falaba o voceiro do BNG das mobilizacións. A primeira mobilización foi o día 16 de novembro, relativamente concorrida. Era unha concentración diante das sedes dos xulgados das sete principais cidades de Galicia, e foron concentracións á hora do café, e por iso non houbo demasiada xente, porque había traballadoras e traballadores que estaban dentro facendo o seu traballo. A segunda foi a folga do día 1 de decembro, e porque entre o día 16 de novembro e o 1 de decembro, como dende hai máis ou menos nove anos, non houbo ningún diálogo. E nesa mobilización de folga o que ocorreu foi que máis ou menos uns dous mil douscentos traballadores e traballadoras foron á folga, duns dous mil oitocentos en toda Galicia. O seguimento foi total, por exemplo, en Cangas, na Estrada, en Marín, no Porriño, o cen por cento dos traballadores foron á folga, e logo máis ou menos en Galicia roldou o 80 % e o 90 %. Logo vai vir o vicepresidente e vains contar que foi o 50 %, pero, bueno, eses son os seus datos, que xa coñecemos. O certo é que a folga foi seguida multitudinariamente polos traballadores e traballadoras, porque nada se ofreceu por parte da Consellería. Se en máis de vinte anos nada se ten ofrecido, moito menos se vai ofrecer en quince.

Coa folga dese día suspendéronse, salvo circunstancias moi especiais, todas as vistas daquel día. Pero é que o día 1 de decembro os traballadores e as traballadoras están tan dedicados ao seu traballo que puxeron a folga un venres; os venres —1 de decembro, venres— practi-

camente non hai vistas nos xulgados, non hai xuízos. Polo tanto, non se suspendeu case ningún.

O día 13 de decembro é mércores, e o mércores si que vai haber vistas. E a min gustaríame que o vicepresidente da Xunta —cando entre, xa llo direi logo porque vou ter ocasión— lles preguntase a esas persoas que levan en Santiago nos xulgados do Social esperando dous anos polo seu xuízo, se se suspendeu o día 1 de decembro o seu xuízo ou se vai suspender o día 13 o seu xuízo, polo que levan esperando, como mínimo, dous anos, que cara lles poñería o presidente da Xunta a esas persoas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Si, vou ir rematando.

Nós imos votar a favor da proposición no de lei. E sobre os contidos das peticións dos traballadores e traballadoras, dos representantes de Xustiza, vou falar logo na nosa interpelación. E cremos que é unha mágoa que o vicepresidente non estea un pouco antes, e ogallá vostedes voten a favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Quero dar a benvida aos representantes sindicais da Administración de xustiza.

E a Administración de xustiza preocúpanos ao Grupo Parlamentario Popular e á Xunta de Galicia, e os feitos están aí, están nun plan de infraestruturas xudiciais, que non é soamente un plan, é un plan que se está executando, e vostedes sábeno ben. E estamos tamén preocupados por estas demandas que se formulan nesta iniciativa, para as que, por certo, o director xeral de Xustiza xa ten convocado o comité de folga para o próximo día 7, para tratar de poñer en común posturas en relación con estas cuestións.

Con relación ao complemento autonómico, este é un complemento que na actualidade está establecido en 435,78 euros ao mes, ao que se engade a cantidade de 9,80 euros ao mes por produtividade; de xeito que no 2017 representa 445,58 euros ao mes por cada funcionario. E iso con independencia do corpo funcional ao que pertenza, pois así foi negociado —para nós sorprendentemente— no ano 2008, facendo unha inexplicable igualación entre corpos que necesitan diferente titulación de acceso e que desempeñan tarefas con diferente grao de responsabilidade.

Pero aquí, señor Villares, actuou vostede con certa pillería na súa iniciativa, porque desliza que este complemento autonómico no 2009 foi de 125 euros mensuais. Non é certo, non é correcto. O que di a propia orde é que o complemento foi de 445, o que supuxo un incremento lineal de 125 euros mensuais. Pero o complemento non era de 125 euros ao mes.

Por outra banda, señora Vilán, en canto ao tema do material de oficina, eu creo que sería bo que falara co señor Villares, posto que o Grupo de En Marea propuxo nestes orzamentos unha redución da partida de material de oficina nos xulgados de 150.000 euros. Non sei como se pode conxugar a súa petición coa petición de En Marea.

Pero, en todo caso, o que si é certo é que este grupo parlamentario é consciente de que, logo de varios anos de crise e de solicitarlle sacrificios económicos a todo o sector público autonómico, se debe negociar unha mellora do complemento específico destes funcionarios; entre outras cousas, ligada ao desenvolvemento da nova oficina xudicial. E todo isto, evidentemente, dentro dos límites legais que marca a normativa aplicable e a porcentaxe de masa salarial autorizada. E todo isto é posible porque no seu momento se fixo un esforzo polos funcionarios, polos empregados públicos, e hoxe en día podémolo afrontar e tratar de falar para mellorar esas condicións.

En relación á IT —isto vén no Decreto 169/2013—, é unha materia que atinxe toda a función pública autonómica e estamos á espera de que sexa novamente regulada. Pero estamos de acordo, señor Villares, en impulsar tamén a ampliación dos supostos nos que se pode establecer un complemento ata acadar como máximo o cen por cento das retribucións, equiparando, por tanto, os establecidos para maxistrados, fiscais e letrados xudiciais.

En canto ás amortizacións, permítame que lle diga que non son amortizacións. Houbo un plan no 2012 de modificación dos cadros de persoal no que se contemplaban unha serie de prazas susceptibles de ser amortizadas. ¿Por que? Pois todo isto ligado —como vostede coñecerá— a unha reordenación de efectivos, maiormente nos xulgados de paz. Pero iso significaba que paralelamente a que quedarán vacantes as prazas se ían ir creando prazas para outras necesidades ou para novos xulgados ou de reforzo. Polo tanto, o certo é que dende o 2009 foron creadas 111 prazas de funcionario e 14 de psicólogos e traballadores sociais.

En canto ás substitucións verticais, señor Villares, aquí hai vontade da Xunta de tratar de equiparar o que cobra o substituto co substituído. Pero sabe vostede, ou debería saber, que o Tribunal Superior de Xustiza, supoño que o coñece e supoño que coñecerá varias sentenzas neste eido que impiden a aplicación deste complemento, porque di a sentenza —unha sentenza do 2011— que non cabe de forma apriorista o aboamento dun complemento de produtividade que pretende compensar unhas diferenzas retributivas entre distintos corpos; di que se trata dunha «desnaturalización do complemento de produtividade». Polo tanto, hai vontade de equiparalo pero hai sentenzas que impiden facelo. Eu non sei, señor Villares, sería conveniente que vostede nos explicara se En Marea está a favor de cumprir as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza ou non. Porque aquí hai un impedimento difícil de cadrar. E, polo tanto, á vista destes pronunciamentos xudiciais non podemos apoiar este punto. Si que imos apoiar o resto dos puntos, pois nós avogamos por mellorar estas condicións.



E, por último, dicirlle que a Xunta de Galicia vai proceder —como vostede xa debería coñecer— á consolidación das prazas de reforzo de máis de tres anos. Isto xa está no Proxecto de lei de orzamentos; particularmente, están previstas 36 prazas.

Polo tanto, señor Villares, parécenos que a súa iniciativa é certamente oportunista. Xa está convocado o comité de folga para o próximo día 7, xa hai vontade da Xunta de tratar de buscar acordos nestes eidos. E, polo tanto, nós o que lle podemos dicir é que se nos autoriza, se vostede permite votar por puntos, nós imos votar todos os puntos menos o relativo ás substitucións verticais. Pero non porque non queiramos igualar, senón que hoxe por hoxe, aínda que noutras comunidades estea ocorrendo, en Galicia non se pode facer, porque a Xunta de Galicia ten imposible facelo por sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza. Polo tanto, nós estamos no bando de tratar de querer cumprir as sentenzas xudiciais. ¿Non sei se vostede está de acordo en seguir este ditado de cumprir as sentenzas xudiciais? E o que hai que buscar é impulsar unha modificación normativa para tratar de que esta cuestión se poida subsanar dalgunha maneira.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor MOREIRA FERRO:** Pero, polo tanto —insisto—, imos apoiar esta iniciativa apoiando todos os puntos menos este punto. Pero, xa lle digo: non por falla de vontade política, senón porque hai impedimentos en materia de sentenzas xudiciais.

Pola nosa banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio á iniciativa. Non é unha iniciativa de En Marea, é unha iniciativa do conxunto dos traballadores e das traballadoras da Xustiza, e é, polo tanto, simplemente unha iniciativa de todas as persoas que a asumimos como propia, é unha reivindicación en clave de xustiza social e de mellora do servizo público. Nós somos humildes representantes e traemos simplemente esas reivindicacións da xente, e dunha xente que non se resigna a unha situación de desigualdade que estaban vivindo colocada polas políticas do Partido Popular.

O que estamos vendo —e a súa intervención demostra unha vez máis— é que sen unha reivindicación clara e firme por parte dos traballadores e das traballadoras non hai recuperación de dereitos. E, polo tanto, non hai recuperación das condicións de vida e de benestar que tiñamos antes da recesión, e da que aínda non saímos porque non saímos aínda da crise social na que vostedes nos meteron. Pero agradecemos, desde logo, que acollan e que se comprometan nesta cámara a asumir as demandas dos traballadores e das traballadoras.

Neste sentido —e xa que fala dos orzamentos— recordareille dúas cousas nada máis:

Nós postulamos a redución de 150.000 euros, efectivamente, en determinado material, porque queriamos ser coherentes coa súa propia afirmación de que xa había papel cero na Administración de xustiza. Se hai papel cero, non necesitarán tanto diñeiro para folios, ¿verdade? Entón, se non é así é porque vostedes están recoñecendo o seu propio fracaso da súa propaganda nesta materia.

Pero, ademais disto, en materia orzamentaria En Marea introduciu unha serie de emendas; no caso das emendas á totalidade xa foron rexeitadas nesta cámara, pero queda aínda o debate das emendas parciais. Nese debate de emendas parciais nós fixemos unha serie de propostas de axustes económicos para satisfacer as reivindicacións que os traballadores e as traballadoras facían, e que vostedes neste momento din asumir. Se iso é así, supoñemos que vostedes non terán ningún problema en apoiar esas emendas parciais durante o debate orzamentario. Polo tanto, negociación cos traballadores e coas traballadoras si, pero teñen a oportunidade de desfacerse dunha escusa. Teñen unha escusa e un argumento para dicirlles: non, é que para o 2018 é imposible satisfacer todo isto porque non temos diñeiro, porque os orzamentos non nolo permiten. Pois ben, En Marea colócaos na posición de poder aceptar esas emendas e, polo tanto, de satisfacer con créditos con cargo aos orzamentos de 2018 as lexítimas reivindicacións de carácter salarial que vostedes din compartir, efectivamente, para acabar cunha discriminación de todo o colectivo.

Polo tanto, agradecemos que asuman os tres puntos. Aceptamos a votación por puntos.

E en canto ás substitucións verticais, vostede alude a unha xurisprudencia, que é a que establece o Tribunal Superior de Xustiza seguindo outras sentenzas doutros tribunais, relativas precisamente á non obxectivación do complemento de produtividade. Pero nada impide á administración pública establecer os mesmos criterios para o cobro dese complemento que os que se producen no resto de corpos. Polo tanto, poderían con base nos mesmos criterios establecer as mesmas medidas para realizar un pago que sexa equivalente, coa mesma función ou con outra función distinta, pero que, en todo caso, acabe coa discriminación salarial, por unha razón que é necesario recordar e da cal deron conta tamén os tribunais de xustiza —polo tanto, estarían vostedes actuando perfectamente dentro da lei e dentro da xurisprudencia—, e é que a diferente forma de cobertura dunha determinada praza non xustifica unha diferenza salarial. E isto, por exemplo, recordouno o Tribunal de Xustiza da Unión Europea na Sentenza do 22 de decembro de 2010 —falo de memoria pero creo que era ese día— con relación á antigüidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...e dos trienios, onde non se establecían diferenzas xustificadas para pagar de forma diferente a aqueles que eran interinos daqueles que eran con praza fixa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando, en primeiro lugar, a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don César Manuel Fernández Gil.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*(A señora Antón Vilasánchez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? ¿Hai unha transacción? Se nola le ...

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional, nomeadamente a través dos traballos de xeorreferenciación do Nomenclátor e microtoponimia, así como o desenvolvemento da aplicación colaborativa para a revisión, corrección e actualización do Nomenclátor de Galicia.

2. Revisar todos os ámbitos da súa competencia para restituír a toponimia legal nos lugares nos que se cumpra a normativa.

E insta o Goberno galego a dirixirse ás demais institucións (concellos, deputacións provinciais e ao Goberno do Estado español) para lles reclamar o uso en todos os ámbitos dos topónimos oficiais, cuxa única forma legal é a galega.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos, polo tanto, esta transacción. Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para avanzar na conservación e difusión da nosa toponimia tradicional.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego das avaliacións necesarias para o coñecemento da mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas plurilingües que se veñen desenvolvendo nos últimos cursos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero si acepta a votación por puntos.*

*¿Podemos separar os puntos? ¿Pódeme dicir como os separan?*

*(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

*Os puntos 3 e 6 e o resto.*

*Votamos en primeiro lugar, os puntos 3 e 6. Votamos.*

*Votación dos puntos 3 e 6 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 5.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos o resto dos puntos desta proposición non de lei. Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os puntos 3 e 6, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as demandas que debe realizar*

*o Goberno galego ao Goberno central en relación coa baixada dos salarios e a precarización do emprego e das condicións laborais rexistrada nos últimos anos, en particular no referido á contratación das persoas mozas, así como a fenda salarial de xénero existente.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Amigo Díaz.*

*Non se aceptan as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque e Socialista.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego coa transformación dos servizos sanitarios promovendo a súa humanización no referido á capacitación científico-técnica dos profesionais e á aproximación humana ao doente, co fin de mellorar a resposta aos requirimentos e expectativas da cidadanía.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 31.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don David Rodríguez.*

*Non hai emendas.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a información pola Xunta de Galicia respecto do avance da praga de couza guatemalteca da pataca, das medidas adoptadas e previstas para erradicala, así como das axudas concedidas para paliar os danos ocasionados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —¿non sei se foi defendida polo señor Bará ou a señora Noa Presas? Pola señora Montse Prado, correcto—, por iniciativa da señora Montse Prado.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do día 1 de decembro como Día da Dignidade de Galicia, así como a regulación da organización de actividades conmemorativas con carácter anual.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, pero aceptárase unha votación por puntos, aceptando o punto primeiro e despois o resto dos puntos.

Votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro desta proposición non de lei. Votamos.

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no espazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto 1 da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto de puntos desta proposición non de lei. Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 1, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de reapertura da explotación da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino presentado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., cos residuos almacenados no es-*



*pazo da mina, así como coa restauración dos solos e das augas contaminadas pola anterior actividade mineira.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados o resto dos puntos desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luis Villares.

Foi aceptada unha votación por puntos; en concreto, o único punto da discrepancia é o punto 4 bis.

Polo tanto, comezamos votando o... (Murmurios.)

¿É o 4? Tiña entendido o 4 bis. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, vale. ¿Entón o que non vale é o 4? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

¿Cal é o punto no que hai discrepancia? Hai dous 4. ¿Cal é o que o PP non vai aceptar? (Murmurios.) (Risos.) Acabamos antes. ¿Cal é? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿O 4 primeiro?

Votamos, en primeiro lugar, o 4 primeiro. Votamos.

*Votación do primeiro punto 4 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este primeiro punto 4.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei. Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás o punto 4, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes puntos desta proposición non de lei.*

Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

E continuamos coa orde do día, que se corresponde co punto 5º da orde do día, que son as interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día de novo.

Novamente saudamos os representantes dos traballadores e das traballadoras de Xustiza e saudamos o señor vicepresidente, que antes chegou tan, tan, tan a punto... Vicepresidente, debía de estar vostede argallando algunha moción de censura na provincia de Pontevedra, (*Aplausos.*) que é unha lástima que non viñese escoitar o que todos os grupos parlamentarios estabamos contando sobre a xustiza.

Quen non coñeza o mundo da xustiza non sabe que é un mundo no que todo vai a outro ritmo; imaxinamos que é un mundo no que todo vai a outro ritmo cando lemos as noticias de prensa. É un ritmo —por dicilo dalgunha maneira— máis pausado, máis lento, e no que se prima quizais moito máis que noutras administracións a atención a aquelas persoas que teñen a mala sorte de ter que ir a un xulgado preitear polos seus dereitos. O nivel de consideración que teñen os traballadores e as traballadoras de Xustiza polos cidadáns é altísimo.

Desgraciadamente, esa pausa no traballo tamén concorre —e vouno dicir con todo respecto— neles mesmos; neles mesmos que poucas veces se teñen mobilizado para reivindicar os seus dereitos. E unhas desas veces é agora neste tempo, sendo curiosamente vostede vicepresidente do Goberno do señor Feijóo e encargado da Xustiza, tamén conselleiro de Xustiza. Porque houbo outros conselleiros do seu partido, señor Rueda, que non estaban na mesma posición —digamos— en bloque e, como din os propios traballadores, de arrogancia, soberbia e prepotencia na que está vostede instalado para falar con eles e con elas.

Son corpos de carácter nacional —como dicía antes, cando vostede non estaba, supoño que xa o sabe—, dende hai máis ou menos vinte e cinco anos escasamente están transferidos, e esta é a primeira vez que foron a unha folga, o día 1 de decembro. Así que se vostede tiña intención de me responder que van polos cartos, xa pode ir cambiando de argumentos; se en vinte e tantos anos non foron polos cartos, seguro que nesta non van por cuestións de cartos.

Estamos ante unha situación moi excepcional. Hai sete sindicatos, os sete están de acordo nestas mobilizacións. E estas mobilizacións poden chegar a unha folga indefinida no mes de xaneiro. Ogallá que non, ogallá vostede saia desa situación —como dicían— de arrogancia, soberbia e prepotencia, para que poidan chegar a un acordo e se desbloquee esa situación.

Sabe vostede que houbo concentracións o día 16 de novembro, houbo folga o día 1 de decembro. Nesa folga vostede vai contar uns datos probablemente, ao mellor non, uns datos de que realmente cerca dun 90 % dos traballadores e traballadoras de Xustiza foron á folga despois de vinte e tantos anos. Todos os medios de comunicación se fixeron eco destas mobilizacións: Europa Press, *Faro de Vigo*, Cadena Ser, *La Voz de Galicia*, *Atlántico Diario*, *La Vanguardia*, *Praza.gal*... Curiosamente, a única que case non se fixo eco desa mobilización foi a Televisión de Galicia, a Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Quizais, como ocorreu en Lalín, porque a Radio e Televisión de Galicia decide non contrastar as noticias con quen as ten que contrastar e estar onde ten que estar, senón que pode ser que a Dirección Xeral de Medios, que creo que depende de vostede, fale coa Radio e Televisión de Galicia e contrasten a información con vostede de maneira directa, e non no sitio onde a teñen que contrastar e onde teñen que estar os traballadores e as traballadoras, moi bos traballadores e traballadoras por outro lado.

Esta mobilización que queda pode ser a do día 13 de decembro. Vostede ten Vicepresidencia, Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e vostede non entende o significado da palabra «diálogo», señor vicepresidente. Como lle dicía antes, todos os conselleiros de Xustiza se sentaban cos sindicatos, os do seu partido; vostede non se sentou nin unha soa vez, e leva case nove anos á fronte desta consellería, ¡nin unha soa vez!

Así que, ¿que lle piden, conselleiro? Que acabe coa discriminación que teñen con relación a outras comunidades autónomas no complemento autonómico transitorio, entre 3.000 e 10.000 euros; nos descontos por incapacidade laboral fóra de Galicia non se descontan e aquí si, tampouco ao resto do persoal dos xulgados, que sabemos que non dependen de vostede, ¡e que sorte teñen que non dependen de vostede!; co feito de que só hai dezaseis semanas para permisos de paternidade e maternidade, adopción ou acollemento, e o resto dos funcionarios, segundo prometeu o presidente Feijóo, vai ter dezaioito; ou nas substitucións, onde non se aboa o cen por cento das retribucións cando se substitúe un corpo superior, mentres si ocorre iso noutras comunidades autónomas.

Reclámanlle, conselleiro, que a súa Dirección Xeral de Xustiza, dunha vez, se faga valer, se empodere —que é unha palabra que está moi de moda agora— e que abra a negociación cos sete sindicatos e que fixe xa os órganos e as localidades onde se van consolidar as prazas de reforzo. Conselleiro, seguro que vostede sabe —non por ir demasiado aos lugares onde estes traballadores e traballadoras están, porque non vai, salvo para inaugurar algunha pedra— que hai prazas de reforzo que levan máis de quince anos nesa situación. En realidade, son necesidades estruturais, non é cubrir unha praza de reforzo.

Quéixanse da eliminación dunhas cento seis prazas dende o ano 2012, o que supón maior carga de traballo. Vaia vostede á Sección da Audiencia Provincial de Pontevedra en Vigo para

que lle conten que é o que pasa, pregunte vostede pola execución das sentenzas para ver como vai.

Voulle dar algún dato máis: o persoal funcionario de Xustiza de Galicia perdeu de media entre 2013 e 2016 o equivalente a tres pagas extraordinarias. Se un vai á froitería e pide que nun quilo de tomates lle entren máis tomates dos que quere, porque a escusa é que o vicepresidente da Xunta me debe arredor de tres pagas extraordinarias, dubido moito de que as persoas encargadas da froitería lle metan máis tomates na cesta. Pois iso é o que pasa. Vaia vostede polas froiterías tamén, ademais de polos xulgados, e pregunte se meten ou non máis tomates cando hai recortes aos funcionarios de Xustiza.

Non é certo que se creasen 125 prazas dende o ano 2012, non é verdade. Foron 50, que xa estaban cubertas por interinos, e 15, que eran para equipos psicosociais que non pertencen a Xustiza. Esa é a realidade, non se crearon 125 prazas.

Proporcionalmente á poboación, Galicia ten case un 25 % de persoal menos que o resto de España, en Xustiza, un 24,98 % para ser exactos.

E logo está o complemento específico, que require unha mención á parte. Primeiro, falan vostedes dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pero hai —como ben dicía o voceiro de En Marea— unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que di xustamente o contrario. E se a vostedes lles gusta tanto a Unión Europea, exactamente igual que a nós e respectan a estrutura xerárquica dos tribunais, deberían aplicar esa sentenza e xa estaba o problema solucionado, xa podían ter votado vostedes a favor da iniciativa anterior.

A negociación deste complemento específico comezou alá polo ano 2000, era conselleiro o señor Pillado. Entre o ano 2000 e o ano 2008 subiuse de cero a 435 euros en oito anos. Vostede leva case nove, nin un só céntimo dende o ano 2008 ata hoxe, e ademais vostede recorta nestes últimos catro anos. O complemento específico que reciben os funcionarios en Galicia é o terceiro máis baixo das doce comunidades autónomas nas que está transferida a xustiza en Galicia, entre un 8 % e un 15 % menos do resto, dependendo das categorías.

Conselleiro, en fin, unha situación de discriminación, de precarización laboral, que incide, ao final, —como dicía antes— na peor calidade do servizo público aos cidadáns, que son os únicos que lles importan a esas persoas que están aí arriba. Estamos a falar de dereitos, e os dereitos, ao final, están moi ben no papel, sen estar no papel non se pode facer nada, pero é necesario que sexan efectivos. E se quen os presta, quen axuda a prestalos non pode facer ben o seu traballo, é moi complicado que sexan efectivos.

No traballo diario hai que traballar a gusto, nas cestas da froitería teñen que entrar os tomates que lle entran a todo o mundo. E ten que haber un sistema, unha plataforma informática que sexa decente, xa non pedimos moito máis. O papel cero ten que ser de verdade, ten que haber persoal suficiente. E ese plan de infraestruturas do que nos falaba o señor Moreira, ¡home!, señor Moreira, é que é do ano 2010-2015, e dentro de escasamente quince días imos estar celebrando un ano novo 2018, e ¿cantos xulgados novos me pode dicir vos-

tede que hai? Estamos no século XXI, non lle pedimos unha Xustiza 2.0, 4.0, pedímoslle unha xustiza adaptada a este tempo, non demasiado máis.

Coa folga —como lle dicía antes, vostede non estaba— suspendéronse xuízos. ¿Vostede vai permitir que se sigan suspendendo xuízos o día 13 deste mes, manténdose na súa posición inamovible, señor vicepresidente da Xunta? ¿Que opina vostede das reclamacións dos sindicatos? ¿Que vai facer o Goberno ante as mobilizacións que se teñen anunciadas, non só para o día 13, senón ao mellor de maneira indefinida a partir de xaneiro? ¿Vai equiparar vostede os salarios das persoas traballadoras de Xustiza coa media doutras comunidades autónomas? ¿Vai consolidar as prazas que se corresponden a necesidades estruturais? Como lle dicía antes, quince anos non é unha cousa ocasional, é algo estrutural. ¿E vai repoñer vostede todas as prazas que foron amortizadas?, ¿cando? ¿Ou é que vostede o que quere é manter unha xustiza do século XIX porque lle convén a alguén que vostede coñece?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, saúdo os representantes dos traballadores da Administración de xustiza que están aquí. E alégrome sinceramente de que estean aquí, porque creo que é bo escoitar todo o mundo e ver as posicións de cada un e o que temos que dicir cada un; eu como responsable da Administración de xustiza e coas competencias da Xunta nesta materia e os diferentes grupos parlamentarios, neste caso, a señora Vilán, que é a que formula a interpelación. Aínda que é certo que xa se falou no punto anterior de todo o que ten que ver con estas cuestións, e houbo unha votación, e creo que quedou bastante claro cal é a postura do Goberno da Xunta mesmo nesas votacións.

Estaba nun acto da Constitución, señora Vilán; esa foi a razón pola que non puider estar. Dígoo porque como vostede en seguida xa se foi por outros temas, como sempre, aproveitando e demostrando que lle importa isto, pero que tamén lle importan outras cousas que teñen pouco que ver con isto. A min impórtame isto nada máis e, polo tanto, vou intentar dar resposta a todo o que aquí se plantexou.

En primeiro lugar, efectivamente, houbo unha folga o pasado venres. E non lle vou discutir —vostede dicíao na intervención do punto anterior e volveuno dicir agora— as cifras; as cifras de seguimento foron as que foron. Foi un seguimento importante. E eu así o recoñezo, teño que dicilo e hai que considerar o que son esas cifras e a cantidade de xente que seguiu esa folga. Nós, evidentemente, temos os datos do seguimento polos sistemas de recollida da Xunta; foron os que aportamos. Pero volvo dicir que é un seguimento importante e, dende logo, apreciable e para ter en conta.

Dime vostede que curiosamente hai moitos anos que temos as competencias en materia de Administración de xustiza e que a folga a convocan cando eu teño as responsabilidades. ¡Home!, levo case nove anos de responsable nesta materia, e é a primeira vez que se convoca unha folga. E, dende logo, imos intentar atopar unha solución. Pero, despois de nove anos, iso, efectivamente, fala da responsabilidade dos traballadores e de que ata o de agora intentamos, polo menos intentamos, facer as cousas ben dende a Xunta de Galicia tamén en materia de xustiza.

Teño que agradecer tamén a responsabilidade dos traballadores, tanto os que foron á folga como os que non. Cumpríronse os servizos mínimos e foi unha folga sen altercados. Polo tanto, nese sentido, e máis falando dunha materia tan sensible como a Administración de xustiza, creo que é digno de recoñecer e de poñer en valor.

A partir de aí, vostede faime unhas preguntas moi concretas. E eu vou intentar, porque creo que é o que nos interesa a todos, tamén aos representantes dos traballadores e traballadoras, e a través deles a todos os funcionarios e funcionarias de Xustiza, saber cal é a nosa postura fronte á situación que está plantexada.

Vostede recoñecía e recordaba tamén que asumimos as competencias. É unha distribución complexa a distribución de competencias, porque ademais hai territorios que si, territorios que non. Como todo o mundo sabe, nós temos reclamado máis dunha vez —e eu persoalmente— a diferentes ministros, non só aos ministros dos gobernos do PP, que se cambiara esa distribución competencial, asumir máis competencias, que haxa máis capacidade de manobra, pero polo que fose non fomos capaces ata o de agora.

Polo tanto, sinceramente, señora Vilán, non nos pode acusar de falta de diálogo. Vostede pódoo valorar, e xa sei que todo é opinable, pero dicir que a Xunta de Galicia non quixo dialogar nesta situación de folga que está plantexada tampouco é verdade. É certo que hai tempo, pero eu si que me sentei —e máis dunha vez— cos sindicatos.

Claro, vostede aquí afirma alegremente que non me sentei cos sindicatos, que nunca vou aos xulgados, que non se crearon novos xulgados. Oia: todos os xulgados que se ofreceron crear ás comunidades autónomas, houbo moitas que dixeron que non, e nós sempre dixemos que si. Dígoo para que teña os datos certos e falemos disto en serio, con intención de chegar a algunha conclusión.

Di que os medios dependen de min. Eu seguí tamén a incidencia da folga pola Televisión de Galicia, e si que saíu reflectida. Non dependen de min os medios, supuxen que vostede o sabería, e xa vexo que non, e tamén leva tempo aquí. Pero non depende de min a Secretaría Xeral de Medios, pero a Televisión de Galicia seguiu tamén a folga, porque creo que é unha noticia salientable. Xa lle dixen que tivo unha repercusión e un seguimento importante.

Resposta ás súas preguntas, insisto que enmarcándoa na normativa vixente, porque creo que é importante. Porque a Xunta de Galicia ten unhas competencias moi concretas, e é certo que amplas en materia de Administración de xustiza, pero non as ten todas, e non as ten todas tampouco en materia de función pública.



A primeira pregunta que fai vostede é saber cal é a opinión do Goberno galego respecto das reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal dos edificios xudiciais de Galicia e que vai facer o Goberno galego ante as mobilizacións anunciadas ao longo dos vindeiros meses. A interpelación estaba rexistrada antes da folga, antes da primeira xornada de folga. Polo tanto, a nosa opinión xa lle digo que é de respecto fronte a estas reivindicacións, e tamén que nesta primeira xornada de folga o seguimento —e volvo dicilo unha vez máis— foi importante. ¿Que imos facer? Pois intentar negociar e intentar solucionar ou dar satisfaccións ás reclamacións que se fan, e creo que é o que acabamos de votar é unha boa mostra.

Esas son as dúas primeiras preguntas que quería responder, e que creo que quedan respondidas co que acabo de dicir. Simplemente recordar que o 18 de outubro a Xunta de Galicia asinou con tres centrais sindicais —Comisións Obreiras, CSIF e UXT— un acordo para o desenvolvemento dun Plan de estabilidade de emprego nos servizos públicos; niso entraba tamén por suposto a Administración de xustiza. E vostede aquí non o recoñeceu, pero é que sabe de sobra —creo que estaba na miña comparecencia de orzamentos— que no ano 2018 xa hai unha previsión para consolidar unha serie de postos ou reforzos de máis de tres anos. Vostede creo que dixo que non. Non sei por que di que non, porque é que si, e hai cousas que si ou non. Pois oia: dime non, prepotente, porque vostede di que non e eu que si. Mire, pois eu prepotente non, sinceridade e feitos. Si que se consolidaron reforzos de máis de tres anos. Claro, hai que consolidalos con cartos e con consignación orzamentaria. E sabe vostede que aí estaba esa consignación.

Terceira cuestión, equiparación dos salarios de persoal coa media das comunidades autónomas. Mire, o complemento autonómico transitorio do que vimos falando durante moito tempo está afectado pola normativa básica estatal, e vostede coñeceo perfectamente, e creo que o coñecen tamén os representantes dos traballadores; creo, non, estou seguro. Outra cousa é a solución ou a viabilidade que lle deamos a todo isto. Pero é que o 18.2 e 18.8 da Lei de orzamentos xerais de Estado establecen as limitacións que establecen. E sabe vostede que a Comunidade Autónoma de Madrid estableceu unha subida, e xa tivo un requirimento de impugnación. E o Goberno de Asturias, onte tiveron a oportunidade de desprazarme alí e o conselleiro competente en materia de Presidencia tamén é o de Xustiza, e recoñeceume que no día de hoxe aínda non teñen levado o acordo ao Consello da Junta de Gobierno do Principado, e veremos o que pasa cando o leven, pero temos o antecedente de Madrid.

Polo tanto, ¿que vai facer a Xunta de Galicia? Oia: está convocado, xa non vou facer un recordatorio, coñecen perfectamente os representantes dos traballadores o que puxemos enriba da mesa nestas últimas ocasións, e xa co comité da folga convocada, que houbo para negociar. Pero volve haber unha reunión o xoves que vén, e alí o que diremos é que, por suposto, estamos e recoñecemos que o que é medible non é opinable, que agora mesmo están e podemos facer estatísticas coas comunidades autónomas que están no territorio do Ministerio en canto ás competencias, e entón aí diríamos que en Galicia se segue por diante, pero é certo que con outras comunidades autónomas a retribución é menor.

Pois plantexaremos unha subida, pero coas limitacións —é que iso é importante, e se ignoramos isto é moi difícil chegar a acordos— que establece a normativa do Estado. E, polo

tanto, o que intentaremos é que se levanten esas limitacións para que se poida establecer esa subida. Farémolo como en Asturias, onde se plantexou unha equiparación cunha decalaxe de anos. Bueno, pois de todo iso é do que haberá que falar, pero tamén conscientes de que, efectivamente, tamén é necesario poñer máis cartos enriba da mesa, pero tamén conscientes do que digo; se non é imposible, que a limitación é a que é, e temos esa *horca caudina* —por así dicilo— da limitación que establece o Estado.

Outra cuestión que fai é: ¿vai consolidar o Goberno galego as prazas que responden ás necesidades estruturais? Eu volvo dicir que iso está feito e consignado nos orzamentos deste ano, todos os reforzos que levan máis de tres anos consolidados no ámbito da Administración de xustiza.

E a última cuestión: ¿vai repoñer o Goberno todas as prazas que foron amortizadas? Mire, saben que no ano 2012 —e disto deuse conta a representación sindical, é certo que non houbo un consenso, pero foi ben explicado nos anos correspondentes— se aprobou un plan de modificación dos cadros de persoal, pero había amortización de 106 prazas. Tamén conto cousas que son perfectamente sabidas por parte dos representantes dos traballadores e motivadas en diversas circunstancias, como a valoración obxectiva das cargas de carga de traballo, a modificación de leis procesuais sobre dotación nalgún órgano en relación con outros da mesma categoría. Consideráronse substitutivos de amortización, pero ao mesmo tempo fóronse creando novas prazas.

Vostede acábame de dicir aquí que as prazas que teñen que ver cos equipos psicosociais non forman parte da Administración de xustiza. Oia: nós cremos que si, e falando con moitos operadores xurídicos diranlle que era unha necesidade para o funcionamento da Administración de xustiza. Non foron as únicas que se crearon, e vostede sábeo perfectamente. En paralelo, consolidáronse reforzos, entre eles os das fiscalías, no marco do proxecto de implantación da nova oficina fiscal, dotáronse prazas de novo aos órganos xudiciais e reforzáronse, por exemplo, os servizos comúns de apoio e decanato. Ao final, o neto —e xa sei que vostede me vai discutir, e máis se establece como non computables os servizos psicosociais— é favorable, creáronse máis prazas das que foron amortizadas nese plan.

Polo tanto, dende logo, se veñen novos órganos xudiciais, e reforzos que haxa máis de tres anos, seguirase facendo así no sucesivo, como se fai este ano con 36. E se se crean novos órganos xudiciais —que eu agardo sinceramente que o Ministerio volva ofrecer novos órganos xudiciais para Galicia—, por suposto, dotaranse, como temos feito este ano, dos funcionarios necesarios para que funcionen dende o primeiro momento, sen pedir aprazamentos, como están facendo outras comunidades autónomas.

Polo tanto, esta é a resposta concreta ás preguntas concretas que vostede me fai.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bueno, a verdade é que unha ás veces ten a sorte de vir a esta cámara e ter a sensación de que as cousas que se fan serven para algo. Esa mobilización dos representantes dos traballadores e das traballadoras de Xustiza, a concentración e a folga, dá a sensación de que serviron para algo, a petición que nos fixeron aos grupos parlamentarios tamén, porque vostede hoxe vén aquí cunha actitude radicalmente diferente coa que entra nesta cámara de maneira habitual. Hoxe vostede está aberto ao diálogo, non sei se é porque ten aí enriba unha espada de Damocles, que é esa posible folga do día 13 de decembro, que lle vai provocar problemas políticos a vostede como conselleiro de Xustiza, probablemente sexa por iso. E é verdade que ás veces a forza é necesaria, e neste caso foi imprescindible, pero foi a forza deses señores e desas señoras que están aí arriba, e que están todos os días currando no seu posto de traballo. E nós simplemente traemos a esta cámara esa forza.

E está moi ben que vostede sexa benvido á realidade do país, porque a Xustiza non está así de hoxe, nin de onte, nin do día 16 de novembro, leva así moitos anos, señor vicepresidente. E vólvolle poñer o mesmo exemplo: en Tui hai un xulgado que é o número 3 —é un exemplo que poño non por poñer e non por escollelo, senón porque é certo—, que leva de maneira provisional case dez anos, e vostedes só se preocuparon por ese xulgado no momento en que o Grupo Parlamentario Socialista o trouxo a este parlamento; ata ese momento non lles importaba. (*Aplausos.*) Benvidos á realidade, ¡xa era hora!

É certo que nestas bases de negociación que vostedes firmaron cos sete sindicatos recollen vostedes as súas peticións, pero parece un pouco —agora que se acerca o Nadal— unha carta a Papá Noel ou aos Reis Magos, señor vicepresidente. Eu quero crer no que vostede está a dicir, sobre todo por esas persoas que están aí arriba. Vostedes falan de: a negociación iniciárase de xeito inmediato; incluíranse no primeiro concurso de traslado que se convoque para os reforzos de máis de tres anos 36 prazas —36, non hai ningunha máis—; para a modificación dos cadros de persoal, comprometémonos ao inicio da negociación para a creación de novas prazas; para os casos de incapacidade temporal, Xustiza impulsará en relación co persoal do servizo a ampliación; e para retribucións das substitucións de corpos superiores, a Administración autonómica comprométese a impulsar e reclamar da Administración estatal. Claro, pero é que todo isto soa a —como dicía a miña filla—: «*Mami, yo solo voy a creer en Papá Noel y en los Reyes Magos*», pois soa a iso, señor vicepresidente. Soa a un conto chinés que vostede quere utilizar para saír do paso e evitar esa folga do día 13 de decembro.

E do complemento autonómico transitorio sorpréndeme moito que vostede diga unha cousa cando o señor Palmou e o señor Pillado dicían outra cousa diferente; de feito, subiron esa cantidade de cero a 435 euros. ¿Por que vostede agora non o pode facer? Sobre todo, porque ten a posibilidade, ten un equipo magnífico xurídico dentro do propio Goberno, que son os letrados da Administración autonómica, utilíceos. E utilicen esa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea para resolver o problema, non para poñer atrancos, señor vicepresidente.

E se Asturias o vai facer —como a vostedes lles gusta tanto comparar gobernos, e en Asturias hai un presidente do Partido Socialista—, vostedes fagan o mesmo, enfróntese a Rajoy e dí-

ganlle: nós queremos o mesmo que quere Asturias, e veremos que é o que pasa. Pero dígano, ¡dígano! Saian da cova dunha vez e dígano, porque, se non, imos seguir nesa cova da xustiza do século XIX. E Galicia non merece unha xustiza do século XIX, e esas persoas que están aí arriba moitísimo menos, e sobre todo eses cidadáns que —como dixen ao principio— teñen a desgraza de ter que ir reivindicar os seus dereitos a un xulgado meréceo moito menos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Peche desta interpelación, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, se vostede me preguntara máis por Xustiza —ten a ocasión cada dúas semanas que hai pleno, pode facer preguntas e interpelacións— ao mellor dábase conta de que o espírito construtivo existe. O que pasa é que vostede tamén, efectivamente, teño que dicirle que se acorda da Administración de xustiza cando hai unha folga convocada, e normalmente non se acorda case nunca. E isto é unha verdade como unha casa. Polo tanto, comprobaría que iso é así.

E tamén lles debería dicir non só aos representantes sindicais que hoxe están aquí, senón a través deles a todos os traballadores e traballadoras, que se fora posible, porque se levanta esa prohibición a nivel estatal para aumentar o complemento autonómico no ano que vén, estaría complicado, polo menos pola súa vontade, porque nas emendas que presentan aos orzamentos da Vicepresidencia non había unha soa petición de aumento de cartos que o fixera posible. Polo tanto, vostede tamén se acorda desta reivindicación cando se acordan os representantes dos traballadores; vostede non se acorda antes para nada. Dígoo para falar das preocupacións de Xustiza que temos uns e outros.

Por iso o que dicía vostede de qué casualidade que a folga lla monten a vostede e non a outros conselleiros despois de nove anos quere dicir, por suposto, que facemos moitas cousas mal, pero algunha cousa facémola ben tamén.

Dime o de Tui. Se, de verdade, vostede cre que se activa a construción do edificio de Tui porque vostedes o pediron, entón é que non entende nada do Plan de infraestruturas xudiciais, non entende nada do que estamos intentando facer na Xunta de Galicia, non entende nada de nada, e así é moi difícil poñerse de acordo. (*Murmurios.*) Mire, é como se me di que resulta que non fixemos Vigo ata o de agora porque non había vontade por parte da Xunta de Galicia, despois de cinco anos esperando a que o Concello de Vigo nos cedera un soar. Ao final, chegamos á solución da Cidade da Xustiza, que todos estamos de acordo, incluído o Concello de Vigo, en que é a mellor. Pero durante cinco anos discutimos e non houbo maneira, e mentres gobernos de todas as cores políticas —tamén do Partido Socialista, tamén do BNG— ían cedendo edificios ou terreos para ir facendo instalacións xudiciais dignas.

Polo tanto, cada un ten os méritos que ten, pero se cre que nos activamos porque vostedes activan dende outro lado, así non imos a ningunha parte. Inténtase ir facendo cousas cunha determinada planificación.

Eu vólvo dicir: en Madrid acaban de requirirille —supoño que logo de impugnación— a suba do complemento autonómico. Asturias insisto que non o levou ao Consello de Goberno, verémolo cando o leve. E cando o leve —ogallá que non haxa ningún problema porque sería a solución a moitas situacións—, veremos o que pasa. Pero, claro, se aquí vostedes din que é o mesmo o que digan as leis porque sempre hai unha maneira de burlalas. ¡Magníficos equipos xurídicos que che din como tes que saltar o que di unha lei! Oia: os equipos xurídicos da Xunta de Galicia non están para iso, están para todo o contrario.

Polo tanto, é o mesmo nas medidas de substitucións verticais. É que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza —señor Villares, parece mentira que vostede diga isto— que nos di que non. E cando intentamos executala por outra vía fixéronnos unha advertencia dicindo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que estabamos intentando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...burlar o que dicía esa sentenza e que non podíamos facelo. Pero é que xa estaba a consignación, era o desexo e a vontade, porque cremos que ten que ser así, e agardamos que poida ser así. Pero intentámolo por dúas vías: primeiro, en sentenza non e, despois, intentando facelo por outra maneira, e en execución de sentenza dicíase nos que iso non o podíamos facer así. Se vostede di que é o mesmo o que di o Tribunal Superior de Xustiza, pois olvidóuselle moi rápido. Sinceramente, téñolle que dicir que estaba alí e que hai cousas que non se poden facer. *(Murmurios.)*

Polo tanto, resumindo e indo ao que nos importa, eu creo que neste debate o que importa é a transcendencia que teña de cara á solución das cuestións que están plantexadas. Na votación que fixemos antes creo que está perfectamente reflectida a intención do Goberno da Xunta de Galicia.

Respecto do complemento autonómico, haberá unha primeira reunión co comité de folga, estando convocada a folga o próximo xoves, e alí plantexaremos que se hai algunha posibilidade —e creo que agora mesmo non a hai, co impedimento legal que hai da Lei de orzamentos— de facer ese incremento da retribución do complemento autonómico plantexarase e intentarase chegar a un acordo como se chegou noutras comunidades autónomas.

Respecto do resto das cuestións —xa na votación a favor de antes estaban os representantes dos traballadores e traballadoras e, polo tanto, escoitaron os debates, e escoitaron e viron o resultado da votación—, creo que obvia máis consideracións. Estamos dispostos a facelo en todo aquilo que nos permita a lei. Volvo dicir que nas substitucións verticais hai ese problema co Tribunal Superior de Xustiza, non ese problema, esa sentenza que o impide. Señor Villa-

res, é así, e se vostedes lles contan outra cousa aos traballadores e traballadoras non lles están contando o que hai.

E respecto da consolidación das prazas, dos reforzos que levan máis de tres anos, están aí as 36. Están aí, alégrome de que vostede non se opuxera a iso, como non preveu cartos para aumentar o complemento autonómico. Foi así, a vostede activáronlle este problema, podía estar activado antes, non o estaba; e, polo tanto, agora se de verdade podemos facelo non se preocupe que a Xunta de Galicia atopará ou intentará encontrar os recursos orzamentarios que sexan necesarios.

E respecto da amortización de prazas dese plan do ano 2012, insisto en que o neto é positivo. E seguiremos creando prazas, que ogallá que este ano o Ministerio de Xustiza —e así llo fixemos saber— queremos que canto antes dote ou diga que novos xulgados se van poder crear, para no menor tempo posible intentar que eses xulgados se poñan en funcionamento. Galicia volverá facelo, ao contrario do que teñen feito moitas comunidades autónomas —tamén moitas delas, teño que dicilo, gobernadas polo Partido Socialista, que non teñen, alá elas, nós si, as urxencias—, porque hai unha boa Administración de xustiza, na que hai moitas cousas que mellorar.

A Xunta de Galicia ten moitas cousas que facer mellor. De verdade que nestes anos intentamos acertar e creo que algunha cousa se foi mellorando.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(O señor Villares Naveira pide a palabra.)*

Creo que foi produto do debate anterior, señor Villares. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Pero non, foi unha opinión... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non foi unha alusión... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, vostede ademais, sendo de leis, saberá que as alusións as valora a Presidencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, as alusións valóraas a Presidencia se hai algo que pode ser ofensivo. Non atopei nada ofensivo, foi algo... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, nada. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón, non, non foi por aí.

Continuaremos os debate ás dezaseis horas.

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, señor Villares. ¡Por favor! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡xa está! *(Murmurios.)*

Ás dezaseis horas volvemos ao debate.



Grazas.

*Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro.*

**O señor PRESIDENTE:** Reiniciamos a sesión continuando coas interpelacións.

**Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co dereito a unha vivenda digna**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

Señora conselleira, levan nove anos fracasando en garantir o dereito recoñecido na Constitución a unha vivenda digna a miles de galegos e galegas, se é que a súa intención era traballar por garantilo.

As súas políticas exclúen sistematicamente dese dereito a miles de persoas que non poden acceder a unha vivenda ou son expulsadas dela, sufrindo un dos peores golpes que pode sufrir unha persoa, unha nai, un pai, un neno ou unha nena.

Este drama cébase nos colectivos máis desfavorecidos, evidentemente: xente nova, mulleres e pequenos; moitas mulleres con pequenos ao cargo. Xa temos falado moitas veces de que incluso os desafuzamentos tamén teñen nome de muller, porque a precariedade laboral ten nome de muller, porque os salarios baixos tamén son máis nas mulleres etc.

Non é algo conxuntural —vímolo denunciando—, é estrutural, e ademais o resultado de factores axiais das súas políticas. E como estes factores son centrais nas súas políticas non teñen pensado mudalos, pero sen mudalos o problema non desaparecerá e, como moito, maquillarano.

Vostedes, coas súas políticas, fomentan dúas cousas. Primeiro, o modelo económico e laboral da precariedade, da inestabilidade no traballo, os salarios miserables que non dan para vivir. Por exemplo, neste país o 44 % dos fogares ingresan menos de 1.500 euros ao mes; o 27 % 1.000 euros ao mes, os salarios da xente moza de media son uns 1.000 euros, 1.097 euros ao mes, un 20 % menos da media dos salarios. E con esa situación, acceder a uns prezos da vivenda aos que non se lle poñen medidas para regulalos ás veces é imposible, e así pasa o que pasa, que seguen a ser diariamente un problema. Baixan as execucións hipotecarias, evidentemente, como é normal, pero soben os lanzamentos por non poder pagar o alugueiro. Soben os casos nos que os desafuzamentos se concatenan nas mesmas persoas, persoas que sofren varios desafuzamentos ao longo do tempo.

Non só os desafuzamentos é o drama da vivenda, senón tamén a imposibilidade de acceder a unha vivenda e iniciar proxectos vitais. Moita xente nova, neste novo escenario, non pode optar a unha vivenda en propiedade, non pode obter unha hipoteca porque non se lles concedería polas súas condicións económicas, ou incluso non quere. Hai un dato na memoria

do Plan RehaVita que así o demostra. No 2008, os mozos que accedían a unha vivenda facían nun 41 % baixo a fórmula de alugamento. En 2015 esa porcentaxe é do 71 %. É evidente que esa xente ou prefire ou se ve abocada, polas súas condicións económicas, non só de salario, senón de inestabilidade laboral, a optar polo alugamento.

Isto non tería por que ser malo se servise para que esas persoas conseguisen unha estabilidade vital e que, se cambian de casa, sexa porque o queiran. Pero o que pasa é que, ao incrementarse a demanda de alugamento e non haber mecanismos de regulación dos prezos, os alugueiros están a subir, e están a subir sobre todo nas zonas urbanas, onde se ven moitas diferenzas. No último ano, máis do 4 % de subida dos alugueiros. Nas grandes cidades soben máis do 6 %, e seguirán subindo porque non hai ningunha medida que o poida limitar, nin directa nin indirectamente. E se soben, e se os salarios e as condicións laborais non melloran, seguiremos a ver e a asistir a desafiuzamentos diarios.

Un dos mecanismos reguladores que se deberían fomentar, incluso como recoñecen no seu Plan RehaVita, é un parque público de alugamento con prezos sociais a un nivel cercano ao que pode haber noutros países europeos, porque iso sería un dos grandes elementos reguladores. Neste país rescatáronse os bancos e compráronse os chamados activos tóxicos a eses bancos, pero, en cambio, non se utilizou para dotarse dun parque público de alugamento, unha verdadeira vergoña que indigna aínda a día de hoxe a moita xente. É dicir, pagámoslles aos bancos para desfacerse dos activos que querían que se desficesen, pero despois non os utilizamos para poñelos á disposición da xente que estaba indo á rúa porque eses bancos non queren que baixe o prezo da vivenda. Entón, mentres se lles compraban e non se poñían no mercado, a xente seguía e segue indo á rúa. Esa é unha característica da súa política, porque hai contradición de intereses. A vostedes gustaríalles que non houberse desafiuzamentos, claro que si, pero se a cambio diso teñen que prexudicar os bancos, vostedes non toman ese tipo de medidas.

Un dos obxectivos do Plan RehaVita era aumentar o parque público de alugamento, que hoxe, da man do IGVS, ten menos de 3.000 vivendas. Non sei a día de hoxe, pero no momento da elaboración do Plan RehaVita eran menos de 3.000 vivendas. Evidentemente, isto non é un parque público que poida cumprir cos obxectivos que vostedes mesmos din defender, como é a regulación e a estabilización do mercado. Hoxe ten a oportunidade de dicirnos as cifras nas que se mellorou o parque público dende a aprobación do Plan RehaVita. Vostedes levan nove anos gobernando, podía pediralles as cifras do parque público de alugamento, de cando vostedes chegaron e as de agora, pero só lle pido dende que se presentou o Plan RehaVita. Cantas vivendas públicas de alugamento había cando se aprobou o Plan RehaVita e cantas conseguiron incorporar. E ten a oportunidade cando xa superamos o ecuador do programa. Estamos moi lonxe de chegar a un umbral mínimo dese parque público de alugamento, e, aínda así, tamén parece que a xestión do pouco que hai é mellorable. Por exemplo, nós conseguimos ter datos da provincia de Lugo a través dunha xuntanza con persoal que traballa nos servizos sociais de varios concellos, e con data de 1 de xaneiro de 2016 só na provincia de Lugo había un total de 117 vivendas baleiras de titularidade pública, de promoción pública, na provincia de Lugo, que corresponden á Consellería de Vivenda e Solo. Contrasta esta información co rexistro de demandantes, que superan os 665, e aínda que sabemos que algún demandante pode estar inscrito en dúas opcións, aínda con todo, vendo estes datos, parécenos imposible que na provincia de Lugo haxa vivenda pública propiedade do IGVS baleira.

Tamén temos os datos de que entre o período do 1 de xaneiro do 2016 e setembro do 2016 se produciron 25 renuncias, fronte ás 18 aceptacións que se produciron. Das renuncias, 18 quedaron en lista de reserva para un próximo sorteo e 9 rexeitaron definitivamente participar nun novo sorteo. Reflexionamos o posible motivo polo cal existe un número tan elevado de renuncias, e cremos que o procedemento de adxudicación debería de ser revisado, procedemento de adxudicación regulado no Decreto 253/2007 e no 1/2010. Na pregunta —está incompleta— só nos referimos ao 253/2007, pero tamén ao Decreto 1/2010, que xa cando o aprobaron dicían que o facían para tratar de simplificar e axilizar os procesos. O caso é que isto segue funcionando mal, e hai xente á que incluso chega a adxudicárselle unha vivenda nove anos despois de solicitala, ou sete anos despois de solicitala. Claro, as condicións desas persoas xa cambiaron, e cando se lles adxudica esa vivenda, despois do sorteo renuncian a ela, ou incluso cambiou a fisonomía da familia e a vivenda que se lle adxudica non é a óptima para esa familia, por iso renuncian. O caso é que hai moitas renuncias. Nós temos datos de Lugo, e gustaríanos saber se é unha cuestión excepcional de Lugo ou se é xeneralizado. O que non pode ser é que, habendo un parque público de alugamento tan pequeno, aínda así haxa tantas vivendas baleiras.

Despois tamén está o programa de vivendas baleiras ao que tanto rédito lle trataron de sacar vostedes publicitándoo. Queremos saber hoxe os datos de cantas vivendas se acolleron a este programa e cantas persoas aloxadas están no programa de vivendas baleiras. Tamén nos gustaría saber se teñen pensado modificar o Real decreto 253/2007 e o 1/2010 para tratar de mellorar o proceso de adxudicación destas vivendas.

Cremos que non se poden seguir repetindo as mesmas políticas porque traerán os mesmos resultados. Creemos que as súas políticas se limitan a maquillar un problema, que non atacan o estrutural. Creemos que se vostedes en todas as memorias de todos os orzamentos din que un dos obxectivos desta consellería é regular o mercado da vivenda e garantirlle á xente o dereito á vivenda, non poden renunciar a ter un parque público de alugamento verdadeiramente ambicioso. É o único xeito de regular os prezos, se non, teremos o que temos; é dicir, en canto se reactive un pouco a economía, o prezo da vivenda, sobre todo nas cidades, vai subir, os prezos dos alugueiros xa están subindo; os salarios da xente moza son de miseria en moitas ocasións e ademais son contratos moi inestables, e en canto iso falla, prodúcense os desafuzamentos, como estamos vendo todos os días neste país. Polo tanto, gustaríanos que tanto no concreto como na liña xeral da consellería nos contestase a esta interpelación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Sánchez, agradézolle que traia de novo a esta Cámara unha iniciativa en materia de política de vivenda porque así poderei ter unha nova oportunidade para explicar todas as

medidas e iniciativas que puxemos en marcha para protexer os colectivos máis vulnerables, para facilitar o acceso a unha vivenda ás familias con máis dificultades, porque sabe que foi unha prioridade na lexislatura pasada, por suposto que si, e agora seguimos a centrar os nosos esforzos para dar solución ás persoas que máis dificultades teñen.

O noso compromiso son as persoas, os galegos, e, sobre todo, os que máis o necesitan en materia de vivenda. E dende logo que traballamos arreo para dar resposta a todos os afectados, porque o desafiuzamento, tanto sexa por impago de alugueiro como por execución hipotecaria, como sabe, porque o debatemos, o falamos, o abordamos moitas veces nesta Cámara e llo teño explicado, son 12 medidas en concreto as que puxemos en marcha para loitar contra os desafiuzamentos. Eu podo dicir e afirmar que son medidas eficaces e medidas efectivas que serviron para axudar a moitísimas familias. Son 12 medidas que foron valoradas moi positivamente pola Valedora do Pobo, quen recoñeceu que é o programa máis ambicioso... Parece que lle molesta, pero é certo, son 12 medidas que a propia Valedora do Pobo recoñeceu publicamente no seu informe anual.

Estamos a falar do bono alugueiro social, concedidos no que vai de ano máis de 200 bonos alugueiro social. Convenios coas entidades financeiras. Asinamos convenios coas entidades financeiras, que se comprometeron coa Xunta de Galicia a non botar a ninguén e a ceder esas vivendas baleiras da súa propiedade para as familias e destinalas a alugamento social. Son xa 115 as vivendas de entidades financeiras que puxemos á disposición de familias en dificultades. E tamén o Programa de vivendas baleiras que comentaba vostede, cuxo obxectivo é pasar dun conxunto de vivendas desocupadas a unha bolsa de vivendas sociais. A día de hoxe, son 53 os concellos que se teñen adherido a este programa; hai xa vivendas incorporadas, por suposto, e tamén vivendas adxudicadas. Un programa ao que instamos os concellos, sobre todo das grandes cidades, que non se teñen adherido a que se adhiran. Vigo, Ferrol, Coruña e tamén outros como Santiago, que asinaron xusto en campaña electoral e o volveron meter nun caixón.

Dende logo, é xusto nas grandes cidades onde hai máis demanda de vivenda e onde se rexistran máis casos de desafiuzamentos; é aí onde temos que actuar, darlles unha solución ás familias e asinar estes convenios de vivendas baleiras.

Sabe que o Programa de vivendas baleiras nace da cooperación entre Xunta e Fegamp, e tamén nace coa participación da Rede galega contra a pobreza. Acordouse no 2016 na nova Axenda social de Galicia, como instrumento baseado nos principios de cooperación e colaboración institucional, e, dende logo, a participación dos concellos compartirá comigo que é fundamental.

Tamén recentemente o Programa de vivendas baleiras se complementou co Programa Re-aluga, para que aquel propietario que incorpore as súas vivendas poida acceder a axudas para rehabilitar esa vivenda que pon á disposición do programa. Polo tanto, estamos a falar dun total de 12 medidas, un plan antidesahucios dende logo completo e eficaz para loitar contra os desafiuzamentos.

Señor Sánchez, teño que volver matizar os datos, porque sempre fala das estatísticas de desafiuzamentos, e sabe de sobra que cando fala deles son inexactos os seus datos porque non

falan de vivenda en propiedade de particulares, e moito menos de vivenda habitual. Sabe que eses datos están referidos a outro tipo de bens inmobles. Refírense a fincas rústicas, polo tanto, por exemplo, a explotacións gandeiras; a fincas urbanas, polo tanto, por exemplo, a naves industriais. E dentro das propias vivendas, incluso hai vivendas xurídicas, é dicir, de construtoras e de inmobiliarias; e incluso hai vivenda de veraneo. A nós o que nos preocupan son as vivendas habituais, as permanentes, dos afectados, e é aí onde temos que centrar os esforzos para dar solucións.

De feito, onte mesmo, están aí os datos do Instituto Nacional de Estatística, foron públicos, e os datos de execucións hipotecarias descenderon un 45,6 % durante o terceiro trimestre do 2017, é, polo tanto, o dato máis baixo de toda a serie histórica en materia destas estatísticas.

Eu reitérolle que dende a Xunta temos realizadas xestións ante os organismos competentes. Por suposto, aí comparto con vostede que é importante ter estatísticas desagregadas, nas que se diferencia a vivenda habitual, porque así poderíamos ser máis eficaces na política en materia de vivenda.

Señor Sánchez, falou tamén vostede do procedemento de adxudicación de vivendas. Permítame que lle explique como é o procedemento de adxudicación de vivendas e facer algunha matización ou corrección.

O proceso de adxudicación de vivendas é a través do Decreto de 2007; un decreto que establece que para optar a estas vivendas é requisito imprescindible estar inscrito no rexistro de demandantes.

Iníciase este proceso ata que se procede ao sorteo da adxudicación, e sempre queremos que sexa o menor tempo posible. Pero comprenderá que para garantir os dereitos dos demandantes hai que examinar a documentación, acreditar que se cumpren os requisitos dos demandantes e evitar que se adxudiquen vivendas a quen realmente non corresponde. Grazas ao actual Goberno da Xunta hoxe as cousas son moito máis sinxelas e moito máis xustas, porque, por exemplo, a unha familia de dous membros non parece razoable que se lle asigne unha vivenda de catro dormitorios, como tampouco é lóxico que a unha familia de catro membros se lle adxudique unha vivenda dun só dormitorio.

E para gañar axilidade e eficacia, reformamos o rexistro de demandantes creado polo Bipartito, de modo que, antes de inscribirse, simplemente se comproba que se cumplan eses requisitos do rexistro de demandantes. Sabe que antes non era así, cando gobernaba o Bipartito, bastaba simplemente con presentar o DNI. Polo tanto, vostede, co seu salario de deputado podería engrosar o rexistro de demandantes. Agora iso non é así, e é grazas a este Goberno, porque ese sistema, dende logo, nin era xusto, nin era eficaz, nin era para nada áxil nin razoable.

Temos constancia de casos de promocións de vivendas novas onde se realizaron ata unha dúcia de sorteos para que se puidesen adxudicar as vivendas, como consecuencia disto que lle acabo de explicar. Polo tanto, agora iso non pasa, e pódolle poñer un exemplo como o de

Cangas, onde o 30 de outubro se iniciou un proxecto de adxudicación e o 20 de novembro —nin un mes— xa foi o sorteo e adaptada a adxudicación.

En calquera caso, seguimos traballando para revisar o decreto, simplificar aínda máis os trámites de adxudicación, incrementar transparencia, incrementar garantías e axilidade, e a maiores, dende logo, a posibilidade da adxudicación directa. Como sabe, coa adxudicación directa é moito máis áxil, pero require, en calquera caso, a intervención da Comisión Provincial de Vivenda e dos servizos sociais dos concellos.

En canto ao réxime de adxudicación, cómpre lembrar que no caso de vivenda de nova construción pode ser tanto en alugamento como en compravenda. Sabe que os ingresos para o alugamento deben de ser inferiores a 1,5 veces o IPREM. Cando os ingresos da unidade familiar son maiores do 1,5 IPREM poden acceder á compravenda. E o que lle podo dicir é que dende o ano 2009 o 68 % das vivendas as temos adxudicadas en alugamento. En calquera caso, estes datos que acabo de dar son unha mostra clara da nosa aposta polo fomento do alugamento porque está en sintonía coas necesidades reais.

Tamén falaba vostede de vivendas baleiras. Nunca mantivemos unha vivenda baleira se hai familias que teñen demandado esas vivendas. De forma temporal, por un tempo moi curto, se había que facer melloras no novo proceso de adxudicación, pero nunca tivemos vivendas baleiras se existen familias que estean demandando esa vivenda. En calquera caso, está ben incrementar o parque público de vivendas, por suposto que si, pero con planificación e con rigor, sen malgastar os recursos públicos.

Matízolle a vostede o dato que daba de 3.000 vivendas. Son 3.700 vivendas de promoción pública de titularidade da Xunta de Galicia; unhas 3.500 en réxime de alugamento. Alugamos moitísimas dende o ano 2014, cando se redactou o Plan RehaVita, señor Sánchez. E en proceso de adxudicación hai moitas, 226 están en réxime de acceso directo.

Non nos damos por satisfeitos. Seguiremos nunha dobre dirección, non soamente con nova vivenda pública, senón con rehabilitación, así o mostran os orzamentos do ano 2018, 7 millóns de euros. O programa Rexurde, para rehabilitar e poñer vivendas á disposición das necesidades sociais, 6,5 millóns de euros. Actuaremos no Ofimático de Coruña poñendo vivendas á disposición; en Vigo, en San Paio de Navia, tamén poñendo vivendas á disposición; en Ourense e en Betanzos estamos realizando obras, e en Lugo tamén; e en Santiago redactando o proxecto para iniciar obras no ano 2018.

Priorizamos as grandes cidades porque é onde hai máis demanda. No Parque Ofimático agardamos poder facer as 1.000 vivendas protexidas que queremos facer; e en San Paio de Navia, 1.600 vivendas. En calquera caso, dende logo, hai unha planificación completa en materia de vivenda pública no Goberno galego.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, sacando as grandes palabras, a grandilocuencia e a publicidade e propaganda, o que temos de datos é o seguinte: que nunha das apostas centrais do Plan RehaVita, que era incrementar o parque público de alugamento, dende 2014 pasamos de 2.800 a 3.500. ¡Grande éxito! Vostede poderá subir aquí e dicir que iso vai solucionar o problema do acceso á vivenda dos galegos e galegas. Nós dicimos que é un absoluto fracaso, e mostra da falta de vontade de dotar a este país dun parque público de alugamento. De 2.800 a 3.500; xa pode botarlle a culpa vostede a quen se lle ocorra desta vez.

Ou, por exemplo, vivendas de entidades financeiras, que puxeron a disposición 115. ¿Cantas hai no país? ¿Cantas vivendas de entidades financeiras hai no país, señora conselleira? É un insulto 115, sobre todo cando vostedes en Madrid se están negando a cumprir coa Lei de fenda local do 2004 para definir vivenda baleira, para poder poñer recargos no IBI ás entidades financeiras que manteñan baleiras estas vivendas, e estano bloqueando en Madrid. Só 115, e vostede vén aquí e intenta... Non sei se pensa que lle imos dicir que 115 vivendas está moi ben.

O Bono Alugueiro Social, 200 casos. Vostede dixo que reformaron o proceso de adxudicación do rexistro de demandantes, e está moi ben como intención, pero xa está ben tamén para poder facer un balance de como van as cousas. Eu díxenlle que só na provincia de Lugo, a 1 de xaneiro do 2016, había 117 vivendas baleiras do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ¡117! ¿Que pasa?, ¿que en Lugo non hai demanda de vivenda, señora conselleira? ¿En Lugo non hai demanda de vivenda? Isto tamén é un insulto.

Ou, por exemplo, dixo vostede para simplificar o proceso. Estamos de acordo no obxectivo, pero o que está pasando en 2016 é que houbo máis renuncias que aceptacións. En 2016 houbo máis renuncias que aceptacións.

E despois vostede segue negándose a asumir a realidade. ¿Que quere dicir cando eu dou os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, cando me acusa a min de tratar de falsear os datos? Estou dando os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, ¿que quere dicir? É dicir, ¿vostede venme dicir a min que eu estou tratando de enganar cando dou os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial? Non vén vostede aquí a admitir que en 2018, despois de centos e centos de miles de persoas expulsadas das súas casas, ningún Goberno é capaz de dar datos fiables dos desafiuzamentos de vivenda habitual neste país. ¿Iso non sería motivo para que vostede entoase aquí o mea culpa, señora conselleira? ¿Como pode ser que vostedes non teñan ou non dean datos realmente da xente que está desafiuzada? Eu ademais non din datos. Vostede contestou a algo que eu non dixen, traíao preparado. Eu non os din. Eu o que sei é que sigo asistindo acotío a desafiuzamentos de persoas neste país, e sei que o Consello Xeral do Poder Xudicial tamén di que no primeiro semestre do 2017 en Galicia se incrementaron o 6,6 % os desafiuzamentos, e no Estado baixaron un 8,4 %. ¡Tanto dá! As cifras son inaceptables, de todos os xeitos. Durante nove anos levan sendo as cifras inaceptables. Nun país coma este, que ten 300.000 vivendas baleiras, moitas delas propiedade

dos bancos rescatados, activos tóxicos comprados, é inaceptable que en 2018 sigamos tendo ese drama, e ese drama, señora conselleira, é estrutural. Co modelo económico que vostedes están instaurando, de salarios de miseria, de inestabilidade laboral e de non querer meterlle o dente aos prezos da vivenda, vostedes están cronificando o problema. É estrutural, ou suben os salarios, ou sube a estabilidade laboral, ou baixan o prezo da vivenda, ou poñen un parque público de alugamento. ¡Non hai outra! Se están tan lonxe os salarios e as condicións laborais dos prezos da vivenda, nunca imos solucionar este problema, señora conselleira.

Polo tanto, si que creo que vostedes non están afrontando nada máis que aquilo que supoña un desgaste electoral, pero, en cambio, no teñen pensado molestar os grandes tenedores de vivenda, por iso vostedes non queren que se lles poida aplicar un recargo no IBI, señora conselleira, e mantéñeno bloqueado en Madrid.

É evidente que cando con diñeiro público se compran as vivendas que os bancos non querían, vostedes poderían liberar ese parque de vivendas e facer un parque público verdadeiramente potente, que dese solución á xente. ¿Por que non o fan? Porque se liberan esas vivendas a prezos asequibles, o prezo da vivenda e os prezos dos alugueiros nas grandes cidades van baixar, e iso non interesa. Non interesa aos que teñen a propiedade das vivendas. E esa é a cuestión pola que vostedes teñen que optar: ou a xente ten vivenda para vivir, ou se quere facer negocio da vivenda.

Po último, Programa vivenda baleira. Datos, por favor. ¿Cantas vivendas están acollidas ao programa e canta xente se aloxou nas vivendas? Ese supoño eu que era o obxectivo, señora conselleira. Queremos saber eses datos e queremos saber como pensa. Xa que dixó que aínda hai marxe para traballar na simplificación no réxime de adxudicación, a nós séguenos parecendo vergonzoso que haxa tantas renuncias, e como vai facer.

Estamos no 2018. No plan RehaVita xa se dicía que había que reformar os decretos que regulaban iso. Pois díganos como, supoño que xa o terán estudado. O que non pode ser é que habendo xente sen casas, haxa casas da Xunta sen xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Peche da interpelación, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Sánchez, ¿parécelle pouco o que estamos a facer? Compáreo vostede co Concello da Coruña: cero vivendas baleiras mobilizadas para axudar a algunha familia, a pesar de que no propio programa electoral facían bandeira de que había 19.000 vivendas baleiras. Polo tanto, compare toda esta batería de medidas con solucións, e cero, por exemplo, onde gobernan vostedes, no Concello da Coruña.

En concreto, o dato que está vostede dicindo de Lugo non é real, polo tanto, revise os datos, porque o certo é que non é real. En calquera caso, señor Sánchez, eu dígollo con humildade, de verdade que llo digo con humildade, pero ¡darme leccións e darnos leccións alguén que só sabe facer bandeira electoral cos desafiuzamentos, e logo onde gobernan non saben mover un papel para dar ningunha solución, e non moven nin unha soa vivenda para dar solucións en materia social...! A min sorpréndeme que me queira dar leccións e que nos queira dar leccións cando onde gobernan non saben mover nin un só papel. *(Aplausos.)*

Fan campaña electoral. Só saben criticar e facer declaracións institucionais. Con declaracións intencionais sabe ben, ou debería saber, que non se resolven os problemas da xente.

O Concello de Ferrol aprobou en Pleno o programa de vivendas baleiras pero non nos chegou. Polo tanto, ¡os papeis sen mover! O Concello de Santiago o ano pasado formalizou o Convenio de vivendas baleiras, ¡claro, antes da campaña electoral!, pero metérono nun caixón. Tamén papel parado, papel sen mover. O Concello da Coruña, a pesar dos requirimentos da Valedora do Pobo, tampouco quere asinar o Programa de vivendas baleiras.

É que non fixeron nada, señor Sánchez. Non fixeron nada alí onde gobernan. Non moven nin un papel, nin para a dereita nin para a esquerda. Polo tanto, señor Sánchez, onde gobernan non mobilizaron nin unha soa vivenda baleira á disposición da xente con necesidades sociais. Polo tanto, o que se debe de pedir a un goberno, por suposto, é que sexa responsable na procura do interese público. Débese exixir a un goberno vontade de traballo arreo, por suposto que si. Eu aí pídolle que reflexionen e que compartan esta postura comigo, e que os gobernos dos concellos das grandes cidades que non se teñen incorporado, que reflexionen e que se incorporen, porque —insisto— onde gobernan non teñen mobilizado nin unha soa vivenda baleira para persoas en dificultades, ¡nin unha soa vivenda!

Polo tanto, o que lles pido, o único, é colaboración. Nin cartos, colaboración nada máis. E o que atopamos é o rexeitamento continuado do Concello da Coruña e do Concello de Ferrol. Santiago non move o Programa de vivendas baleiras. En calquera caso, nós seguimos traballando e seguimos loitando contra os desafiuzamentos con alternativas, con solucións. Hai 12 medidas activas que están reflectidas no orzamento do ano que vén, con 2,6 millóns de euros. E compare, simplemente compare esta batería de medidas, estes números que lle acabo de dar na primeira intervención, e o que fixeron, por exemplo, no Concello da Coruña. Protestando con pancartas non se resolven os problemas. Hai que xestionar, hai que tomar decisións, hai que mover os papeis para ter solucións. E con feitos reais, como o Bono Alugueiro Social; 462 dende a súa publicación a primeira vez, 204 este ano. Convenios con entidades financeiras, que non lles gustan, pero son 115 convenios con entidades financeiras; o peor sería ter cero, como algún concello que non conseguiu ningún convenio con entidades financeiras. Eses son os programas de vivenda da Xunta, e conseguimos axudar en materia de desafiuzamentos a unhas 1.500 familias. E en materia de alugamento son 6.500 familias ao ano as que se están a beneficiar das axudas para alugueiro da Xunta de Galicia, por suposto que si.

E tamén apostamos por nova vivenda social protexida onde haxa demanda. No Ofimático agardamos que nos deixe o Concello da Coruña seguir adiante para que se poidan executar 1.000 vivendas protexidas, e en San Paio de Navia, 1.600 vivendas protexidas.

E a rehabilitación tamén é prioritaria para isto. Alégrome que o anteproxecto da Lei de rehabilitación o atopara na páxina web. Alégrome. Pero o que non entendo son as súas posturas incongruentes. Eu necesitaría unha aclaración pola súa parte porque, por unha parte, critica a Lei de rehabilitación e di que hai que facer vivenda nova. Que hai que seguir construíndo en lugar de rehabilitar. Logo que rehabilitar non... Dende logo, nós témolo claro, apostamos pola rehabilitación para dar resposta ás familias necesitadas. Son 3.500 familias as que teñen accedido ás axudas de rehabilitación do Goberno galego no que vai de ano 2017. Dende logo, a nosa aposta é clara e non nos conformamos, seguiremos traballando. Mentres unha soa familia estea en risco de perder o seu fogar, seguiremos traballando e movendo os papeis, por suposto que si. (*Murmurios.*)

En calquera caso, as solucións acádanse con xestión, con traballo, con decisións e publicando no DOG e nos boletíns oficiais.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

#### **Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento da AP-9**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde, señora conselleira.

Onte o BNG pedía nesta Cámara a declaración do 1 de decembro como o día da dignidade galega, o día que saíu ás rúas o espírito de Nunca Máis. Unha data que deberíamos marcar no calendario.

Como tamén debemos marcar no calendario o 13 de decembro, que podía ser perfectamente o día da vergoña. Non sei se sabe vostede o que pasou o 13 de decembro, pero foi unha auténtica infamia e unha vergoña para este país, cando o 13 de decembro do ano 2016 se produciu o veto político da Mesa do Congreso, presidida pola señora Ana Pastor, do Partido Popular, á tramitación polo Congreso da lei aprobada por unanimidade por este Parlamento co voto de todas as forzas deste Parlamento. Unha auténtica vergoña, unha auténtica infamia e un auténtico veto político; e por moito que o intenten disfrazar de razóns técnicas, realmente deixou claro o ministro cando veu a Galiza o pasado mes de xullo, que era un veto estritamente político. Chegou a falar mesmo de que era unha ameaza para a unidade de España, ¡nada máis e nada menos!, a transferencia da AP-9. Que podería producir —bueno, iso tamén o dixo o señor Feijóo nun debate aquí no Parlamento— tensións territoriais, e co que está acontecendo, non era o momento oportuno.

Ademais, este veto vergoñento, este veto político, é un veto reincidente porque foi ratificado —despois daquel vergoñento 13 de decembro de 2016— o pasado mes de xuño de novo. Despois de que este Parlamento volvese por segunda vez aprobar unha lei por unanimidade —esa xa recortada, eliminando o rescate—, volveu ser vetada a súa tramitación —xa non a

aprobación, senón a tramitación — por parte da Mesa do Parlamento, presidida pola señora Ana Pastor, e por un informe elaborado polo Ministerio de Fomento do Goberno de España, do señor Rajoy.

A nós parécenos que estes vetos son a demostración máis contundente da incapacidade do PP galego para defender os intereses do noso país. Son a manifestación máis evidente e máis contundente da súa obediencia, da súa submisión a Madrid. En realidade non é incapacidade porque é algo que vostedes deciden conscientemente, ese papel de apoio imprescindible para que se tomen estas decisións contrarias aos intereses de Galiza. Este veto, esta decisión do Partido Popular, é o exemplo máis claro do espolio económico, xunto co financiamento —tanto autonómico como local—, o espolio enerxético e do aforro galego; son os exemplos máis claros. Pero eu creo que a AP-9 é o exemplo máis visible para a xente dese espolio legalizado por parte do Estado —hai que dicilo—, por todos os gobernos do Estado español desde o ano 1977, ao longo de corenta anos. Un espolio que está producindo grandes beneficios para unha empresa amiga, presidida por un señor ademais moi amigo do señor Rajoy, que cobra un sucucento soldo anual de 172.000 euros, o señor Muntaner Pedrosa, que significa beneficios astronómicos para unha empresa amiga que actualmente ademais —fíxese vostede o que significa isto— ten como accionista maioritario un fondo de investimento, un fondo buitre norteamericano, que ten o clarificador nome de Capital corsario. Capital corsario: o nome xa o di todo.

Esta empresa concesionaria foi beneficiada con decisións de sucesivos gobernos do Estado que supuxeron a prórroga da concesión ata 75 anos, o máximo legal. Só hai tres autoestradas no Estado que teñen este máximo legal, e dúas están en Galiza. É a última ampliación da concesión por 25 anos adoptada —sábeo vostede— polo Goberno do señor Aznar, do Partido Popular, no ano 2000.

Ademais, ese mesmo Goberno foi o que privatizou no ano 2003, sendo o señor Aznar presidente do Goberno e sendo conselleiro da COTOP da Xunta de Galiza —non sei se sabe quen era, pero deu o beneplácito para esa privatización— o señor Núñez Feijóo. Foi quen avalou dende a Xunta de Galiza esa privatización no ano 2003.

Pois ben, esta privatización supuxo para o Estado —que é outro dos grandes beneficiarios, xunto coa concesionaria, do espolio económico legalizado da AP-9— uns ingresos de 1.586 millóns de euros, dos que aquí non vimos nada. Non vimos nin un patacón, como acostuma a dicir o señor Feijóo. Ademais, o Estado beneficiouse ao longo de todos estes anos do pagamento dos impostos —vía imposto de sociedades ou vía IVE— que satisfai esta empresa concesionaria e que benefician tamén a Madrid, pero dos que aquí non vemos nada.

¿E cal é o papel do Partido Popular? Pois o papel do Partido Popular é xustificar esa aldraxe do veto político vergoñento do PP de Madrid, do señor Rajoy e da señora Pastor. E despois, claro, véñennos con esa especie de cortina de fume, dese premio de consolidación, da Comisión bilateral de seguimento ao máis alto nivel, que supostamente crearon ante a indignación que causou esa decisión de vetar a tramitación dunha lei aprobada polo Parlamento galego.

Falaban vostedes de xestión diaria de todas as decisións. Non sei se vostede ten máis datos, pero eu creo que esta comisión se reuniu unha vez ata o momento e non lle vimos ningún



resultado. Por certo, como outras comisións creadas, como a de seguimento das obras do AVE ou a do seguimento dos investimentos do Estado.

Vostedes aquí están xustificando ese espolio, están defendendo de maneira submisiva e servil os intereses do Estado e os intereses da concesionaria. E agora véñennos tamén apoiando un novo incremento das peaxes previsto para o ano que vén. Están tendo unha actitude absolutamente permisiva cos atascos, coas retencións, coa mala xestión da AP-9 ou coa desfeita causada polas obras na zona de Redondela, concretamente nas parroquias de Chapela ou Trasmañó. E por se isto fose pouco, aínda tivemos a traca final, que foi que, mentres vetaban a transferencia e o rescate da concesión, aprobaban o rescate desas ruinosas autoestradas madrileñas con nada máis e nada menos que 3.500 millóns de euros das arcas do Estado para rescatar unhas autoestradas ruinosas. Polo tanto, son vostedes, señora conselleira, señoras e señores do Partido Popular, uns mindundis políticos, un cero á esquerda, (*Aplausos.*) non pinton nada. Neste tema son os tontos útiles, son o brazo tonto do Partido Popular de Madrid.

Eu creo que as cifras do espolio son máis que evidentes, non me vou estender máis. Pero, fíxese, para que quede máis claro aínda, ademais deses beneficios multimillonarios, estamos a falar de ingresos de máis de 4.000 millóns desde agora ata que remata a concesión, e máis de 1.400 millóns de beneficios neste período, a concesionaria aínda desfruta de privilexios franquistas como unha bonificación do 95 % do imposto do IBI, que deixan de ingresar os concellos polos que pasa esta infraestrutura. ¡Un auténtico escándalo! E a isto súmase a deterioración, o empeoramento do servizo, a redución do cadro de persoal, as reclamacións — que son as que máis abundan nesta autoestrada —, os atascos. A ausencia de bonificacións — como hai noutras moitas autoestradas — que aquí non existen, quitando a viaxe de volta entre Pontevedra e Vigo. E por se isto fose pouco — como lle dicía —, agora van aprobar aínda un incremento do 3,1 % nas peaxes para o ano 2018.

Entón, eu quérolle facer nove preguntas, claras e concretas, que espero que me responda aquí. Primeiro, ¿apoia o PP e a Xunta o recurso presentado polo BNG ante o Tribunal Constitucional en defensa da tramitación da lei aprobada por este Parlamento?

Segunda pregunta: ¿Apoian a suba abusiva das peaxes que vai entrar en vigor no ano 2018? ¿Apoia o Partido Popular, a Xunta de Galicia, esta suba?

Terceira pregunta: ¿Apoian o establecemento de medidas para o abaratamento das peaxes, como por exemplo bonificacións por percorrido completo para residentes, por viaxes ao mes, por quilómetros percorridos... como hai noutras autoestradas do Estado?

Cuarta pregunta: ¿Van exixirle ao Ministerio de Fomento o establecemento de medidas para mellorar a xestión da autoestrada? Por exemplo, o incremento do persoal, especialmente no caso das cabinas de peaxe; a mellora na conservación ou no alumeado da autoestrada; medidas para evitar atascos, cun protocolo de actuación en caso de retencións, por exemplo, que xa propuxo o BNG.

Quinta cuestión que lle formulo: ¿Apoian medidas para compensar o impacto negativo das obras de ampliación da ponte de Rande, tanto na zona de Trasmañó como de Chapela, como



no caso concreto do colexio da Igrexa? Pregúntolle expresamente se van permitir a apertura do carril de incorporación que pasa a dous metros escasos deste colexio.

Sexta pregunta: ¿Apoian a realización inmediata das obras para corrixir o impacto visual e acústico da autoestrada en Chapela e Teis? ¿Apoian estas obras, que se deben executar —ao noso entender— xa no ano 2018? ¿Van facer algo, no caso dos pavimentos ou das pantallas acústicas, nestas dúas parroquias?

Sétima cuestión que lle formulo: ¿Apoian e van facer efectiva en 2018 a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo? ¿Están dispostos a levar a cabo esta decisión o Goberno da Xunta ou o Goberno estatal? Unha decisión, por certo, unha medida, que aprobou este Parlamento.

Oitava pregunta: ¿Apoian e van facer efectiva, cun proxecto no ano 2018, a transformación en vía urbana do treito da AP-9 de acceso a Vigo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que tamén foi obxecto dun acordo?

E, por último: ¿Apoian a realización dun estudo tamén no ano 2018 sobre os beneficios xerados pola autoestrada para a concesionaria para o Estado sobre os prexuizos que lle causou a Galiza e sobre o rescate da concesión?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Espero as súas respostas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Resposta da conselleira de Infraestruturas

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, señor Bará.

Para a súa información, creo que debería saber que os maiores beneficios de Audasa realmente foron entre o ano 2005 e 2011, cando gobernaban vostedes. Pode velo porque é público, son datos do propio Ministerio de Fomento.

En calquera caso, falando de diversos aspectos concretos sobre a autoestrada do Atlántico, que —como sempre digo— é unha estrada fundamental pois vertebra o 60 % de onde viven os galegos, une as áreas metropolitanas máis poboadas e cinco das sete grandes cidades, permítame aclarar algunha cuestión que vexo na exposición de motivos da súa iniciativa, porque alude vostede á resposta que eu mesma lle din o día que vin aquí contestar polas reterencias de Rande.

Lendo a exposición de motivos, parece que lle amolou a miña contestación dese día, e non entendo moi ben por que. Parece que lle molestou que me dirixira ao Ministerio de Fomento o mesmo día que se produciron os incidentes na ponte de Rande. Eu non sei se lle incomoda que vostedes chegaran tarde, porque o certo é que esperaron ao luns. Eu non esperei á fin de semana, nin incluso ao luns pola tarde, para preocuparme por este tema. O mesmo venres, cando se produciu o incidente, dirixinme e púxenme en contacto co secretario de Estado do Ministerio de Fomento.

En calquera caso, como digo, preocúpanos a AP-9. Por suposto que nos preocupa a calidade do servizo da AP-9. Por suposto que non nos gustan as peaxes, señor Bará. Eu sempre llo digo, eu creo que para reafirmalo, datos concretos. En plena crise económica, en plena recesión económica, en momentos de máxima dificultade, puxemos en servizo máis de 200 quilómetros das vías de alta capacidade sen unha soa peaxe. Polo tanto, estes datos creo que son claros.

En relación coa AP-9, vimos seguindo con atención todo o que está a acontecer, vixiantes e atentos a calquera incidencia e poñendo as incidencias que temos detectado de forma inmediata ante o Ministerio de Fomento e tamén ante a empresa concesionaria. Ese mesmo día dos incidentes de Rande dirixinme directamente á empresa concesionaria exixíndolle medidas, e iso foi exactamente o que fixemos o propio 27 de outubro. Esa mesma tarde —non esperei, dende logo, ao luns— dirixinme ao Ministerio de Fomento nun escrito que daba conta da situación que se producira esa mesma mañá como consecuencia das obras; un escrito que advertía das consecuencias negativas para as persoas, tanto a nivel económico como a nivel persoal, que solicitaba que se reunise toda a información para aclarar o incidente; e tamén un escrito que exixía que se adoptaran as medidas necesarias, porque sempre dicimos que, ante situacións excepcionais, por suposto, medidas excepcionais.

Iso foi o que fixemos, como consecuencia da preocupación pola nosa parte. Nós entendiamos, e así mo trasladaron os técnicos de infraestruturas, que era consecuencia dunha falta de programación das obras, e reclamamos as xestións oportunas ao Ministerio de Fomento.

Preocúpannos os cidadáns. Preocúpanos, desde logo, o servizo que se presta e as repercusións do incidente de Rande. O Ministerio de Fomento contestounos e afirmou que foi unha incorrecta planificación, como pensabamos nós, e tomou medidas: abriu dilixencias informativas ante Audasa e adoptou unha serie de decisións para extremar o cumprimento de horarios das obras para evitar retencións; medidas que esperamos dean resultado. E, señor Bará, dende logo que antes, agora e no futuro por suposto que seguiremos vixiantes e cunha política activa en relación co servizo de calidade da autoestrada AP-9.

Sempre pedimos solucións para corrixir as deficiencias e actuamos permanentemente para exixir un servizo de calidade, crendo que o mellor para a nosa comunidade é a transferencia da AP-9, transferencia que vostedes —está no *Diario de Sesións*, sábeno vostedes—, cando gobernaban, non querían. Polo tanto, é unha incoherencia absoluta por parte do seu partido.

Nós somos coherentes e sempre continuaremos demandando co noso traballo a transferencia da titularidade, porque unha xestión máis pegada ao territorio dende logo pode dar máis

resultados. Estar aquí, no territorio, permítenos velar máis directamente polo servizo, dar máis axilidade ás respostas de incidencias e, dende logo, tamén implantar unha nova política en materia de peaxes.

Para o Estado hai 26 AP-9. Nós só temos unha AP-9, e por iso nos preocupa esta AP-9, que é nosa, e queremos que sexa de titularidade da Xunta de Galicia. E, señor Bará —insisto—, non mudamos de criterio en relación coa transferencia da AP-9. Vostedes cando están no goberno calan, e na oposición fan ruído, iso é así. Non nos daremos por satisfeitos en canto non consigamos o máximo, que é a transferencia da AP-9, pero non poden negar vostedes que ten dado os seus froitos o traballo da Xunta de Galicia que agora tanto critican. Por primeira vez temos voz nesa comisión que para vostedes é un premio de consolación.

Dende logo, esta comisión ten dado moitos froitos. Tense avanzado máis que nunca, ¡claro que si!, reforzando medidas para evitar os atascos. E por primeira vez dende o ano 2006 o orzamento da Xunta para o ano 2018 non vai ter reflectidos os 7 millóns de euros que asinaron vostedes para pagar anualmente unha estrada... o Goberno bipartito no 2006. ¿Quen gobernaba? O Goberno bipartito. Foron vostedes, un convenio asinado no ano 2016, convenio ruinoso para Galicia e, dende logo, redondo para Audasa. É moi fácil criticar, pero algo máis difícil saben vostedes que é gobernar.

Asinaron un acordo que supuxo xa pagar a Audasa uns 60 millóns de euros. Polo tanto, leccións as xustas. Nós seguiremos traballando para acadar resultados. E como resultado desa comisión temos evitado pagar todos os galegos 400 millóns de euros de aquí ata o ano 2048. Parece mentira que non recoñezan que este convenio asinado no 2016 é unha barbaridade. A estas alturas deberían de ter claro —con feitos, como dicía— que non nos gustan as peaxes: máis de 200 quilómetros en vías de altas prestacións, en plena crise económica, sen unha soa peaxe. Iso reflicte claramente que non nos gustan as peaxes.

Esquecen vostedes, falando de peaxes, o acordo pechado polo ministro de Fomento José Blanco nos últimos momentos do Goberno Zapatero. Un acordo que, como ben sabe, consiste en que as obras de ampliación da autoestrada da AP-9 se financien con cargo á peaxe. Está plasmado nun real decreto publicado no *Boletín Oficial do Estado* por un goberno socialista, do que vostedes foron socios aquí en Galicia, que decidiu que as obras da ampliación da AP-9 as pagasen todos os galegos con cargo á suba da peaxe. Polo tanto, un convenio blindado polo Goberno Zapatero, polo ministro José Blanco, asinado o 18 de novembro de 2011, polo tanto, uns días antes das propias eleccións, que foron o 20 de novembro. Na súa cláusula VI este real decreto autoriza un incremento extraordinario do 1 %, acumulativo, no 2011. Polo tanto, volvo dicir, outro convenio ruinoso para Galicia e outro convenio redondo para Audasa promovido por vostedes xunto co Partido Socialista.

Polo tanto, non son unha decisión nin de onte nin de antonte estes reais decretos e estes convenios; e, dende logo, quen amarrou os intereses da concesionaria e amarrou ese incremento da peaxe foi ese real decreto no ano 2011. Polo tanto, deixounos esta herdanza. E sempre defenderemos no Goberno da Xunta de Galicia que non se aplique, dende logo, mentres non rematen as obras.

Esta non é a única decisión que adoptaron gobernos socialistas que contravén os intereses galegos. E, en calquera caso, esa comisión que para vostede... —non sei que palabra dixo exactamente— é un premio de consolación, ten conseguido máis que nunca. Por primeira vez temos participación directa na AP-9 e conseguimos liberarnos desa obriga de 7 millóns de euros anuais no capítulo IV da Dirección Xeral de Infraestruturas que tivemos que pagar en plena crise económica como consecuencia de que foi asinado no 2006, cando gobernaba o Bipartito. Consequimos ese aforro anual de 400 millóns de euros ata o 2048, polo tanto, aí creo que se ven as diferenzas: as diferenzas de xestión, as diferenzas de que nós somos un goberno coherente e, dende logo, sempre defenderemos os dereitos dos galegos en relación coa AP-9; sempre defenderemos que queremos a transferencia da AP-9.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. Espero ao seguinte turno para seguir contes-  
tando. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, non sei se está vostede reinventando a historia ou se é que o señor Jorquera foi ministro de Fomento algunha vez. Pero, que eu saiba, os ministros de Fomento (*Aplausos.*) foron do Partido Socialista ou do Partido Popular, que foron os que aprobaron estas medidas.

Mire unha cousa, se hai algún grupo político que tivo unha postura absolutamente clara e coherente, que defendeu a transferencia da AP-9 no Parlamento galego e no Parlamento de Madrid, foi o Bloque Nacionalista Galego, que foi realmente o que promoveu a lei que aprobou este Parlamento en dúas ocasións. Sábeo vostede perfectamente. E quen vetou esa transferencia, quen vetou ese rescate, foron os gobernos de Madrid, sexan do signo que sexan. Polo tanto, non veñan aquí reinventando a historia ou contando mentiras, que iso si que o saben facer moi ben.

¡Claro!, vostede di que lle escribiu unha carta —a carta dos Reis Magos— ao Ministerio de Fomento e á concesionaria, pero o que non nos dixo é que medidas efectivas se adoptaron para evitar estas situacións. E nós fixémoslle propostas concretas de medidas concretas. Falámoslle dun protocolo de actuación ante as retencións, falámoslle do incremento de persoal, falámoslle de expedientes sancionadores e multas ás concesionarias, e vostedes, por moito que anuncien, non fixeron aínda ningún expediente sancionador, non lle puxeron ningunha multa á concesionaria. Son absolutamente consentidores e permisivos ante eses abusos.

E o que non lles imos admitir aquí tampouco é que nos conten mentiras respecto dese suposto aforro dos 7 millóns. Primeiro, porque se era tan malo, tan gravoso e tan inxusto, ¿por que o mantiveron vostedes durante cinco anos que estiveron gobernando en Madrid e na Xunta de Galiza? ¿Por que o mantiveron todos estes anos? (*Aplausos.*)

E despois non mintan porque non son 400 millóns, porque 7 millóns, multiplicado polos anos que faltan de concesión, son 217 millóns, e non se poden duplicar e multiplicar por

dous. E ademais sabe perfectamente que ese vai ser un aforro consecuencia do novo sistema de cálculo que o Ministerio de Fomento e a Xunta veñen aboando desde 2006 nas peaxes. Iso foi publicado no *Boletín Oficial do Estado*, e como consecuencia dese novo sistema de cálculo vanse aforrar unha serie de cantidades que son as que deixa de gastar a Xunta de Galiza e, polo tanto, vai asumir o Ministerio de Fomento eses pagamentos, pero porque se vai aforrar diñeiro, non é por outro motivo.

Os novos importes de compensación calculados co novo sistema son inferiores aos compromisos de gasto autorizados, o cal permite e motiva que a Administración xeral do Estado asuma por completo o financiamento dese canon. Polo tanto, non nos veñan aquí con logros desa comisión de seguimento que non conseguiu nada de nada de nada, que tivo unha reunión que non serviu para nada; igual que a dos investimentos do Estado, que tampouco serviu para nada.

Mire, señora conselleira, no ano 2011, efectivamente, asinouse un convenio entre o Ministerio de Fomento e a concesionaria que supón o incremento dese 1 % acumulativo. Pero, claro, vostedes despois no 2012 e no 2013 estaban gobernando e mantiveron ese convenio, aplaudiron ese convenio, puxeron a primeira pedra da ampliación da ponte de Rande e van inaugurar a ampliación da ponte de Rande. Puideron cambiar ese convenio, puideron modificar ese convenio, puideron facer que repercutisen eses gastos das obras de ampliación nos orzamentos do Estado ou nos beneficios da concesionaria, que ¡mire que non hai beneficios suficientes para financiar esas actuacións!

Dícialles eu na miña primeira intervención que vostedes non pintan nada. A verdade é que si que pintan, ¡por desgraza si que pintan! Son colaboracionistas, colaboracionistas imprescindibles da aldraxe e do espolio (*Aplausos.*) ao que se está sometendo o noso país co tema da AP-9. Son vostedes peza fundamental. O PP galego, o señor Feijóo, o Goberno galego, o Partido Popular que se senta nesa bancada son parte fundamental, cómplices e colaboracionistas dese espolio. Son os executores da submisión, da vasalaxe e do servilismo, tanto ao Goberno de Madrid como ás empresas amigas, como á empresa Audasa, como a Ence, como a Iberdrola, como ás eléctricas, como a todas as empresas onde despois se sentan vostedes nos consellos de administración.

Polo tanto, o BNG non vai calar. O BNG vai seguir defendendo os intereses de Galiza, vai seguir denunciando este espolio e esta aldraxe e non imos parar ata conseguir a transferencia da AP-9 e o rescate da concesión para o pobo galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Peche da interpelación, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Sabe ben vostede que eu me refiro a cando os socialistas gobernaban con vostedes na Xunta e co seu apoio en Madrid. En calquera caso, eu insisto, no 2007, *Boletín Oficial do Parlamento*

de Galicia, vostedes votaron en contra da transferencia da AP-9, polo tanto, esta historia está no *Diario de Sesións*. E permítame que lle insista en que non teñen vostedes a exclusiva na defensa dos intereses dos galegos, os feitos están aí e arrojan diferenzas.

A vostede parece que non lle gusta a realidade, pero foi o Partido Socialista e o ministro Blanco quen blindou con puño e letra ese convenio para financiar as obras de ampliación da AP-9 en Rande e na ampliación da AP-9, e dende logo amarrando unha suba do 1 % acumulativo e ademais pagándolle á concesionaria un 8 % de interese fixo. Polo tanto, imaxine vostede o que penso deste convenio. Un goberno que vostedes apoiaron e o partido co que gobernaban aquí en Galicia.

Dende logo, non deixou marxe ningunha ese goberno para negociar e evitar o incremento da peaxe da AP-9, e foi o Goberno bipartito o que asinou o convenio que obrigou á Xunta de Galicia a pagar ata o día de hoxe 60 millóns de euros, e que, por suposto, grazas a esa comisión da AP-9 deixaremos de pagar.

En calquera caso, sobre a comisión da AP-9 eu creo que se ten vostede que aclarar, porque por un lado a infravaloran e chámanlle o que lle chaman, e por outro lado traen iniciativas á Cámara para que neste foro se aborden certos asuntos. Polo tanto, ou é unha pantomima, como quería dicir vostede, pero o certo é que nos trasladan algunhas cuestións para que as levemos a ese foro, polo tanto, eu creo que sabe perfectamente que é de utilidade e de eficacia esa comisión da AP-9. Unha comisión que ten dado resultados importantes, sobre todo para o peto dos galegos, poñendo fin á obriga da Xunta de subvencionar a peaxe dunha estrada que é titularidade do Estado, polo tanto non é unha estrada titularidade da Xunta de Galicia —e vólvolle dicir, un convenio ruinoso asinado por vostedes cando estaban gobernando co Bipartito—, ou evitando que esas peaxes de Audasa non se quixeran repercutir antes de que finalizaran as obras. Agora veñen vostedes demandando a liberalización da peaxe da AP-9. Fan moito ruído, pero o certo é que o que intentan é enganar a xente dicindo que coa transferencia a estrada vai ser gratuíta, e sabe vostede perfectamente que non vai ser así.

Eu volvo insistir, ao Goberno galego non lle gustan as peaxes, e nós somos coherentes. Vostede pon o grito no ceo cando como contraprestación, por un investimento de preto de 300 millóns de euros, vai subir unha peaxe, pero cando se decidían incrementos do 4,4 %, por exemplo, non dicían nada porque era cando gobernaba o Bipartito, e claro, vostedes calaban. Entón parece que a suba das peaxes parece culpa da Xunta de Galicia, e non é así. Vostedes calaban cando durante o Bipartito a media do incremento das peaxes era do 3,5 %, e por certo, sen ningunha obra a cambio. Polo tanto, sexan coherentes. Anímoos a que sexan coherentes.

Seguen vostedes a mesturar debates. Decía que vostedes queren trasladar que a transferencia da AP-9 é gratuíta, e saben que non é así, hai responsabilidades patrimoniais que hai que cumprir. A nosa opción nunca vai ser pagar cun único pago millóns de euros a unha concesionaria. Dende logo, é unha solución que nunca apoiaremos que se saquen cartos dos petos dos cidadáns para entregarllos a unha empresa privada.

Polo tanto, seguiremos sendo coherentes, e anímoos a que sexan tamén coherentes, defendendo que a autoestrada sexa galega e traballando para acadar que se materialice a trans-



ferencia, pero seguiremos defendendo os intereses dos galegos. Temos pedida unha nova xuntanza da Comisión de seguimento da AP-9 para abordar diversos asuntos, e, polo tanto, que se executen as medidas de compensación que se acordaron co alcalde de Redondela, que superan os 7 millóns de euros. Por suposto que hai ese compromiso de facelo, e se van executar. Tamén para abordar posibles bonificacións, como falei coas federacións de transporte de mercadorías, por seguridade viaria e tamén por competitividade. Polo tanto, traballando con feitos, entregando 210 quilómetros de vías de altas prestacións en plena crise económica. O primeiro e o único Goberno que implantou bonificacións nas estradas autonómicas; son as máis baratas de España as estradas autonómicas. Polo tanto, traballo e feitos. Eu lamento que cando gobernan calen e na oposición fagan ruído, teño que lamentalo.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Continuamos co punto 7 da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego en relación coas declaracións do fiscal delegado de Medio Ambiente respecto dos lumes declarados en Galicia a mediados de outubro de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Di o dicionario da Real Academia Galega sobre o substantivo *terrorismo* que é o emprego da violencia en atentados, secuestros etc., por parte dunha organización política como medio para conseguir os seus fins. E de *incendiario* di que é o que causa ou provoca voluntariamente un incendio.

No ano 2006, a Fiscalía Superior de Galicia realizou un informe para determinar cales foron as causas das vagas de lumes; o informe actualizouse nos anos 2010 e 2011. En todos os casos, a Fiscalía concluíu que non existía ningún tipo de organización criminal tralos incendios. Agora, o fiscal delegado de Medio Ambiente defende que se repiten as mesmas pautas e os mesmos patróns que se produciron no pasado, e que, polo tanto, non temos ningunha razón para mudar a nosa opinión no que atinxe ás causas dos lumes.

O sector da madeira decántase tamén pola hipótese de que o problema real dos montes galegos é a ausencia de políticas forestais e agrarias acordadas ao noso contorno, así como o despoboamento do rural e o nulo interese institucional por apoiar unha economía forestal sostible a longo prazo.

Temos, polo tanto, boas razóns para pensar que as declaracións de Núñez Feijóo, impresas con cartos públicos, ademais de precipitadas e oportunistas, foron radicalmente falsas. Coa

finalidade de limpar a súa mala imaxe, o Goberno da Xunta adicou máis de 77.000 euros de todos os galegos e galegas a un anuncio impreso que reproducía as declaracións do presidente do luns día 16. Ditas declaracións centrábanse en responsabilizar os terroristas incendiarios dos lumes que asolaron Galiza a fin de semana do 15 de outubro. A día de hoxe, continuamos sen ter ningunha proba da existencia de tales terroristas. O fiscal delegado de Medio Ambiente acumula moreas de investigacións sobre os incendios forestais, mesmo xa sobre aquela importante vaga do ano 2006, e recomendou dende un primeiro momento calma, prudencia e deixar traballar os investigadores antes de lanzar conclusións máis baseadas en teorías que en datos, indicios ou probas.

A día de hoxe, nunca se demostrou a existencia de tramas incendiarias no país, e advirte dun problema complexo, con moitos factores e con moitas variables. Dende a Fiscalía vanse coordinar as pescudas que se deriven das investigacións en marcha, e asegura que se porán todos os esforzos en ditar luz sobre un fenómeno que nunca terá unha conclusión común para todos os casos.

En canto lle preguntaron ao fiscal que lles recomendaría ás administracións ou á clase política nestes momentos, respondeu que debiamos agardar os resultados das investigacións e que se falará sobre certezas e sobre o que sexamos capaces de probar. Pero eu —dicía el— non son quen para recomendarlle nada a unha administración. Deixemos que os investigadores traballen, e a partir do que eles nos digan e indiquen, xa formularemos hipóteses e propostas.

Isto é o que non fixo o actual presidente da Xunta, máis ben fixo o contrario. Aconsellouse coa señora conselleira, aconsellouse cos deputados e co director xeral de Montes, e dixo que hai unha trama de terrorismo incendiario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Está entendida a pregunta.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Pero non a fixen...

**O señor PRESIDENTE:** Xa, pero tena documentada.

Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Como boa galega vou comezar respondendo con outra pregunta. ¿Como considera vostede, ou como denomina, os que prenden lume aos montes? ¿Despistados? ¿Despreocupados? ¿Incendiarios? Pois, casualidades da vida, eu non dubido en consideralos *terroristas*, e repetireino unha e mil veces, *(Aplausos.)* porque actúan contra o medio ambiente, porque actúan contra a

fauna e contra a flora, e sobre todo porque actúan contra as persoas e contras as vidas humanas. E eses son terroristas, non son despistados, non son despreocupados, non é casualidade.

Verdadeiramente chama a atención que teñan vostedes tantísimos reparos en recoñecer a intencionalidade dos lumes que acabamos de vivir e que rexeiten falar de terrorismo incendiario.

O presidente endexamais falou de trama, esta conselleira endexamais falou de trama, pero si que falamos unha e mil veces, e seguiremolo repetindo, de terroristas.

Só recordarlles uns datos que coñecen vostedes perfectamente. Déronse condicións meteorolóxicas extremas, fortes ventos, altas temperaturas diúrnas e nocturnas e moi baixa humidade ambiental, e a partir de aí, Galicia sofre durante unha ponte, durante unha fin de semana, na ponte do Pilar, un ataque incendiario desaforado e sen precedentes. Aquí si que non hai precedentes.

Se o día con máis actividade incendiaria en agosto deste mesmo ano houbo 51 lumes, o 21 de agosto de 2017; o 15 de outubro iniciáronse 131. A actividade en horario nocturno, é dicir, entre as dezanove trinta horas do sábado e as oito da mañá do domingo, 46 lumes. E no mesmo horario, do domingo ao luns, iniciáronse 88. ¿Foron despistes, foron despreocupacións, foi casualidade....?

Señorías, non sei se recordan vostedes o ano 2006, non gobernaba o Partido Popular. Bueno, eu si gobernaba, era do Partido Popular e ademais gobernaba nun pobo. Naquel momento falábase de termos e ademais con diferenzas, e aí si que se falaba de tramas. Agosto, ano 2006: «A Xunta traballará para que os terroristas do lume acaben en prisión». E engadía o señor Quintana que existía unha nova tipoloxía de incendios en Galicia que demostraba a intención que teñen os pirómanos de facer dano, queimando cerca das casas e das vías de comunicación.

Agosto do 2006, dicía o secretario xeral de Vicepresidencia, Antón Losada: «Aos incendios hai que darlles o tratamento penal que recibe o terrorismo». E continuaba: «Estamos ante un ataque cun grao de planificación sospeitoso, e temos en fronte un pequeno exército de desalmados, esa é a realidade».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas a vostede. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, dende o Grupo Parlamentario de En Marea nunca nos escoitará falar ou dudar da intencionalidade dos lumes, iso non o poña na nosa boca. O Partido Popular non perde unha soa oportunidade para mentir. Nin sequera a vaga de lumes, pola que deberían

de asumir responsabilidades políticas, espertou na formación do seu goberno o máis mínimo amago de honestidade.

Ata o concelleiro Popular en Vigo, o señor Gago, mentiu en pleno caos. Ese concelleiro, presidente de Nuevas Generaciones, goza do respaldo dos principais persoeiros do Partido Popular. Moitos sinalárono xa como o posible sucesor de Fraga e de Feijóo, e tendo en conta a equidistancia coa que fala entre os dous bandos da guerra vai polo bo camiño. Pois ata ese concelleiro, cando a vaga de lumes mostraba a súa peor cara, respondeu a unha entrevista radiofónica dicindo que a cidade ardía polos catro costados debido a un ataque intencionado. Asegurou que se estaban a producir múltiples cortes de luz e que a auga deixara de ser potable a causa da contaminación.

Días máis tarde afirmou que defendera eses feitos sen ter probas que os avalasen porque era o que estaba comentando a xente pola rúa. Entón, quedou demostrado quen non era o que dicía a veciñanza, senón que se trataba do argumentario do Partido Popular ese día. Coas súas declaracións, Diego Gago fixo novos méritos ante os seus superiores a costa de desinformar e de mentir á cidadanía, que facía fronte á peor traxedia vivida na historia recente de Vigo.

Miren, señorías, o que di o dicionario da Real Academia Galega sobre o adxectivo *mentirán*: que mente ou ten por costume mentir. E como sinónimos trae: alburgueiro, aldrabeiro, aldrabón, baltroteiro, embusteiro, mentireiro, trafalqueiro, troleiro, trampón ou tramposo. Iso é o que foi o señor Feijóo cando mentiu sobre a orixe dos lumes, e se mostrou sobrepasado polas súas propias políticas forestais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Turno de peche da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

¿Pero como se atreven a dicir aquí que mentiu o presidente da Xunta sobre a orixe do lume? Demostren que mentiu sobre isto. (*Murmurios.*) ¿Por que? ¿Por que o din?

Miren, señorías, o máximo respecto cara a todas as cousas que se din por aí, pero é certo que as accións dos incendiarios, atacando indiscriminadamente a todo e a todos, ao patrimonio e ás vidas, incluso acabando con elas, son accións propias de terroristas, e como tal deberían de ser tomadas por todos.

Esas accións indiscriminadas son accións terroristas, xa sexa de forma individual, xa sexa en grupo. A realidade é que causan danos, e ese dano dóenos moitísimos máis, sobre todo, cando afecta ás vidas humanas.

E como vostede nomeou Vigo, pois eu, se quere, tamén lle nomeo Vigo. E non son palabras de ningún concelleiro, senón que son declaracións do comisario xefe de Vigo, que di: «Atri-

búese, sen dúbida ningunha, a totalidade dos incendios ocorridos no núcleo urbano de Vigo á man do home. Pensamos que o que se fixo non é cousa dun cidadán ocasional que saíu queimar, senón que hai varios autores». Non é o concelleiro de Vigo, é o comisario xefe de Vigo. «É evidente que hai unha certa organización, non ten sentido un lume nun solar da Gran Vía».

Tenente coronel da Garda Civil de Pontevedra: «En Pazos de Borbén detectamos que se prenderon 9 focos en diferentes puntos do concello nun período de apenas vinte 20 minutos. Pensamos que iso é moi difícil que unha soa persoa o poida facer». Non son declaracións de ningún concelleiro, son outro tipo de declaracións de profesionais que respectamos.

Fiscal coordinador de Medio Ambiente e Urbanismo de España: «*No vale salir por peteneras, hay que asumir que es un delito cometido por energúmenos con unas consecuencias catastróficas, incluso en los casos en que se pueda demostrar una imprudencia*».

Esta é a realidade existente. ¿E que fai a Xunta de Galicia? Pois traballar para que isto non volva acontecer. De feito, no día de onte os presidentes de tres comunidades autónomas — o noso, por suposto, Asturias e Castela-León — fixeron unha declaración institucional conxunta na que propuxeron, entre outras cousas, promover a cooperación co Consello do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e as comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León, e os organismos e institucións en defensa do medio ambiente, para establecer liñas de actuación conxuntas para unha mellor coordinación na loita contra os incendios forestais, así como actividades de formación e perfeccionamento para xuíces, maxistrados e fiscais con destino nestas comunidades autónomas; e para outros profesionais implicados.

Estas e moitas máis, cun fin...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e este fin é acabar coa vaga de lumes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o tempo.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e cos incendiarios, que son auténticos terroristas en Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a proposta do Goberno galego para que Galicia non saia perdendo na negociación do novo modelo de financiamento autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Noa Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Martínez, as nacionalistas traemos unha vez máis a esta Cámara a nosa preocupación pola revisión do sistema de financiamento e a posición de Galiza. Vostedes saben perfectamente que, detrás dese debate que moitas veces parece abstracto, o seu resultado marcará o noso futuro. Cuestións tan importantes como salvar os nosos servizos básicos: o ensino, a sanidade, os servizos sociais ou a dependencia, van depender fundamentalmente do que Galiza consiga nesta negociación. Atreveríámonos a dicir incluso que é o reto inmediato máis importante que ten o noso país. Por iso desde o BNG estamos enormemente preocupadas coa actitude do Goberno galego, que está entre ausente e indiferente; máis preocupado — parece — das contas de Cataluña ou de Euskadi que de facer os seus propios deberes.

E hai motivos para estar preocupados, porque na última revisión, a creación de diversos fondos, sabe vostede perfectamente que tiveron un maior peso para a poboación, e iso fixo que o noso país saíra perdendo. Iso fixo que a respecto do que acontecera outros anos — mérito, por certo, do Goberno Feijóo —, Galiza perdera. Polo seu fiasco, a día de hoxe hai varios elementos — como o avellentamento ou a dispersión poboacional — que non contan como deberan. E nada temos avanzado, para mostra un botón. Estamos en pleno debate orzamentario e a achega do modelo de financiamento é practicamente idéntica á de hai dez anos, nos orzamentos de 2018. Dez anos nos que vostedes nos regalan unha foto fixa que evidencia o seu fracaso político e o pouco peso que ten a súa voz no Estado español.

Mentres, hai que dicir tamén que os seus colegas do Goberno central non se luciron. Primeiro, levan incumprindo a lei desde o 2014. E despois, colleron o feo costume de estar mentindo unha e outra vez. A máis recente — por sintetizar —, este mesmo ano, en xaneiro, na Conferencia de presidentes e presidentas, o señor Rajoy asegurou que antes de que rematara o 2017 estaría listo o novo sistema de financiamento. Nunhas semanas, señor Martínez, imos tomar as uvas, e o último que dixo o señor Rajoy é que non podía asegurar nin sequera unha data.

Pero nesta cronoloxía da vergonza o que máis nos preocupa é que vostedes parece que están copiando o señor Rajoy. A semana pasada vostedes tiñan que entregar a súa avaliación a respecto do Informe da Comisión de expertos e nada sabemos do que contestou Galiza e de se enviou algún tipo de avaliación, proposta, se dixo algo, ou se, coma sempre, ficou caladiña. Hoxe pola mañá a voceira do BNG, Ana Pontón, preguntoulle tamén por esta cuestión ao señor Feijóo, e nada recibimos como resposta máis alá de botar balóns fóra. Espero que vostede poida dicirme algo diferente.

Polo tanto, pregúntolle, señor conselleiro, ¿cal é a proposta do Goberno galego...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...neste momento de negociación do novo sistema de financiamento? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Facenda.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoría.

Esta cuestión, efectivamente, xa tivemos ocasión de debatela algunha que outra vez neste Parlamento. A posición do Goberno galego —permítame que a defina en catro cuestións— xa é coñecida, é unha postura firme, coherente e sen improvisacións. Pero ao mesmo tempo permítame que lle adiante tres decisións, tres cuestións sobre as que quero falar no día de hoxe na miña primeira intervención.

A primeira delas, a primeira decisión, é a de rexeitar a proposta do BNG de formular un concerto cupo para Galicia. Créame cando lle digo que é por razóns técnicas, económicas e tamén sociais; non existe ningún estudo medianamente serio que garanta que o sistema de concerto cupo sexa mellor para Galicia. A sensu contrario, si que existen estudos serios técnicos que o que nos indican é que aproximadamente perderíamos sobre a situación actual uns mil millóns de euros. Polo tanto, esa é a primeira cuestión que lles aforramos aos galegos, 1.000 millóns de euros, de non facerlle caso á postura que defenden vostedes. Lamento moi moito que o BNG siga instalado nunha formulación de carácter puramente ideolóxica, non dunha postura como a que acabo comentar, de carácter social, económico e técnico, permítame que lle diga.

Segunda decisión. O Goberno galego xa manifestou durante todo este tempo, mediante actuacións de carácter puramente leal e coa firmeza oportuna, que rexeitamos calquera das vantaxes que non sexan xustificadas. Estoume a referir a un tema moi concreto, cando se plantexa, por exemplo, o tema de quitas de débedas.

Durante estes anos, o comportamento responsable da Comunidade Autónoma de Galicia. Cumprimos sempre todos os parámetros que nos demos ante todos. Non fomos nin rescatados nin necesitamos ningún tipo de axuda, pero, ao mesmo tempo, recoñecemos que hai comunidades autónomas que si necesitaban da axuda do Goberno central.

E sempre firme, e esa firmeza é o que nos permitiu —segunda cantidade que lle dou no día de hoxe— ir a un mecanismo como é o de facilidade financeira, que nestes momentos garante para a Comunidade Autónoma de Galicia aproximadamente uns 350 millóns de euros.

E, en terceiro lugar, permítame que lle poña negro sobre branco, e dunha maneira o máis clara posible, cales son os principios reitores da nosa postura. En primeiro lugar —e estamos falando dous séculos e algo despois—, principio de igualdade. Aquí non falamos de territorios, falamos de persoas. Todas as persoas son iguais, e as persoas necesitan os mesmos servizos públicos en todo o territorio nacional. Segundo principio, de suficiencia, o que queremos para hoxe tamén o queremos para o mañá, para o futuro. Pero ao mesmo tempo hai algo que entronca co primeiro principio que lle dicía, a mesma capacidade que me recoñezo para min, tamén lla recoñezo para os demais, iso chámase un consenso multilateral, nunca de carácter bilateral. Pero, ao mesmo tempo, xa llo dicía tamén antes, o que necesitamos de verdade é avaliar as necesidades de gasto, e para iso hai que ter en conta as peculiaridades, como as que demostra dunha maneira científica...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...a Comunidade Autónoma de Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Martínez, comezou cunha verdade, é certo que algo temos falado desta cuestión nesta Cámara. Tamén hai que dicir que sempre, todas e cada unha das veces que falamos nesta Cámara de modelo de financiamento, foi ou por unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego ou por unha iniciativa do Partido Socialista. E iso denota que, un, vostedes, de diálogo, pouquiño; (*Murmurios.*) e, dous, vostedes, de cumprir coas súas responsabilidades, pouquiño tamén. E a proba é que vostede, en vez de responder á miña pregunta, en vez de dar-me datos concretos de se vostedes dixeron ou non algo a respecto das comunicacións que tiñan que ter enviado en nome deste país a semana pasada, señor Martínez, das que este Parlamento non sabe absolutamente nada, se existía ou se non e con que contido, vostede dá a calada por resposta. O que fixo foi facer oposición da oposición, que é o exercicio físico favorito do partido do Goberno.

Primeiro, recórdolle que eu son deputada do Bloque Nacionalista Galego, a organización política que ten traído aquí o debate do FLA é En Marea, pero, bueno, xa o señor Lago —que non está— verá o vídeo e darase por contestado. En ningún momento esta organización política propuxo adherirse ao FLA. Eu pregunteille pola posición do país e vostede contestoume falando da proposta do BNG, que eu nin sequera anunciei na miña primeira intervención. Nin sequera falei en ningún momento do concerto económico ou non atendeu ben, señor Martínez.

En todo caso, eu dígolle, ¿a vostede non lle parece unha asintonía democrática que vostede coñeza perfectamente o que este grupo político defende para este país, pero que este grupo político, nin os galegos e galegas, nin ningún outro grupo da oposición saibamos que raios defende o Goberno galego en Madrid cando vai negociar no noso nome? Señor Martínez, por favor, un pouco de seriedade. O único que medio me contestou é que —entendo que pola intervención de Ana Pontón pola mañá, onde pediamos e reiteramos que, se tanto peso político teñen en Madrid, abran unha negociación bilateral co Estado español— vostedes son máis de consenso multilateral.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pois sexa bilateral ou multilateral...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ... por favor, dígame algo...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...da posición de Galiza neste momento. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Moitas grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Creo que estamos un pouco nun diálogo de 180 graos. Vostede vai por aquí, nós imos por outro sentido.

Permítame que lle diga que as tres decisións que lle acabo de adiantar son suficientemente explícitas do que é a nosa postura. Esa postura que, curiosamente, non é improvisada. Sempre tivemos a mesma pero con carácter evolutivo, porque isto hai que analízalo en relación para con dentro e para con fóra.

En primeiro lugar —vólvolle repetir—, algo temos avanzado cando incluso vostede mesmo acaba de confirmar que xa non fala de concerto. Oxalá seguiran pola mesma tónica. Vólvolle repetir, non existe ningún estudo, desde o punto de vista técnico e económico, que demostre que un sistema de capacidade fiscal é mellor para os intereses dos galegos que un sistema que pivote sobre as necesidades de gasto. Iso chámase principio de igualdade, e iso lévanos a ter que garantir o suficiente nestes momentos e no futuro. ¿Por que me obriga a poñer determinadas cuestións numéricas para ver se teño razón ou non? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* O que está claro... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, pero paréceme que non... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, presidente, gustaríame terminar... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

En segundo lugar —vólvolle repetir—, esta comunidade autónoma e este Goberno non ten ningún tipo de ansiedade. ¿Por que?, porque ten os deberes feitos. Estamos ocupados nestes momentos do proceso do novo sistema de financiamento autonómico porque fixemos os deberes ao cabo de todos estes anos. Temos comunicado e participado nos traballos técnicos do Consello de Política Financeira e Fiscal. E, ao mesmo tempo, elevamos sempre as nosas propostas, que o que tratan é de reflectir a igualdade. E a igualdade para Galicia ten unha peculiaridade moi concreta, como é o avellentamento, cunha incidencia moi importante sobre a sanidade; a maior demanda que se produce en todo o Estado español ligada á sanidade. É unha cuestión tamén de pesos, non soamente de medir algunhas variables. Ten unha importancia capital tamén nas distintas políticas sociais. E ten importancia tamén a baixa taxa de nacementos que temos nestes momentos.

Todo iso hai que poñelo en común. ¿En común con quen? Coa xente que nos rodea. E a xente que nos rodea ten uns gobernos autonómicos como foron onte os de Asturias e Castela-León, porque incluso nun período negociador o que hai é que establecer determinados niveis de alianzas. Aí estamos, e oxalá ese nivel de alianzas o poidamos completar con boa parte deste Parlamento. Eu xa sei que é unha utopía plantexar para todos un consenso, pero eu

creo que non existe nestes momentos mellor cuestión de país que o financiamento autonómico, polo tanto, esa é a nosa postura.

Pero —vólvolle repetir— sen ningún tipo de ansiedade, porque nestes momentos nós temos os deberes feitos. É moito o que fixemos durante estes anos e non permitiremos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...ningún tipo de ataque comparativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor DÍAZ VILLOSADA:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

En 1992 o *Mar Egeo* encallaba a carón da Torre de Hércules cando na memoria dos coruñeses e das coruñesas aínda estaba a nube do *Urquiola*, do ano 1976, afundíndose en plena baía. O 19 de decembro de 2002, o *Prestige* —hai quince anos— partiuse en dous, baleirando 77.000 toneladas de cru que se repartiron polas costas galegas, provocando unha das maiores catástrofes e desastres ecolóxicos da historia marítima e xerando un amplo debate sobre a necesidade da erradicación dos portos de refuxio —aínda non resolta— e as condicións de navegación dos petroleiros.

A Coruña non só non foi allea a estes debates, senón que se uniu coa experiencia de tres naufraxios recentes, e ademais coa consciencia de ter no seu subsolo, en catro barrios, seis quilómetros de canalizacións de gas e cru desde Os Castros ata a refinería.

É neste contexto cando se consegue a aprobación polo Goberno central do compromiso firme de construción do porto exterior. O 4 de febreiro de 2004 subscríbese un convenio entre o Goberno central, a Xunta, Adif e os concellos de Arteixo e da Coruña, co que se pretendía, entre outros aspectos, prever os usos dos solos ocupados polo porto interior.

O propio convenio, señora conselleira, recolle que o Ministerio —é literal— estima que a reordenación destes terreos, unha vez tramitada a súa desafectación conforme a lexislación

portuaria vixente, debe servir para unha mellora e un desenvolvemento das estruturas urbanas da Coruña, para conseguir un peche da fachada marítima de máxima calidade arquitectónica e para mellorar a seguridade e a calidade medioambiental da cidade.

Estes últimos meses o debate en canto ao presente e ao futuro do porto exterior e da fachada portuaria interior da cidade regresou a un primeiro plano, con permanentes desencontros entre o Goberno municipal da Coruña e o Ministerio de Fomento a través de Puertos del Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña, e mesmo, señora conselleira, coa utilización, por parte do presidente da Xunta, de atribucións de competencia non autonómica sobre usos dos solos do porto, deixando en terreo de ninguén o proxecto para a cidade.

Conscientes diso e tamén da importancia secular do porto na cidade da Coruña, tanto desde o punto de vista económico como social, os socialistas facemos un chamamento a todas as institucións —Concello, Porto, Xunta, Fomento e Adif— e aos seus responsables políticos, por suposto, a entenderse e a acadar acordos nun momento crucial para a cidade, para o porto exterior, e a desenvolver os pasos necesarios para a posta en marcha dun consorcio público, dun instrumento de colaboración interinstitucional, que lidere os traballos necesarios para unha correcta desafectación dos terreos e a súa necesaria ordenación. Os desencontros actuais entre as administracións non só non contribúen a mellorar, precisamente, o posicionamento económico da cidade e do porto, senón que contribúen a un debate malintencionado e interesado que trata de desacreditar unha infraestrutura necesaria, moderna e chamada a ser o motor económico do norte de Galicia, ao tempo que demora, precisamente, a necesaria transformación da fachada marítima interior da cidade.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista, consciente unha vez máis da importancia do sistema portuario para A Coruña e para toda Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...formula a seguinte pregunta, señor presidente:

**O señor PRESIDENTE:** Xa a coñecemos...

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...¿que previsións ten o Goberno galego para impulsar...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas. Xa se coñece. Moitas grazas.

Está coñecida. Grazas. *(Aplausos.)*

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Díaz, as previsións que este goberno ten para a transformación portuaria da Coruña creo que están claras de forma meridiana. Queremos unha solución, unha solución que non

pase pola confrontación nin polo caciquismo político, unha solución que debe pasar por facer máis A Coruña e por facelo desde onde sempre partiu o crecemento da cidade, desde o porto.

Nesta solución, baseada no realismo, téñense que ter en conta dous obxectivos: un, que A Coruña teña un patrimonio público no porto interior, porque esa é a clave do futuro da estrutura da cidade; pero tamén esta solución ten que darse sen que isto leve a unha situación de dificultade económica e financeira para o porto, porque ese é o futuro da estrutura portuaria.

Polo tanto, os peiraos de Calvo Sotelo e Batería seguirán formando parte do patrimonio público de todos os coruñeses, para dedicalos a facer máis cidade. Do mesmo xeito, tamén hai acordo para que os terreos que actualmente ocupa La Solana non se vendan, sigan sendo de titularidade pública, e se manteña deste xeito o seu status actual.

Polo tanto, tal e como sinalou o propio presidente da Xunta, estes tres terreos atópanse xa no mesmo rumbo, o de servir os coruñeses e o de que se sigan avaliando as posibilidades de utilidade do peirao de San Diego, cuxa concesión caduca dentro de varios anos.

Temos acordo e sobre el hai un firme compromiso da Xunta de Galicia e de Puertos del Estado, e este é claro: o futuro dos terreos do porto interior servirán para facer máis cidade, para facer da Coruña unha cidade máis habitable e ao tempo garantir a sostibilidade da Autoridade Portuaria no seu cometido de manter a competitividade da panca de movemento da economía coruñesa.

Polo tanto, nas próximas semanas concretarase ese contido e alcance do acordo e de aí iniciaremos unha nova fase onde o importante non é crear consorcios nin outras figuras administrativas, e moito menos discutir politicamente sobre ese aspecto. Xestiónese mediante un consorcio ou mediante calquera outra figura, a Xunta xa ten amosado a súa disposición a estar formando parte del. O importante foi chegar a este acordo e levalo á práctica para que se plasme esa solución global a este tema tan importante para A Coruña, cunha soa premisa básica, que poña por diante os veciños da Coruña. E os veciños son os primeiros desde o punto e hora no que se asegure o progresivo traslado da parte interior da actividade do porto cara ao porto exterior e desde que dese traslado se tire un dobre beneficio: promover máis movemento e actividade económica a través de Punta Langosteira e xerar máis aproveitamento social duns espazos importantes do porto interior no centro da Coruña.

Polo tanto, temos a previsión de levar adiante o acordo e de facelo en beneficio dos coruñeses e das coruñesas. Creo que eles ben merecen que todos nos unamos neste obxectivo, porque aquí o fondo é moito máis importante que a forma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Réplica, señor Díaz Villoslada.



**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Señora Quintana, acordos unilaterais entre a Xunta de Galicia e Puertos del Estado, porque non sei onde está Adif, non sei onde está o Concello da Coruña precisamente, non sei onde está tampouco o Concello de Arteixo.

Os principios de lealdade institucional, señora conselleira, e de cooperación interadministrativa, a exixencia da cidadanía da Coruña de mellora da calidade e do seu medio urbano, unha correcta lectura da interrelación porto-cidade e a necesidade de impulsar unha nova etapa económica medioambiental obrigan a todos os actores políticos e públicos —co máximo respecto do Concello da cidade, por certo, señora conselleira— a poñerse de acordo na transformación da súa fachada portuaria. As sucesivas actuacións do presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, señor Losada, nomeado por proposta do Goberno galego, en absoluto parecen obedecer a estas premisas. Lembremos o intento de subasta ao mellor postor da Solana e do Finisterre, que tiveron que parar precisamente incluso por propios acordos no pleno municipal, apoiados polo propio Partido Popular; non lles quedaba outra. Por certo, as principais conclusións do informe de fiscalización do Tribunal de Contas en maio deste ano sobre a execución do porto exterior en Punta Langosteira tampouco deixan en moi boa situación as actuacións da Presidencia da Autoridade Portuaria da Coruña.

Señora Quintana, sabe perfectamente que a Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante, o texto refundido do 2011, dispoñen a necesaria coordinación interadministrativa, a posibilidade de cesión gratuíta ás administracións públicas do terreos desafectados do dominio público portuario e a posibilidade de participación, precisamente, das autoridades portuarias en consorcios públicos.

¿Por que grandes cidades como Barcelona, como Bilbao, Valencia, Ámsterdam ou Génova apostaron e apostan por fórmulas de colaboración interinstitucional para a reformulación e a integración urbana dos grandes espazos portuarios desafectados e na Coruña temos que asistir ás reunións cuasisecretas entre o presidente da Xunta e Portos do Estado de costas ao Concello, de costas á cidade, para tomar acordos unilaterais? ¿Por que, señora conselleira? Déanos unha resposta, por favor. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Díaz, mire, a min a verdade é que ás veces me custa entendelos. Ou sexa, por unha parte, hai petición do Concello da Coruña e petición deste propio Parlamento de que interveña o señor presidente da Xunta de Galicia para resolver o conflito existente no contorno do porto da Coruña, e, cando o presidente da Xunta intervén, criticase porque intervén.

A verdade é que nós imos seguir traballando na mesma liña na que o viñamos facendo, e non creo que debamos entrar en confrontación política. Eu creo que tanto vostedes coma

nós como o propio alcalde da Coruña o que temos é que traballar por facer máis competitivo o porto da Coruña, e nesa liña estamos algúns traballando, e por facer unha mellor integración posible entre o porto e a cidadanía.

Mire, vostede fala dunha fórmula de consorcio. Eu digo que non rexeito ningunha fórmula; dáme igual a de consorcio que a de non consorcio. O único que digo é que xa temos exemplos. Vostede citou algúns, Bilbao e Valencia. Foron á fórmula do consorcio e ao final resultaron quebrados e tiveron que buscar outras fórmulas para sacar adiante eses portos. Entón, se unha fórmula xa non funcionou nalgúns portos, non busquemos cometer os mesmos erros.

Vostede pon en dúbida a actividade da Autoridade Portuaria. Pois mire, o ano onde maior facturación se fixo no porto da Coruña foi o ano 2005, con 14,6 millóns de toneladas movidos naquel ano. Ben, pois estamos no ano 2017 case chegando a esas mesmas cifras que había no ano 2005. O porto exterior da Coruña, Punta Langosteira, está xa xerando unha grande actividade. Temos xa máis de 35 millóns de investimento feito polas empresas que están desenvolvendo os seus proxectos en Punta Langosteira, e o que estamos é conseguindo trasladar todas esas actuacións que ata o de agora se facían no porto interior da Coruña a Punta Langosteira, facendo así a posibilidade de que os coruñeses poidan desfrutar tamén da súa integración coa actividade portuaria. Pero mire, o que non pode ser posible é que se pida unha cousa e a súa contraria, e vostedes queren que a Autoridade Portuaria sexa rendible e nós tamén, así vén recollido no seu plan de empresa.

Eu non creo que se faga máis porto da Coruña subíndolle o IBI ao porto da Coruña; unha subida do IBI —que se fixo no último ano— de máis dun 113 %; a Autoridade Portuaria pasou de pagar 200.000 euros de IBI a pagar máis de 540.000 euros de impostos. Iso non é facer máis porto, non é facer máis Coruña.

Así, señor Díaz, eu creo que non imos estar equivocados se dicimos que dende a Xunta de Galicia, dende a Autoridade Portuaria e dende este Parlamento imos seguir loitando por que o porto da Coruña sexa un porto que xere riqueza, que xere valor e que tamén permita desenvolver a cidade que os coruñeses queren.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante da situación da falla de auga que está a vivir a área metropolitana de Vigo**

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, vou comezar lendo un titular da prensa de hoxe.

«A Xunta reduce o caudal ecolóxico do Oitavén 47 días despois de solicitalo Vigo. Faino pola gravidade extrema da seca» —que todos sabemos que empezou onte— «e porque ve en risco o abastecemento pola incapacidade de Vigo para potabilizar a auga». Por suposto, tiña que ser responsabilidade do alcalde de Vigo a propia seca, a potabilización da auga e parte do conflito árabe israelí.

Mire, na Lei de augas de Galicia, Lei 9/2010 —creo que gobernaba o señor Feijóo—, dise que corresponde á Comunidade Autónoma as medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir a subministración de auga. E no artigo 5.3, no ámbito das obras hidráulicas, dise que corresponde a Augas de Galicia a planificación, a programación, o proxecto, a construción e a explotación das obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma.

Estamos falando da subministración de auga non só ao concello de Vigo, 300.000 habitantes, senón a área metropolitana de Vigo, 450.000 habitantes, sete concellos, gobernados polo Partido Socialista algúns, polo Bloque Nacionalista Galego outros e polo Partido Popular outros, e parece que a Xunta de Galicia, efectivamente, o tomou cunha certa relaxación, imaxino que pedindo informes que acreditaran a existencia da seca en Galicia. Solicitou o Goberno municipal de Vigo a redución do caudal ecolóxico de case 600 litros por segundo a 150 litros por segundo, precisamente a causa desa seca.

Vostede, a súa consellería, manifestou reparos en reducir ese caudal ecolóxico, cando no ano 2011, cunha situación hidrolóxica moito máis positiva, moito mellor, ou sexa, con moitas menores dificultades de subministración de auga, non houbo absolutamente ningún problema para reduci-lo. Polo tanto, esta é a primeira cuestión que a nós nos gustaría coñecer; é dicir, por que no 2011 se reduciu sen ningún problema e fan falta 47 días no ano 2017, cando a situación de seca é moito maior, co paradoxo, ademais, de que este caudal ecolóxico da presa de Eiras foi incrementado no mes de outubro deste ano, tendo en conta que a seca era un lonxano fenómeno no horizonte climatolóxico de Galicia. Todos o sabemos.

E, por outra parte, tamén nos gustaría saber por que a Xunta de Galicia tardou exactamente eses case dous meses en asumir a construción dun transvase dende o río Verdugo ao río Oitavén para reforzar a subministración —volvo repetir— non só do concello de Vigo, señora conselleira... Eu sei que vostede e o Partido Popular falan constantemente do concello de Vigo, pero un de cada tres cidadáns afectados por todas estas obras hidráulicas non pertencen ao concello de Vigo, pertencen a esa área metropolitana de Vigo, que vostedes dinamitaron porque non a gobernaban.

Polo tanto, a pregunta: despois dun mes de alerta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...de seca, ¿que pensa facer, señora conselleira? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Señor Losada, tentarei, nestes tres minutos, dar resposta non só da información do cumprimento da lexislación vixente, senón tamén de todo o que fixemos.

Sabe vostede, ou debería saber, que dende o ano 2013 este goberno foi o que aprobou un plan da seca. Eu creo que é o mellor xeito de demostrar que este é un goberno serio, que este é un goberno responsable e que cando ninguén podería imaxinar, se cabe, que poderíamos ter unha situación como a que estamos a vivir a día de hoxe, o Goberno xa ten unha folla de ruta onde queda claramente o protocolo de actuación.

Máis alá dese goberno serio e responsable que fai un plan da seca con ese protocolo, o que tamén había era unha instrución dende o ano 2001 que ten unha obriga, e é que todos os concellos de máis de 20.000 habitantes —obviamente, Vigo é un deles— deberían ter xa aprobado un plan de emerxencia da seca visado por Augas de Galicia, un plan específico de emerxencia da seca, cousa que, evidentemente, Vigo non fixo.

Grazas á responsabilidade e ao rigor da Xunta de Galicia, sabemos, como dicía, o que hai que facer, e tamén o xeito que temos de coordinarnos con todos os concellos. Coñecemos a situación na que está a vivir Galicia dende setembro do ano 2016; en concreto á zona sur de Vigo comunicóuselle a situación da prealerta, e fixémoslo como o debemos facer, primeiro de todo por escrito. Polo tanto, xa en setembro do ano 2016 nos puxemos en contacto con Vigo para informalo da prealerta. Pero non só en setembro, senón que en maio lle mandamos ao Concello de Vigo e a todos os concellos que estaban en prealerta unha carta —que a de Vigo en concerto é esta— (*A señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Mato Otero, amosa a carta.*) onde lle indicamos as recomendacións de todas as medidas que tería que tomar para reducir —que é o máis importante— o aforro de consumo de auga, e mesmo tamén para sensibilizar a cidadanía, cousa que tería que ter feito ou con bandos ou, evidentemente, remitindo cartas ás empresas e á sociedade no seu conxunto.

Non contento con isto, efectivamente, en outubro declárase a alerta porque as circunstancias meteorolóxicas foron así de difíciles, e volvemos mandar outra carta con outra serie de recomendacións ao Concello de Vigo (*A señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Mato Otero, amosa outra carta.*) para que mande bandos ou mande cartas ás empresas e á cidadanía. ¿E que fixo o Concello de Vigo, señor Losada? ¿Cre vostede que esta portada (*A señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Mato Otero, amosa a portada.*) é propia dun alcalde preocupado pola seca, que é do 24 de agosto, e onde vai unha noticia que di: «Colas no macrotobogán de Navia», precisamente para converter Vigo nun centro de parque acuático? ¿Cre vostede que un alcalde preocupado pola seca dende hai tanto tempo faría de Vigo un parque acuático? ¿E cre vostede que un alcalde preocupado pola seca, mesmo cando se declara a alerta —que non a prealerta—, cando lle enviamos a terceira carta ao alcalde de Vigo diría que non habería restricións de auga no Concello de Vigo? ¿Ou cre vostede que un alcalde serio e preocupado pola alerta... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...a min mesma me mentiría?

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno despois, señora conselleira.

Grazas.

Réplica, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Señora conselleira, ¡que boa candidata á alcaldía de Vigo perde o Partido Popular! ¡É unha pena que a presenten na Coruña! *(Aplausos.)*

Mire, o tobogán da rúa de Colón sabe perfectamente vostede, e os deputados e deputadas de Vigo que a acompañan, que era en circuíto pechado de auga, e, se non o sabe... *(Murmurios.)* Si, si, se saben o que é un circuíto pechado, señor Tellado. *(Risos.)* ¿É capaz? Ben. *(Murmurios.)* *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio!

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Mire, señora conselleira, nunha situación de seca, está moi ben...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Se non, claro, é que hai que lle dar máis tempo.

Silencio, non interrompan, por favor, a ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Prosiga.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Por favor, señor Vega!

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Bueno, ese é o apoio intelectual ao tema. *(Risos.)*

Plan auga 2010-2025, documento de síntese. Insisto, Plan auga 2010-2025, documento de síntese. *(O señor Losada Álvarez amosa un documento.)* Aquí aparece xa a obriga de actuar sobre a subministración, de reforzar a subministración hidráulica de Vigo. Febreiro de 2013, actualización do Plan de abastecemento de Galicia. Aquí volve aparecer o que debería de ter feito vostede e non fixo, señora conselleira. Plan da seca, que, efectivamente, o lin —por isto de saber ler—. Demarcación Galicia-Costa, efectivamente, páxinas 137 e 138 —por se o ten que buscar agora, sobre a marcha—, onde pon o que ten que facer o Goberno da Xunta de Galicia en relación con Vigo. Nada diso se ten feito, señora conselleira; ¡nada diso se ten feito! Iso si, teñen iniciado unha estratexia de cambio climático nos pa-

peis, en notas de prensa do 16 de xuño, porque estamos falando de cambio climático, señora conselleira...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...no 16 de xuño, no 23 de xuño... (*Murmurios.*) Agradézolle moito que me chame don Abel, señor Tellado, de verdade... ¡Ah, referíase ao alcalde de Vigo!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Iso si, algunha outra comunidade autónoma como o País Vasco leva dous anos sobre nós de vantaxe.

E mire, señora conselleira, ¿sabe o que ten que facer?: facer política da auga para os galegos e non facer política coa auga para o Partido Popular. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas.

Vaime perdoar, señor Losada, pero vaia papelón que lle tocou a vostede xogar agora con esta pregunta. (*Aplausos.*) ¡Vaia papelón! E pódolle dicir por que.

Mire, foi cincuenta días despois. O problema é que xa non son as palabras que poida dicir o seu alcalde, ou mesmo calquera outra persoa, o problema son os escritos. Cincuenta días despois de terse declarado a alerta, que non a prealerta, o señor alcalde de Vigo, pese a dicir aos medios que as industrias eran intocables, manda un escrito para solicitar das industrias que fagan un aforro de auga; ¡cincuenta días despois de declararse a alerta!

Vostede, que coñece a lexislación —porque, como di vostede moi ben, le—, debería coñecer cales son as prioridades nos usos da auga, e por enriba de todo a prioridade no uso da auga é o servizo á cidadanía, é dicir, o consumo humano; seguido da protección do medio ambiente, é dicir, do caudal ecolóxico; seguido da agrogandería; e seguido dos industriais; e, polo tanto, ir en cadea reducindo os usos e afectando os usos.

O caudal ecolóxico non se tocou ata que, efectivamente, o Concello de Vigo e todos os concellos puideron amosar que tomaron medidas. Señor Losada, cincuenta días despois de declararse a alerta o alcalde de Vigo pídelles un esforzo ás industrias. Iso non é traballar con responsabilidade, porque está a xogar coa saúde de todos os veciños. ¿E sabe por que xoga coa saúde de todos os veciños? O primeiro de todo porque hai unha potabilizadora, que é de titularidade do Concello, que xa dende o ano 2010 hai un informe que di que non está preparada para atender en períodos de escaseza de auga e que ten déficits; é dicir, que non funciona axeitadamente. ¿E que fixo o señor alcalde de Vigo e o Concello de Vigo nesa



potabilizadora dende o ano 2010? Nada. ¿Que fixo cos 20 millóns de euros que lle dá Aqualia? Pois supoño que faría beirarrúas, dinosetos... Eu non sei o que faría, pero o que non fixo foi arranxar un problema que a día de hoxe ten Vigo; que non é de cantidade de auga, señor Losada, que aínda hai auga para Vigo e para toda a zona, é de calidade; calidade provocada pola ineficiencia e a falta de xestión do Concello de Vigo coa súa competencia, que é a potabilizadora.

Non é competencia da Xunta de Galicia facer infraestruturas de abastecemento e saneamento. Dino catro leis; catro, non unha, ¡catro!: a de bases de regulación da Administración local do Estado, a de Administración local da Xunta de Galicia, a Lei de augas da Xunta de Galicia e a Lei de augas do Estado. Léaas, que non o enganen. Ese artigo do que falaba vostede da Lei de augas fala de medidas, pero de conceder e de quitar autorizacións, non de infraestruturas; as infraestruturas teñen que ser desenvolvidas polo Concello de Vigo, e o Concello de Vigo, dende o ano 2010, tivo diñeiro suficiente, con eses 20 millóns de euros que lle dá Aqualia, para investir tanto no azud como en calquera outra infraestrutura, mesmo tamén en mellorar a potabilizadora.

O que fixo foi deslealdade. Ata o venres non deu a información que precisaba a Xunta de Galicia para poder tocar o caudal ecolóxico, señor Losada. Iso é o que está vostede a defender. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira. Terminou o tempo.

**Pregunta de D. Gonzalo Trenor López, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación de seca na demarcación hidrográfica Galicia-Costa e coas medidas adoptadas ao respecto en coordinación cos concellos**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Si, titulares de prensa: «O Concello de Vigo mantén os baldeos de calles en plena alerta». Parece que eses baldeos tamén os fixeron vostedes en circuíto pechado, ¿non, señor Losada? Debía explicarnos como os fixeron; debían explicarnos ao resto como fan os baldeos en circuíto pechado... (O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.) (Aplausos.) O señor Losada debe ser moi asiduo a tirarse polos tobogáns. Parece que lle gusta desfrutar dos tobogáns.

Pero mire, eu si que me alegro de que por fin todo o mundo sexa consciente de que Galicia está a vivir unha situación que, cando menos, é pouco frecuente. Os primeiros sinais chegaron en agosto do 2016, nos que os caudais eran inferiores á media histórica. Despois sucedéronse varias estacións con menos precipitacións que as medias dos anos anteriores; un outono, un inverno, unha primavera e un verán secos ou moi secos, entre un 18 % e un 36 % con menor cantidade de chuvia, e a situación deste outono xa si que é coñecida absolutamente por todos.

O Goberno de Galicia parece que foi o único consciente desta situación desde o primeiro momento, e por suposto moito antes que unha oposición, completamente irresponsable, que

só cando os efectos son máis severos e evidentes é consciente do que está a ocorrer. Unha oposición que non só é que non fora consciente, ou que cando se declarara a prealerta fixera caso omiso, senón que cando se adoptaron medidas se adicou a boicotealas, a obstaculizar e a confundir con mensaxes que negaban a realidade.

Miren, cando a Consellería de Medio Ambiente, nunha entrevista, alertou da falta de conciencia sobre a necesidade de aforrar augas, a vostedes fíxolles moitísima graza. Cando se fixo unha campaña de sensibilización, a vostedes tamén lles fixo moitísima graza. Cando se declarou o estado de prealerta, e despois o de alerta, o alcalde da cidade máis poboada fantasmeara dicindo que tiña auga para repartir e facía as festas da auga —en circuío pechado, iso si—. Cando se lles pediu aos concellos que actuasen, unha presidenta da deputación negou calquera competencia dos concellos en materia de abastecemento de augas... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Pero mire, conselleira, fronte a estas mostras de levidade política, de discursos oportunistas e irresponsables, o Goberno galego actuou con previsión e seguindo unha folla de ruta, a do Plan da seca da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. No marco deste plan, fíxose un seguimento continuo e exhaustivo da evolución dos recursos hídricos. Tendo en conta estes datos, en setembro do 2016, Augas de Galicia activou o estado de prealerta e constituíuse tamén a Oficina Técnica da Seca, adoptándose medidas oportunas e procedentes en cada caso. En xaneiro de 2017 ampliouse o estado de prealerta a todos os sistemas de explotacións. O día 2 de outubro activouse o estado de alerta hidrolóxica nos seus sistemas de explotación, e onte estendeuse a toda a demarcación.

E a pesar de que as competencias de abastecemento son das administracións locais, iso non lle impediu que vostede axudara os concellos para adoptar medidas dentro das competencias municipais co obxectivo de reducir os consumos non esenciais de auga. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Rematou o seu tempo.

Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, señor Trenor.

Pois, evidentemente, Galicia está a vivir unha situación, meteoroloxicamente falando, como a que está a vivir España, absolutamente atípica, e, efectivamente, tense convertido nunha preocupación deste goberno dende hai tempo.

Como digo, dende hai tempo, porque o primeiro sinal desa situación meteorolóxica extremadamente distinta á que estabamos a vivir xa a tivemos en agosto do ano 2016, onde a

prealerta se declara na zona sur, en concreto nos sistemas 1 e 2, que é a zona de Vigo, e declárase xa en outono do ano pasado. Despois de cinco estacións —que foi o que temos vivido— cun comportamento absolutamente anómalo no que ten que ver coas choivas e coa seca, e conscientes desta situación, obviamente, activouse ese plan do que falaba na pregunta anterior e que a día de hoxe está en vigor, que é o chamado Plan seca, aprobado no ano 2013 por un goberno, que é este goberno, efectivamente, serio e responsable, e marca esa folla de ruta necesaria para saber quen e como debemos de actuar ante a seca.

Márcanse catro puntos básicos neste plan: o primeiro de todo son os mecanismos de prevención e detección da seca; o segundo fixa as catro fases da gravidade sucesiva; o terceiro, propón as medidas a adoptar; e o cuarto define o protocolo de actuación.

Grazas a esta situación, como dicía antes, activamos a prealerta hai máis de catorce meses, esténdese á conca de Galicia-Costa en xaneiro, en concreto, o 12 de xaneiro, e nese momento dirixímonos a quen ten a competencia, que son os concellos, para que poidan tomar eles medidas.

O primeiro de todo é que, nesas cartas que lles enviamos a todos os concellos dende xaneiro, dicíamos que incrementariamos a vixilancia dos indicadores da seca, facendo un seguimento quincenal; tamén que vixiaríamos intensamente a situación na que se atopan os encoros; que solicitaríamos aos concellos, como así o fixemos ata en tres ocasións, a colaboración de cara a fomentar un consumo responsable; e dirixímonos aos concellos, porque eles son os competentes, posto que a traída e a rede da traída e de abastecemento é competencia deles e eles son os que dan o acceso aos usuarios desa traída. Tamén fixemos campañas de concienciación e, por suposto, axilizamos na medida do posible as autorizacións.

No mes de maio, dado que non se recuperaba esta anormalidade, volvemos contactar con eles e, como dicía, ante o empeoramento, que fixo que o 2 de outubro 6 sistemas dos 19 dos que somos competentes se declararan en alerta, volvemos facer ese chamamento aos concellos. Fixémolo por escrito, e mesmo tamén o fixemos en distintas reunións; reunións que mantivemos cos 51 concellos. Foron máis de dez encontros para explicar a situación que estamos a vivir e por suposto tamén para pedirilles medidas, entre elas identificar, como fixemos co Concello de Vigo, as infraestruturas que poderían precisar e dar resposta nunha situación de emerxencia. Fomos nós os que identificamos dous emprazamentos a maiores... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...e tamén colaboramos no Concello da Coruña na tramitación da súa autorización...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señora conselleira, vostede foi consciente desta grave situación desde o primeiro momento. Tivo como folla de ruta o Plan da seca, que marcou os pasos a

seguir, establecendo os mecanismos para a previsión e detección da seca, propoñendo as medidas a adoptar e definindo protocolos de actuación. Activou a situación de prealerta hai máis de catorce meses, primeiro en dous sistemas e despois no resto. Incrementou vostede a vixilancia dos indicadores da seca, aumentou o control dos encoros, solicitou tamén vostede aos concellos a colaboración no consumo responsable da auga, propoñendo medidas que supuñan unha redución dun 10 % no consumo, realizou tamén campañas de concienciación e axilizou actualizacións de derivacións temporais.

Na contorna de Vigo fixo o que non foi quen de facer o seu alcalde, que foi un estudo de alternativas, e ofreceu apoio técnico e financeiro para as obras que reforzarán o abastecemento dende o río do Burgo. Na área da Coruña, a colaboración estreita con Emalcsa permitirá activar, cando sexa preciso, un bombeo provisional que leve a auga desde As Encrobas ata Cecebre; conexión que quero recordar aquí que foi criticada pola esquerda no seu momento. Non sei o que opinan agora de que A Coruña poida abastecerse grazas, precisamente, ao lago das Encrobas.

Señora conselleira, ¿considera vostede, e tamén o Goberno, que hai que seguir intensificando as medidas adoptadas ata hoxe?

Como consecuencia do cumprimento do Plan da seca aprobado no 2013 e tras a reunión da oficina da seca de onte, ¿vanse tomar novas medidas a curto prazo?

Señora Mato, a súa resposta amosa que a Xunta de Galicia traballa con seriedade e realismo, cousa que cobra máis valor tendo en conta o que fan outros que teñen máis responsabilidade ca vostede no que se refire a abastecemento. No mellor dos casos, estaban ociosos; outras veces facendo festas da auga. Pero tamén fixeron declaracións completamente irresponsables e boicotearon...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...o chamamento da Administración galega...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...ao uso responsable da auga. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Pois, como dicía antes, o Goberno traballa dende o primeiro momento precisamente para atallar esta situación; unha situación que é absolutamente preocupante pola situación meteorolóxica na que nos atopamos.

Teño que incidir en que a medida máis inmediata a día de hoxe é a do aforro. Non hai outra medida mellor por parte de todos os galegos que aforrar, que reducir o consumo de auga na

medida do posible. Non obstante, o Goberno da Xunta de Galicia, en leal colaboración con todos os concellos, está a traballar con cada un deles, especialmente con aqueles que agora están en situación de alerta, precisamente para avanzar nos tres eixos que nós consideramos máis importantes: o primeiro de todos, na necesaria concienciación da cidadanía, que temos que asumir que a auga é un ben finito e que, polo tanto, o seu aforro é prioritario; na coordinación coas administracións que agora teñen a competencia, que son os concellos, e mesmo tamén na coordinación co Goberno central, a través da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para que adquiran unha postura máis proactiva; e mesmo tamén na preparación —que é no que estamos a traballar a día de hoxe— ante unha hipotética situación —non descartable, pero polo de agora non existente— de emerxencia, que, efectivamente, é a que temos que avaliar.

E, para iso, no Consello da Xunta dei parte o pasado xoves do que estamos a facer, que é continuar concretando e traballando nas actuacións que debemos de acometer en caso de emerxencia dende as administracións locais; é dicir, en concretar as actuacións do Plan da seca; en demandar —como hoxe mesmo xa se ten demandado— por escrito a todos os concellos de máis de 20.000 habitantes que cumpran a lei, que fagan ese Plan de emerxencia da seca e que o envíen a quen ten a competencia e a autoridade na Xunta, que é Augas de Galicia; tamén axudaremos os concellos de menos de 20.000 habitantes que, non tendo a obriga, si que precisen coñecer e recoñecer as infraestruturas que poidan necesitar, infraestruturas nas que xa estamos a traballar dende Augas de Galicia para facilitarlles a información aos concellos de menos de 20.000 habitantes; en demandar —e así o farei— por escrito ás confederacións hidrográficas que teñen competencia en Galicia unha postura proactiva para que fagan medidas coma esta; en demandar tamén aos concellos que invistan todo o que poidan na súa rede de abastecemento, en concreto, para eliminar as perdas e as fugas de auga nas súas redes; e, en especial, en demandar a aqueles concellos como as grandes capitais, que son A Coruña e Vigo, que teñen xestores de auga, que eses ingresos que reciben estes xestores de auga polo que pagamos todos os veciños no recibo da auga volvan reverter en infraestruturas de redes de abastecemento e non en beirarrúas.

E, por suposto, tamén continuaremos actualizando o Plan auga, con identificación e priorización das infraestruturas que vaian dar resposta no futuro; é dicir, infraestruturas estratéxicas.

Non podemos esquecer que este é un ben, como dicía antes, finito e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...que, polo tanto, é responsabilidade de todos conservalo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co barrio da Tinería, de Lugo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra dona Olalla Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, conselleira.

Antes de máis, permítanme que saudemos as persoas que nos acompañan hoxe na bancada de convidadas. Hai representantes da Asociación veciñal do barrio da Tinería, de Lugo, e tamén do grupo municipal do BNG nesta cidade. Benvidas e benvidos.

Conselleira, a Xunta de Galiza desenvolveu durante o Goberno bipartito un importante proxecto de rehabilitación e rehabilitación do barrio da Tinería; un espazo situado no corazón do casco histórico da cidade con inmensas potencialidades para o seu desenvolvemento, porque, alén do máis, atópase vertebrado por tres bens declarados Patrimonio da Humanidade: a muralla, o Camiño primitivo e a catedral.

O proxecto, que contaba cun investimento de 31 millóns de euros entre 2005 e 2010, dirixíase a recuperar e rehabilitar o barrio, polo que foi premiado no ano 2008 polas Nacións Unidas no marco do Programa de mellores prácticas e liderado local, no apartado de rehabilitación de cascos históricos.

Pero desde o ano 2009, co Partido Popular xa de novo no Goberno da Xunta de Galiza e coa crise económica como coartada, os investimentos da Xunta ficaron practicamente paralizados. O barrio volveu quedar no abandono e o proxecto da Tinería nalgunha gabeta da Consellería de vivenda.

Hoxe hai aínda 26 edificios pendentes de rehabilitar e 10 en estado de ruína. No último mes, e a través do delegado da Xunta en Lugo, o señor Balseiro —que estivo nesta Cámara até hai ben pouco—, soubemos que a intención da Xunta de Galiza é desfacerse de 11 locais, fundamentalmente baixos; locais que foron recuperados con fondos públicos co obxectivo de contribuir a dinamizar social e economicamente A Tinería.

Diante das críticas veciñais e do propio BNG polas prexudiciais consecuencias que a venda destes locais podería carrexar despois de reunirse a Mesa de traballo arredor do barrio, o Concello de Lugo amosou o seu interese por adquirir as propiedades —11 locais— para garantir que a súa venda non remate por convertelos en meros almacéns. Tomando esas declaracións, desde o BNG impulsamos un acordo no último pleno municipal de Lugo para que



se fíxese efectiva —e, ademais, contou co apoio unánime da Corporación Municipal, tamén co Partido Popular— esa proposta de transferir a propiedade dos locais ao Concello de Lugo.

Desde o BNG temos claro que A Tinería ten que ser un eixo central de dinamización social, económica e cultural da cidade de Lugo e que non pode abandonar a Xunta de Galiza nin o proxecto nin o propio barrio. De maneira que lle preguntamos, conselleira, ¿que van facer desde a Xunta de Galiza co barrio da Tinería, con estes 11 locais e coas demais unidades de actuación que fican pendentes, nas que se atopan, entre outros, importantes xacementos arqueolóxicos, restos romanos e o pazo de dona Urraca, que é un edificio medieval de importante valor histórico e arquitectónico? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señora Rodil.

En primeiro lugar, por suposto que tamén quero saudar os veciños da Tinería.

En calquera caso, señora Rodil, a rehabilitación é unha das liñas de actuación deste goberno galego en materia de vivenda e en política de vivenda, e tamén apostar por conservar e protexer o patrimonio arquitectónico construído das cidades e das nosas vilas. Entre as diferentes liñas de actuación está adquirir e rehabilitar inmobles en cascos históricos para destinalos a vivenda social. E iso mesmo é o que estamos a facer en Lugo, en concreto, no barrio da Tinería.

En calquera caso, señora Rodil, eu creo que vostede é moi xove (*Murmurios.*) —perdón—. As actuacións de rehabilitación na Tinería comezaron no ano 2001, e comezouse a adquirir inmobles. O Bipartito o que fixo foi subir ao carro do que estaba xa en marcha. Polo tanto, no ano 2001 o Bipartito herdou 51 inmobles adquiridos, proxectos xa redactados, con 43 vivendas e 36 vivendas de obras licitadas, coa licenza tramitada e concedida. Polo tanto, non é certo que fora o Bipartito quen impulsara, dende logo, a rehabilitación do barrio da Tinería, foi o Goberno anterior da Xunta quen iniciou o proceso de recuperación.

E, señora Rodil, a día de hoxe son 25 millóns de euros os destinados á rehabilitación do barrio da Tinería. Na actualidade, 36 edificios totalmente rehabilitados, con 87 vivendas e 23 locais.

Neste ano 2017 temos adxudicados a un proceso de licitación 1,2 millóns de euros. En 2018 iniciaremos novas obras de execución de urbanización na actuación UI8, con máis de dous millóns de euros. E seguimos traballando, por suposto, co impulso da rehabilitación de 4 edificios máis, na Tinería 15. Acabamos de adxudicar á Tinería 15 700.000 euros para executar 5 vivendas a un local.

E, polo tanto, o que lle podó dicir é que a Xunta de Galicia é a única administración que o certo é que está a investir na recuperación do barrio da Tinería. O Concello de Lugo nin inviste, dende logo, nin cumpre as súas obrigas. Quere aparentalo ofrecéndose a adquirir certos locais comerciais, pero ao longo destes moitos anos non deu un só paso para potenciar este barrio.

¿Os principais problemas do Concello de Lugo? Pois as licenzas. Tarda máis dun ano en conceder as licenzas. Parécelle broma, pero é moi importante. Para facer as obras, para inicialas, temos que ter licenzas, e iso evidencia a falta de interese.

Pero non é o único atranco. O Concello de Lugo é a única das grandes cidades de Galicia que rexeitou as axudas de áreas de rehabilitación integral, das ARI. Polo tanto, os veciños do casco vello, incluídos os da Tinería, perderon estas axudas de rehabilitación.

Sobre os locais, estamos agardando a que o Concello de Lugo se pronuncie para a proposta que fixo. Démoslle 15 días para que se pronunciara. En calquera caso, é unha mágoa que rexeitaran, dende logo, esas axudas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** ...á rehabilitación. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, grazas, presidente.

Eu son moi nova, conselleira, pero non nacín onte, e sei ler e infórmome. *(Aplausos.)*

E non quero remexer no pasado, pero vostede sabe perfectamente que o Proxecto de rehabilitación e rehabilitación redefiniuse, impulsouse e comezou a desenvolverse cando estaba no Goberno o Bloque Nacionalista Galego.

Pero xa digo que a nós o que nos importa é o que vai acontecer a partir de agora con ese barrio. Vostede dá cifras e cifras, pero o que sabemos é que dos pisos... *(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.)* —señor Castiñeira, aguante un pouco aí na silla—, *(Risos.)* daqueles edificios que están hoxe en mans da Xunta de Galiza, que xa son propiedade da Xunta de Galiza, hai 26 que aínda están pendentes de rehabilitación, e hai 10, como lle dicía, que están en estado de ruína.

Boa parte deses pisos que vostedes xa teñen rehabilitados por volta do 40 %, que se anunciou que se ían outorgar, seguen aínda a día de hoxe baleiros. E as persoas que vivimos e que traballamos en Lugo, que ademais gustamos de pasear polo barrio da Tinería, a pesar da situación social na que se atopa desde hai uns anos de claro e absoluto abandono, o que somos

é absolutamente conscientes de que desde o ano 2009 a Xunta de Galiza non moveu —como dicía anteriormente vostede— nin un papel para seguir afondando e avanzando nese proxecto de rehabilitación e de rehabilitación.

¿Alguén nesta Cámara —e vostede tamén, señora conselleira— se imaxinaría de verdade que houbera unha silveira e un pazo a piques de virse abaixo ao lado da catedral de Santiago de Compostela? ¿Sería admitíbel, asumíbel, por un goberno que houbese un predio no estado no que se atopan os que rodean a muralla de Lugo? Pois iso é o que temos nós ao lado da muralla, que é Patrimonio da Humanidade. Insisto en que para nós esta é unha cuestión central, que ademais ten inmensas potencialidades para ser o motor dinamizador, social, económico e cultural da cidade.

E eu insisto: ¿que vai acontecer...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...con eses 11 locais e coas outras unidades de actuación? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Peche desta pregunta, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Señora Rodil, o deputado que está detrás de min, Martín Fernández Prado, director xeral de Urbanismo e tamén vicepresidente da Xestur, expropiou 40 vivendas na Tinería. Polo tanto, eu volvo insistir. non diga cousas que non son certas. No ano 2001 iniciouse a rehabilitación do barrio da Tinería. Non veña dicir cousas que non son.

Investimos, no barrio da Tinería, 25 millóns de euros, 36 edificios, e continuamos coa recuperación do barrio da Tinería e cos avances. O 24 de novembro acabamos de adxudicar a rehabilitación, como dicía, do número 15 da Tinería. E como movemos os papeis, pois este xoves —pasadomañá— licitaremos a rehabilitación de 3 novos inmobles: Tinería 30, Recanto do Miño 17 e Recanto do Miño 11 e 13. Nesta última agradecería que o Concello de Lugo nos dera a licenza, mais que nada para poder facer as obras cando temos xa adxudicado. Mentres tanto, como movemos os papeis, nós seguimos adiante.

Na zona UI-8 temos tido avances tamén; estamos reformulando o proxecto para construír 11 vivendas. Agardamos licitar estas obras de construción e tamén a urbanización ao longo do ano 2018. Impulsaremos catro edificios tamén neste ano 2018. Entón, estamos a falar de que en total, sumando, as vivendas xa rehabilitadas son 107 no barrio da Tinería e que estarán á disposición dos cidadáns de Lugo.

Seguimos traballando, e o seguinte obxectivo, dende logo, é continuar coa adquisición de novos inmobles no barrio da Tinería. Proximamente sacaremos un concurso para adquirir inmobles no barrio da Tinería, en concreto 500.000 euros para adquirir novos in-

mobles alí para rehabilitar e para poñer á disposición vivendas de promoción pública; novas adquisicións coas que, xunto coa rehabilitación, estamos a falar de 500.000, máis 1,6 para rehabilitar, pois 2 millóns de euros máis que engadiremos á rehabilitación do barrio da Tinería.

¿O Concello de Lugo? Pois o Concello de Lugo a enredar e a poñer atrancos —é o que lle podo dicir, porque é certo— nas licenzas, nos atrasos, non solicita as axudas de rehabilitación... Polo tanto, o que lle podo dicir é que o Concello de Lugo na Tinería hai tres lustros que actuou, e non volvemos saber máis nada. Mínimas infraestruturas urbanísticas... Ben, hai un caso pequeno —creo— na Fonte da Porta Miñá. Anunciaron unha intervención municipal, pero o certo é que, segundo a execución subsidiaria, se pretende que a agora a Xunta lle ceda en balde uns locais da Tinería. O decreto do 2007 é claro, o procedemento ordinario de adxudicación é por poxa pública.

En calquera caso, temos parada a poxa pública por un prazo de quince días para darlle oportunidade ao Concello de Lugo a que se pronuncie, a que aclare se quere comprar, se quere alugar. Polo tanto, agardamos a que nos conteste a este escrito que lle mandamos oficialmente —ten quince días—, e agardamos tamén a resposta por parte do Concello de Lugo en relación cos locais polos que preguntaba vostede.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posta en marcha do programa Reconduce como instrumento de prevención e a abordaxe das situacións das persoas e familias en risco grave de desafiuzamento**

**O señor PRESIDENTE:** Señora Rodríguez Arias, cando queira.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Non sei se recorda aquela promesa das Mareas durante a campaña das eleccións municipais do ano 2015 de que nos cen primeiros días de goberno municipal ían acadar cidades libres de desafiuzamento. Seguramente recorda aquilo, sobre todo porque despois de máis dun ano de goberno cidades como A Coruña, por exemplo, seguen nunha situación similar á anterior á do 2015. Utilizaron, dende o noso punto de vista, os desafiuzamentos durante a campaña electoral cun obxectivo clarísimo: o obxectivo electoral de recadar votos.

E, por outra banda, a Xunta de Galicia o que fixo foi actuar con contundencia co problema dos desafiuzamentos en Galicia e puxo medidas en marcha para axudar as vítimas. Por outra banda, hai concellos que non se suman ao Plan de vivendas baleiras da Xunta, pero tampouco ofrecen alternativas. Ben, si, hai un concello que ofrece unha alternativa, que é que os ve-

ciños vaian de «okupas» a unha vivenda sen pagar un alugueiro ou sen ser propietarios da vivenda.

Hai concellos que non asinan e non entran neste plan de vivenda, como o Concello de Vigo, o Concello de Ferrol ou o Concello da Coruña —debe ser que agora non teñen problemas cos desafiuzamentos—, e hai outros que asinaron o convenio, pero que o deixaron nun caixón, como o alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

Acaba de explicar a conselleira de Infraestruturas ese paquete de doce medidas que a Xunta de Galicia puxo en marcha para axudar as persoas que estaban en situación ou en risco de desafiuzamento: a Lei de vivenda de Galicia, o programa de realoxo, o convenio co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta e a Fegamp, o convenio coa Sareb, o convenio coas entidades financeiras, o bono Aluguer ou o programa de vivendas baleiras.

Pero hoxe nós queremos centrarnos nun programa que xestiona a súa consellería, que é o programa Reconduce, que se puxo en marcha no ano 2013, no que colaboran cinco departamentos, cinco consellerías, e ademais tamén a Fegamp, o Consello Oficial de Traballo Social de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as entidades financeiras.

¿E por que queremos saber hoxe isto? Porque xa van alá catro anos dende a súa posta en marcha e gustaríanos que hoxe fixera vostede unha valoración da efectividade deste programa dende que a Xunta o puxo en marcha.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Señor presidente.

Señora Rodríguez Arias, señorías, a avaliación do programa Reconduce, dende a súa posta en marcha, é para a Consellería de Política Social positivo; positivo por tres cuestións fundamentais que teñen que estar presentes nos diferentes programas sociais do Goberno de Galicia.

En primeiro lugar, porque, de acordo coa súa natureza de programa de servizos sociais comunitarios específicos de ámbito supramunicipal, este programa contribúe, precisamente, a desafogar a elevada carga de traballo que teñen os servizos sociais de titularidade municipal, especialmente algúns servizos de titularidade municipal que teñen atrasos importantes na tramitación dos expedientes da súa competencia, e os casos de desafiuzamento, que viñeron superar as súas capacidades técnicas en diferentes cidades.

En segundo lugar, porque este programa instituíu a Administración autonómica como un interlocutor único recoñecido polas entidades financeiras, e así o Goberno de Galicia asinou convenios de colaboración coas diferentes entidades financeiras precisamente para coñecer

con anticipación os casos, efectivamente, nos que se puidera producir unha execución hipotecaria da vivenda habitual. É necesario actuar con precaución, anticiparnos ao problema, para ser capaces de solucionalo; se non, o único que estaríamos facendo sería estar acompañando nun caso tráxico as familias que están nunha situación de desafiuzamento.

E, en terceiro lugar, o programa Reconduce consegue articular un marco integrado para a coordinación dos servizos. A coordinación é fundamental se queremos falar de programas serios no ámbito social.

Este programa, como saben, permite a información e a orientación a persoas destinatarias dos mesmos, asesoramento xurídico e económico —que inclúe a realización de actuacións de mediación coas entidades financeiras—, unha atención social específica, procurando intervir sobre os factores de vulnerabilidade social, apoio psicolóxico, orientación laboral e apoio na busca dunha vivenda alternativa nos interesantes programas que ten a Xunta de Galicia a través da Consellería de Vivenda, sobre os que acaba de falar a conselleira de Vivenda.

Atendéronse 500 familias e superáronse os 200 expedientes de intermediación, e case todos resultaron moi positivos. Por iso, o Goberno de Galicia non só considera positivo o seu funcionamento, senón que decidiu ampliar o obxecto de intervención a unha nova modalidade coa que nos estamos atopando agora, que é a falta de pagamento da renda...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...de alugueiro, e amplíalo a todas as cidades de Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Cincocentas familias, señor conselleiro. Ben vale a pena traballar para loitar contra os desafiuzamentos na nosa comunidade, o que pasa é que hai tempo que neste Parlamento non se trae ningunha iniciativa por parte da oposición en relación cos desafiuzamentos, algo que nos dá... *(Murmurios.)* Unha interpelación... Estamos falando de que hoxe houbo unha interpelación, pero é que resulta que, por exemplo, o Grupo de En Marea o único que trouxo a este Parlamento foi unha proposición non de lei en comisión en novembro de 2016 e unha moción en decembro de 2016, e non se volveu traer ningunha iniciativa para propoñer absolutamente nada, ningunha medida para loitar contra os desafiuzamentos. *(Un señor deputado: ¡Que barbaridade!) ¿Que pasou en Galicia para que os grupos da oposición estivesen tan preocupados pola situación das vítimas dos desafiuzamentos e simplemente ao sentar na silla do alcalde deixaran de estar preocupados polos veciños que están en risco de desafiuzamento? (Aplausos.) (Murmurios.)* Deixaron de estar preocupados.



E, señor conselleiro, a Xunta de Galicia dende o primeiro momento aí estivo, loitando contra os desafiuzamentos, axudando as vítimas dos desafiuzamentos, non só na anterior lexislatura, senón que tamén nesta lexislatura se segue a avanzar. Porque, dende logo, nós o que non imos utilizar é politicamente o problema dos desafiuzamentos e as súas vítimas. (*Murmurios.*) Pero si hoxe quero denunciar e levantar a voz dicindo que a algúns partidos que hoxe gobernan en grandes cidades parece ser que xa non lles importa; dende logo, a nós si, e seguiremos traballando por eles.

Máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Mire, o Goberno de Galicia, señora deputada, señores deputados, vai seguir traballando para defender os dereitos das persoas máis vulnerables. Creo que este programa Reconduce, coa ampliación que acabamos de facer no mes de setembro, é unha mostra de que queremos servizos sociais públicos e de calidade; públicos, e ademais gustárame destacalo porque as sete oficinas que temos nas sete grandes cidades de Galicia, as únicas oficinas integrais para combater os desafiuzamentos en Galicia, están formadas por empregados públicos, por novos empregados públicos, concretamente, por 16 empregados públicos, licenciados en Dereito, licenciados en Económicas e licenciados en Traballo Social. Creo que isto é tecer, precisamente, unha rede pública, unha rede pública moi especializada. Xa digo, estas sete oficinas son únicas no contexto de España; polo tanto, son moi especializadas e traballan en coordinación, precisamente, cos concellos. A nosa vocación é, precisamente, esa, traballar en coordinación cos concellos, traballar en coordinación coas entidades.

Todas as persoas de Galicia que coñecen unha situación deste tipo teñen estas oficinas deste programa Reconduce á súa disposición, ampliadas, porque as valoramos positivamente, porque sabemos que a realidade dos desafiuzamentos é unha realidade que está fundamentalmente nas áreas metropolitanas. Por iso, temos sete oficinas en todas as cidades de Galicia, nas cabeceiras desas áreas metropolitanas, e por iso ampliamos, igual que o ampliamos ao persoal que traballa nas mesmas, o seu obxecto tamén aos casos de impago de alugueiro.

Polo tanto, creo que garantimos unha boa atención, que garantimos un bo servizo, unha boa intermediación coas entidades e que así é como estamos conseguindo evitar casos de desafiuzamento.

Efectivamente, temos uns datos de risco de exclusión que están enriba da mesa, e o que ten que facer o Goberno de Galicia é dar resposta a todos e cada un dos casos, como estamos dando solución ata este momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Antes de dar por rematada a sesión, quixéralles facer un rogo. E é que eu comprendo que aquí botamos moitas horas, que isto é tedioso e que ás veces se producen interrupcións, e dentro desas interrupcións e intercambios, pode haber algunha palabra, algunha frase, que pode resultar ofensiva para algún deputado. Foi o caso de hoxe á tarde. E eu o que lle pido é —xa falei co deputado— que esa frase sexa retirada, pero tamén me congratulo de que xa se teña producido a oportuna desculpa, porque os estiveron observando.

Polo tanto, co seu permiso, señor Losada, vou retirar esa expresión. Se vostede me dá o permiso, retiro esa expresión. Non vou repetir cal é, pero desde esta Presidencia escoiteina e, polo tanto, xa coa súa autorización, vaise retirar e pido que isto non se volva producir.

Grazas.

Remata aquí a sesión.

*Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		